

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e dous de decembro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Está ausente a deputada dona Elvira Lama Fernández (do Grupo do PSdG-PSOE), que achega un escrito, xa validado pola Secretaría Xeral, onde indica o sentido do seu voto a todos os puntos que se van someter a votación, ao abeiro do establecido no artigo 7 bis do Regulamento Orgánico da Corporación.

O deputado don Juan Anta Rodríguez (Grupo Popular), estivo ausente na votación do punto 7º da orde do día.

O deputado don Antonio Montero Fernández (Grupo Popular), estivo ausente na votación do punto 9º da orde do día.

O deputado don José Ignacio Gómez Pérez (Grupo Socialista), estivo ausente nas votacións dos puntos 9º e 14º da orde do día.

A deputada dona Montserrat Lama Nóvoa (Grupo Popular), ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 15º da orde do día e non regresou.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

O deputado don Gonzalo Pérez Jácome (Democracia Ourense), ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 16º da orde do día e non regresou.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 16 DE NOVEMBRO E Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2017.-

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á extraordinaria do día 16 de novembro e á ordinaria do día 24 de novembro de 2017, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e as actas do 16 de novembro e 22 de novembro de 2017 son aprobadas por unanimidade.

2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá conta do contido do ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: bos días, señor presidente e señores deputados e deputadas. Non me vou esforzar moito en falar porque cando non hai máis...*(o Sr. Fraga Civeira padece unha forte afonía, o que explica o sentido do seu comentario)* Imos manter o mesmo voto que mantivemos na aprobación inicial, vai ser o noso voto favorable á Ordenanza.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestimar integramente a alegación formulada polo Concello de Maside, xa que a recollida ordinaria separada en puntos limpos non constitúe unha contraprestación pola recollida das fraccións de envases lixeiros, papel-cartón e vidro.

2º.- Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora do servizo intermunicipal delegado de recollida de residuos urbanos da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

Exposición de motivos:

I. A Constitución española reconece no seu artigo 45 o dereito de todos os españois a gozar dun medio ambiente adecuado para a persoa e establece o correlativo deber de conservalo. Este mandato desenvólvese hoxe no ámbito estatal, entre outras normas, pola Lei 22/2011, de 28 de xuño de residuos e solos contaminados que traspón a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de novembro de 2008 sobre os residuos e polo Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

II. No ámbito autonómico, a Lei 1/1995 de 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia e a Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia estableceron o sistema normativo que configurou o sistema de defensa, protección, conservación e restauración do medio ambiente e aseguraba a utilización racional de recursos de Galicia co obxectivo de mellorar a calidade de vida da cidadanía, obter un alto nivel de protección do medio ambiente e establecer mecanismos necesarios para garantir que a xestión dos residuos se efectúase sen por en perigo a saúde das persoas nin prexudicar ao medio ambiente. Actualmente a normativa ven recollida na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia que regula a produción e xestión de residuos tanto urbanos como os xerados polas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

actividades industriais e comercial e fomenta a redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización.

III. As entidades locais son competentes para a xestión dos residuos urbanos (artigo 5 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia) debendo prestar por si sos ou asociados os servizos derivados da xestión dos residuos urbanos ou municipais na forma que se estableza nas ordenanzas. A xestión do servizo público de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos urbanos ou municipais poderá ser desenvolvida de forma directa ou indirecta.

Entre as competencias propias das deputacións provinciais está a de asumir a prestación dos servizos de tratamento de residuos en municipios de menos de 5.000 habitantes cando estes non procedan á súa prestación así como a coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial (artigo 36.1.c) da LRBRL).

Neste sentido o Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou na sesión ordinaria do 28 de decembro de 2012 o Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos municipios que se adhiran (BOP 4 de xaneiro de 2013). Neste momento son cincuenta os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia adheridos. Nos ámbitos territoriais dos concellos adheridos é a Deputación Provincial de Ourense a que exerce a totalidade das competencias municipais de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

IV. A presente ordenanza é un regulamento deste servizo (non é unha ordenanza fiscal) na que se regulan os dereitos e obrigas existentes entre os administrados e a administración que presta o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e ten por obxecto o regulamento, no ámbito das competencias municipais delegadas na Deputación Provincial de Ourense, de todas aquelas condutas e actividades dirixidas ao depósito e recollida de residuos municipais, respectando o principio de xerarquía, co obxecto de conseguir o mellor resultado ambiental global,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente. Regula aspectos parciais da materia de residuos, xa que unicamente fai referencia aos residuos sólidos urbanos ou municipais, e non ten un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios.

V. O artigo 33 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, establece que as administracións locais aprobarán unha norma que determine a modalidade de prestación, situación, deberes e dereitos dos usuarios de cada un dos servizos que presten. O mandato normativo xustifica o cumprimento dos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade esixidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para cumprir cos principios de seguridade xurídica e eficiencia os trámites establecidos pola ordenanza baséanse na singularidade da materia e na actividade propia dos entes locais sen que supoñan a esixencia de cargas administrativas innecesarias ou irracionais recollendo nun único instrumento normativo a regulación do servizo.

Tal e como se reflicte na acta da Comisión de seguimento, vixilancia e control do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación do servizo en réxime intermunicipal e de delegación de recollida dos residuos sólidos urbanos do 10 de marzo de 2017, entregóuselles aos concellos adheridos o borrador desta ordenanza para que achegaran aquelas suxestións e achegas adicionais que consideraran oportunas. Non presentando ningunha mantívose a redacción inicial.

As posibles suxestións do resto da cidadanía incorporaranse, de ser o caso, no trámite de información pública tras a aprobación inicial, cumprindo con ambos trámites o principio de transparencia establecido no artigo 133 da Lei 39/2015.

VI. A ordenanza ten cincuenta e dous artigos. Divídese en tres títulos. O primeiro establece as disposicións xerais (artigos 1 ao 7), o segundo recolle as normas aplicables ao servizo de recollida (artigos 8 ao 36) e o terceiro regula a inspección e o réxime sancionador (artigos 37 ao 52). O Título II está dividido, á súa vez, en tres capítulos. O primeiro regula as disposicións xerais (artigos 8 ao 10), o segundo a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

recollida ordinaria (artigos 11 ao 27) e o terceiro a recollida especial (artigos 28 ao 36). O título III dividise en dous capítulos; o primeiro establece normas aplicables á inspección e ao control (artigos 37 e 38) e o segundo, divídese en dúas seccións: a primeira referida ás infraccións (artigos 39 ao 43) e a segunda ás sancións (artigos 44 ao 52). A ordenanza contén unha disposición derogatoria, unha disposición final relativa á entrada en vigor e unha disposición transitoria. Remata con tres anexos, o primeiro sobre o ámbito de aplicación, o segundo sobre a listaxe dos residuos admisibles nos puntos limpos xestionados pola Deputación Provincial de Ourense e o terceiro sobre a listaxe dos residuos para depositar en cada un dos contedores.

VII. Esta ordenanza dítase sobre a base do establecido nos artigos 36.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo reguladora da administración local de Galicia e 32 e 33 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do servizo intermunicipal de recollida de residuos urbanos xestionado pola Deputación Provincial de Ourense por delegación dos concellos da provincia, incluíndo os seguintes aspectos:

a) A ordenación do servizo, definindo o seu réxime xurídico e as prestacións que comprende.

b) Os dereitos e obrigas dos cidadáns en relación co servizo.

c) O réxime sancionador aplicable en materia de residuos urbanos.

O ámbito territorial de aplicación da presente ordenanza comprenderá os termos municipais dos concellos de Ourense que se adhiran a este servizo, en todas ou algunhas das súas modalidades a través dos correspondentes instrumentos de cooperación.

O listado de concellos adheridos e dos instrumentos de cooperación vixentes en cada momento farase público, de xeito permanente e coa información debidamente actualizada, na sede electrónica da Deputación. Igualmente, este listado e as súas actualizacións sucesivas serán obxecto de publicación no BOP de Ourense.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

2. No exercicio das competencias municipais delegadas, a presente ordenanza desenvolve á lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debéndose interpretar e aplicar en todo momento, de acordo coa lexislación vixente.

3. Todas as persoas físicas ou xurídicas que xeren ou depositen residuos nos termos municipais do anexo I, están obrigadas a cumprir co disposto na presente ordenanza así como as disposicións que no seu desenvolvemento dite a Deputación.

Artigo 2. Definicións

1. Para os efectos do disposto na ordenanza entenderase por:

- a) Aceites vexetais usados: os residuos de aceites vexetais propios das actividades de fritir domésticas ou dos bares, restaurantes, hoteis e outros servizos de restauración, así como os aceites de conservas. Non se inclúen aquí outras graxas alimentarias.
- b) Entrega: a deposición dentro dos contedores adecuados ou a cesión a xestor autorizado de calquera residuo urbano por parte do produtor ou posuidor.
- c) Envases lixeiros: todo produto fabricado con materiais diferentes ao vidro e ao papel ou cartón e que se utilice para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar mercadorías, dende materias primas ata artigos acabados, en calquera fase da cadea de fabricación, distribución e consumo. Para os efectos desta ordenanza consideraranse unicamente os envases de venda ou primarios e os envases colectivos ou secundarios, pero non os envases de transporte ou terciarios, por estar fóra do ciclo de xestión integrada.
- d) Biorresiduos: todos os residuos que correspondan a algunha das seguintes dúas categorías:
 - d.1) Residuos de orixe vexetal ou animal, constituídos por residuos alimenticios ou de cociña xerados nos fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venda polo miúdo.
 - d.2) Residuos de xardíns ou similares, que procedan da actividade residencial, sempre que a materia que os compón non estea seca e se atope debidamente triturada.
- e) Recollida: operación consistente no fornecemento de residuos, incluída a clasificación e almacenamento inicial para o seu transporte a unha instalación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

de tratamento.

- f) Recollida ordinaria: aquelas operacións de recollida, separada ou non, que constitúen o servizo básico de prestación obrigatoria para esta Deputación, con carácter xeral. Comprende as prestacións reguladas no capítulo II do título II desta ordenanza.
- g) Recollida especial: aquela recollida separada de determinados residuos, dispoñible para os usuarios nas condicións e cos requisitos previstos no capítulo III do título II desta ordenanza.
- h) Recollida de proximidade. A que se realiza por entrega dos usuarios en contedores dispostos nas rúas e prazas (vía pública), de xeito illado ou constituíndo illas de aporte. Tamén ten esta consideración a recollida porta a porta, alí onde se organice.
- i) Recollida separada (separativa ou selectiva): a recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo de natureza, para facilitar o seu tratamento específico.
- j) Residuos de aparatos eléctricos ou electrónicos: aparatos eléctricos e electrónicos, os seus materiais, compoñentes, consumibles e subconxuntos que os compoñen, a partir do momento nos que pasan a ser residuos exclusivamente cando procedan de fogares ou de establecementos comerciais que non teñan a obriga legal de xestionar por si mesmos estes residuos.
- k) Residuos da construción e demolición de obra menor: calquera residuo que se xere nunha obra de construción ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmovible do sector servizos, de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica, que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións de uso común ou do número de vivendas e locais, e que non precisa de proxecto asinado por profesionais titulados.
- l) Residuos comerciais: os xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.
- m) Residuos domésticos: residuos xerados nos fogares como consecuencia das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

actividades domésticas.

Terán tamén a consideración de residuos domésticos:

i. Os similares aos anteriores xerados en comercios, servizos e industrias, cando non sexan resultado da actividade propia comercial, industrial ou de servizos.

ii. Os que se xeren nos fogares de aparellos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e efectos, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores da construción e reparación domiciliaria.

iii. Os procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

n) Residuos de envases: todo envase ou material de envase do cal se desprenda o seu posuidor ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor.

o) Residuos industriais: os resultantes dos procesos de fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, do 15 de novembro.

p) Residuos municipais (ou urbanos): residuos de competencia municipal, cuxa recollida constitúe o obxecto do servizo regulado na presente ordenanza, integrados polos seguintes:

i. residuos domésticos.

ii. residuos comerciais non perigosos.

q) Residuo perigoso: aquel que presenta unha ou varias das características perigosas enumeradas no anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, así como aquel que poida aprobar o goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou nos convenios internacionais dos que España sexa parte, así como os recipientes e envases que os contiveran.

r) Residuos sanitarios asimilables a domésticos: son os xerados como consecuencia das actividades sanitarias prestados en centros sanitarios, tales como hospitais, clínicas e sanitarios, consulta de profesionais liberais,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

centros socio sanitarios, centros veterinarios, etcétera, que non teñen a cualificación de perigosos e que, de acordo coa normativa, non esixan requisitos especiais de xestión.

- s) Pila: a fonte de enerxía eléctrica obtida por transformación directa de enerxía química e constituída por un ou varios elementos primarios (non recargables).
- t) Voluminosos: aqueles residuos que se xeren nos fogares que presenten características especiais de volume, peso ou tamaño que dificulten a súa recollida a través do sistema de recollida ordinaria de proximidade.

2. Para o resto de definicións estarase ao disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e normativa que a desenvolva.

Artigo 3. Competencias locais.

1. A Deputación Provincial de Ourense exercerá as competencias de ordenación, planificación e xestión do servizo intermunicipal regulado nesta ordenanza, en virtude da delegación conferida a través dos instrumentos de cooperación local vixentes en cada momento.

A identificación destes instrumentos de cooperación e dos concellos adheridos recóllese no anexo I da ordenanza, que será obxecto de actualización nos supostos de modificación ou substitución destes instrumentos.

O exercicio das competencias delegadas suxeitarase en todo momento ao establecido na presente ordenanza e nos instrumentos de cooperación cos concellos vixentes en cada momento.

2. Correspóndelle á Deputación a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias delegadas.

3. No exercicio das súas competencias delegadas, a Deputación poderá:

- a) Aprobar no marco do plan nacional de residuos e dos plans da Comunidade Autónoma de Galicia, os seus propios plans ou programas de xestión de residuos e/ou o seu programa de prevención de residuos.
- b) Recoller os residuos comerciais non perigosos nos termos que se establecen na presente ordenanza.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

c) Recoller os residuos domésticos industriais nos termos que se establecen na presente ordenanza.

Artigo 4. Prestación dos servizos

1. Correspóndelle á Deputación Provincial de Ourense prestar o servizo de recollida de residuos municipais, de acordo co previsto na presente ordenanza e na normativa aplicable e conforme cos sistemas técnicos e organizativos que en cada momento estime máis conveniente para os seus intereses, tendo en conta a eficiencia operativa e económica do servizo e a calidade do servizo prestado aos usuarios.

2. A prestación deste servizo poderase levar a cabo a través das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local.

3. A recollida será intermunicipal, optimizando rutas de recollida e medios materiais e humanos, aproveitando sinerxías e economías de escala e oportunidade, buscando a calidade do servizo para o cidadá, o respecto e coidado do medio ambiente e o menor custo efectivo de servizo. Poderanse establecer unidades de xestión illadas cando a natureza do servizo prestado non sexa homoxénea co resto ou non acade os obxectivos anteriores.

Artigo 5. Obrigacións xerais

Os cidadáns están obrigados a:

a) Reducir o volume dos residuos compactándoos de tal xeito que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e contedores de lixo.

b) Separar os residuos e depositar estes dentro dos contedores de lixo adecuados ou nos puntos de recollida establecidos para o efecto de acordo coa presente ordenanza.

c) Sacar os contedores de lixo á vía pública nos casos en que así se prevexa no plan de xestión de residuos do servizo, para a súa recollida nas horas e lugares que se establezan no dito plan.

d) Cumprir cos horarios de depósito e entrega de residuos.

e) Comunicarlle á Deputación, directamente ou a través do concello ou dos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados na vía ou espazos públicos, tales como vehículos abandonados, mobles, animais mortos, residuos da construción e demolición, etcétera.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Artigo 6. Prohibicións.

Queda prohibido:

- a) Botar ou abandonar residuos na vía pública ou en lugares diferentes aos especificados pola Deputación e/ou o concello.
- b) Depositar residuos en contedores de lixo contravindo o disposto na presente ordenanza.
- c) Depositar en lugares distintos ás papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos residuos de pequeno volume tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cáscaras e desperdicios similares.
- d) Manipular contedores de lixo ou o seu contido así como voltear ou arrancar papeleiras ou outro tipo de contedores e desprazalos fóra das súas situacións.
- e) Utilizar os contedores para fixar carteis de calquera tipo ou finalidade, agás os relativos ao funcionamento do servizo.
- f) Aparcar diante dos contedores, obstaculizando ou impedindo a súa manipulación por parte do persoal do servizo.
- f) Utilizar os contedores para fins distintos aos previstos na presente ordenanza.

Artigo 7. Réxime fiscal

Pola prestación dos servizos provinciais previstos na presente ordenanza, e cando así se estableza, débese aboar a correspondente taxa, prezo público ou contra prestación económica de análoga natureza nos termos regulados nas respectivas ordenanzas fiscais ou ordinarias, segundo proceda.

Título II. Servizo de recollida**Capítulo I. Disposicións xerais****Artigo 8. O servizo de recollida**

O servizo de recollida comprende as seguintes actuacións:

- a) O traslado dos contedores de residuos aos vehículos de recollida e o seu baleirado e devolución aos puntos orixinais nos casos en que esta operación sexa materialmente necesaria para efectuar a recollida. O traslado de contedores nunca deberá supoñer o percorrido dunha distancia superior aos 50 m.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

- b) Traslado dos residuos dos puntos de recollida e o seu baleirado nos vehículos de recollida.
- c) Transporte e descarga dos residuos nas instalacións de xestión adecuadas, xa sexan estas de transferencia e almacenamento temporal, de clasificación ou de tratamento.
- d) Retirada dos restos vertidos a consecuencia das anteriores operacións.
- e) Mantemento, lavado e reposición dos contedores e outros puntos de recollida provincial, con excepción daqueles contedores que sexan de uso exclusivo dos usuarios obrigados á súa utilización.
- f) Mantemento, lavado e reposición de elementos accesorios en puntos de recollida (sinalización, inmovilizadores ...)
- g) Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.

Artigo 9. Clasificación de servizos de recollida.

1. Para os efectos do disposto na presente ordenanza, o servizo de recollida de residuos clasifícase en ordinario e especial.
2. A recollida ordinaria é un servizo de prestación obrigatoria para a Deputación. O servizo de recollida ordinaria será de recepción obrigatoria para os cidadáns que xeren os residuos, agás nos casos de materia orgánica, aceite vexetal usado e roupa usada e zapatos. Nestes casos, os cidadáns deberán xestionar os seus residuos mediante calquera das fórmulas previstas no capítulo II desta ordenanza.
3. A recollida ordinaria comprende as seguintes clases de servizo:
 - 3.1- Recollida ordinaria de proximidade:
 - a) Os residuos domésticos procedentes de fogares particulares, para aquelas fraccións que existan contedores despregados na vía pública ou estea implantada a recollida porta a porta.
 - b) Os residuos domésticos de orixe industrial, comercial e doutros servizos así como os sanitarios asimilables a domésticos, cando a entrega diaria sexa igual ou inferior a 10 kg por abonado equivalente que para esa actividade lle corresponda segundo a ordenanza fiscal. Non obstante, queda excluída do servizo de recollida ordinaria, en todo caso, a recollida de aceites vexetais usados procedentes de hoteis, restaurantes, bares,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

cafeterías e calquera outro servizo de restauración. Esta recollida rexerese polo establecido no artigo 17.3 desta ordenanza.

3.2- Recollida ordinaria en puntos limpos (fixos ou móbiles):

- a) Os procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- b) Os residuos municipais (ou sólidos urbanos) que os cidadáns (abonados do servizo ou non) entreguen no punto limpo, devindicando se é o caso a taxa correspondente.

4. A recollida especial levaraa a cabo a Deputación, soamente cando o usuario así o solicite e, se é o caso, devindicará a correspondente taxa ou prezo público que para tal efecto determinen as ordenanzas fiscais.

5. Poderán ser obxecto de recollida especial, nos termos que establezan os plans de xestión de residuos, os seguintes residuos:

- a) Os residuos domésticos de orixe comercial, industrial e de servizos, así como os sanitarios asimilables a domésticos, cando a entrega diaria supere a cantidade de 10 kg por abonado equivalente que para esa actividade lle corresponda segundo a ordenanza fiscal.
- b) Os residuos comerciais non perigosos.
- c) Animais domésticos mortos.
- d) Residuos voluminosos, como mobles e efectos.
- e) Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.
- f) Vehículos abandonados e vehículos ao final da súa vida útil.
- g) Residuos de podas e outros residuos de xardinería cuxa entrega diaria supere a cantidade de 10 kg. En todo caso deberán estar suficientemente secos e convenientemente triturados.

Artigo 10. Responsabilidade da correcta xestión dos residuos

1. Os produtores e posuidores iniciais dos residuos domésticos e comerciais de competencia municipal son responsables de entregalos para a súa correcta xestión. A súa responsabilidade conclúe cando se produce a entrega nos termos previstos na presente ordenanza e no resto da normativa aplicable.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

2. Os produtores e posuidores de residuos comerciais non perigosos, cuxa recollida non sexa realizada polo servizo de recollida de residuos municipais desta Deputación, son igualmente responsables da súa correcta xestión. Para tal fin deberán:

- a) Manter os residuos nas condicións adecuadas de hixiene e seguridade mentres se encontren no seu poder.
- b) Entregarlles os residuos en condicións adecuadas de separación por fraccións aos xestores de residuos, de acordo co que dispoña a normativa aplicable.
- c) Dispor do documento acreditativo da correcta recollida e xestión de residuos.

3. No caso de incumprimento das súas obrigas de xestión de residuos comerciais non perigosos por parte dos seus produtores ou posuidores, a Deputación poderá proceder a ordenar o cumprimento das ditas obrigas e, de reiterarse este, a súa execución subsidiaria con cargo ao obrigado, conforme co disposto en materia de execución forzosa pola lexislación de procedemento administrativo común.

Capítulo II. Servizo de recollida ordinaria

Artigo 11. Depósito de residuos

1. Os cidadáns están obrigados á separación de residuos domésticos nos domicilios, industrias e comercios en tantas fraccións como recollidas separadas se establecen na presente ordenanza e nas que se poidan establecer a través dos plans de residuos e o seu depósito dentro dos contedores, e nos lugares e horarios establecidos para o efecto.

2. A Deputación levará a cabo a recollida ordinaria das distintas fraccións de residuos municipais a través dunha ou varias das seguintes modalidades:

- a) Porta a porta, entendendo como tal o depósito do residuo en bolsas cerradas a granel ou en cubos ou fardos (no caso de papel cartón) depositados na vía pública nos lugares establecidos por aquela en coordinación co concello correspondente.
- b) Contedores para cada fracción de residuos debidamente identificados.
- c) Puntos limpos.
- d) Outros sistemas que, de ser o caso, se establezan a través dos plans de xestión de residuos.

Artigo 12. Recollida separada.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Os cidadáns deberán segregar para a súa recollida separada as seguintes fraccións de residuos:

- Vidro.
- Envases lixeiros (envases de plástico, de metal ou de cartón para bebidas tipo “brik”).
- Papel e cartón (envases de papel cartón e papel non envase).
- Aceites vexetais usados .
- Roupas e zapatos usados.
- Residuos de medicamentos e os seus envases.
- Pilas.
- Animais mortos.
- Voluminosos: mobles e efectos.
- Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEEs).
- Vehículos abandonados e vehículos ao final da súa vida útil.
- Residuos da construción e demolición procedentes de obras menores.
- Residuos sanitarios asimilables a urbanos.
- Podas e outros residuos de xardinería.
- Fracción húmida (ou orgánica), cando exista recollida separada ou o abonado dispoña de composteiro (cando non, a recollida farase coa fracción resto).
- Fracción resto (conterá o resto de residuos municipais non incluídos nas categorías anteriores).

Artigo 13. Contedores

1. Para o cumprimento da súa obrigaçión de recollida de residuos, a Deputación achegará, en relación coas distintas fraccións de residuos, os contedores, correspondéndolle, de igual xeito, o seu mantemento, lavado e reposición, cando sexa necesario.
2. Naqueles casos que o servizo de recollida de residuos se preste por calquera das formas de xestión indirecta, será responsabilidade do concesionario o seu mantemento, lavado e correcta reposición.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

3. Non obstante o disposto nos apartados 1 e 2 deste artigo, os usuarios disporán dun colector de uso exclusivo, cuxas características serán definidas pola Deputación, nos seguintes casos:

a) Cando os usuarios así o soliciten, trala autorización previa da Deputación. Os ditos contedores colocaranse na vía pública na situación e coa frecuencia definida por aquela en coordinación co concello para á súa retirada polo servizo de recollida.

b) Cando a Deputación, previa a tramitación de expediente contradictorio con audiencia do interesado, determine a obriga para determinados usuarios ou agrupacións de usuarios de adquirir e dispoñer dun colector de uso exclusivo. Esta determinación unicamente poderá adoptarse de xeito motivado en función de criterios de eficiencia ou eficacia do servizo para zonas onde non se instalen colectores de uso colectivo ou para usuarios cuxo volume de produción de residuos resulte excesivo para a capacidade dos colectores de uso colectivo.

En ambos casos corresponderalle ao usuario ou comunidade de veciños o seu mantemento, lavado e reposición.

4. Non obstante o disposto nos apartados anteriores, será obrigatoria a adquisición e utilización de contedores para a recollida separada de papel e cartón e fracción resto naquelas industrias, comercios e servizos cuxa produción semanal en quilogramos supere o valor resultante de multiplicar por 10 o número de abonados equivalentes da actividade, conforme coa ordenanza fiscal.

5. En calquera dos supostos anteriores, a Deputación determinará, en coordinación co concello, a situación dos distintos contedores na vía pública atendendo a criterios de eficiencia, económicos, organizativos, de proximidade e accesibilidade para os usuarios e de saúde e seguridade públicas.

Artigo 14. Recollida de vidro

1. Os residuos de vidro deberán depositarse dentro dos contedores identificados para tal fin.

2. No caso de botellas, botes e outros recipientes, os cidadáns deberán baleirar estes recipientes co obxecto de eliminar os restos de sustancias que puideran quedar, así

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

como separar tapas metálicas, tapóns de plástico ou outros residuos que inicialmente foran parte do envase e depositalos no contedor de envases.

3. O uso de esta recollida separada non é obrigatoria para os abonados domésticos cando non dispoñan dun contedor específico a menos de 350 m.

Artigo 15. Recollida de envases lixeiros

1. Os residuos de envases lixeiros deberán depositarse dentro dos contedores identificados para tal fin.

2. No caso de botellas, botes, latas e outros recipientes que contivesen restos de materia orgánica, como restos alimentarios, os cidadáns deberán baleirar previamente estes envases co obxecto de eliminar os restos destas sustancias.

3. Quedan excluídos desta liña de recollida aqueles envases lixeiros que contivesen pinturas ou produtos químicos (para entregar en punto limpo) así como os de medicamentos.

4. O uso desta recollida separada non é obrigatoria para os abonados domésticos cando non dispoñan dun contedor específico a menos de 350 m.

Artigo 16. Recollida de papel e cartón

1. Os residuos de papel e cartón limpos deberán depositarse, o máis pregados posible, dentro do contedor identificado para tal fin, ou no lugar e hora indicado da vía pública no caso de recollida porta a porta. En particular as caixas de cartón serán cortadas e dobradas de forma adecuada para a súa introdución e disposición nos contedores, ou para a formación dos fardos no caso de recollida porta a porta.

2. Con carácter previo ao seu depósito os cidadáns deberán eliminar destes residuos todo resto metálico, de plástico así como de papel e cartón sucio, debendo depositar estes restos de acordo co disposto na presente ordenanza para a fracción resto.

3. O uso desta recollida separada non é obrigatoria para os abonados domésticos cando non dispoñan dun contedor específico a menos de 350 m.

Artigo 17. Aceites vexetais usados

1. Está prohibido verter aceites usados polos desaugadoiros.

2. Os cidadáns verterán os aceites vexetais usados, sen mesturar con outros líquidos (aceites non vexetais, graxas, deterxentes, acetatos ...) en envases de plástico

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

pechados de ata 2 litros e os depositarán, ben nun contedor identificado para tal fin, ben no punto limpo. Se o contedor identificado para tal fin é dos de vertido directo, o usuario baleirá o envase de plástico no contedor e depositará o envase baleiro no contedor de envases lixeiros ou procederá á súa reutilización.

3. Os titulares de restaurantes, bares, hoteis e outros servizos de restauración disporán de contedores adecuados para o vertido de aceites vexetais usados e entregarllos a xestor autorizado.

Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Deputación, de acordo co previsto no artigo 12.5.C.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, poderá acordar a incorporación obrigatoria destes residuos ao sistema municipal de recollida.

Artigo 18. Roupa e zapatos usados

Os cidadáns depositarán a roupa e zapatos usados en bolsas de plástico pechadas:

- a) No contedor sinalizado para tal fin.
- b) No punto limpo.
- c) Nos locais de entidades ou asociacións sen ánimo de lucro ou nos contedores destas para a súa reutilización.

Artigo 19. Residuos de medicamentos e os seus envases.

Os medicamentos caducados, os medicamentos en desuso, os restos de medicamentos, e os seus envases serán entregados polos cidadáns nos puntos de recollida SIGRE, naquelas farmacias onde os tiveran, ou no seu defecto nos puntos limpos.

Artigo 20. Pilas

As pilas usadas deberán ser depositadas polos cidadáns en:

- a) Os contedores debidamente sinalizados que se poderán localizar na vía pública, nos distribuidores, centros comerciais, etcétera.
- b) Nos puntos limpos.

Artigo 21. Residuos da construción e demolición procedentes de obras menores.

1. Os cidadáns deberán depositar os residuos da construción e demolición procedentes de obras menores segregados por materiais en bolsas resistentes, podendo entregalos para a súa correcta xestión:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

a) A xestor autorizado.

b) No punto limpo.

2. Quedan fóra do ámbito deste servizo a recollida e xestión de RCDs que non teñan a consideración de residuos municipais (ou sólidos urbanos).

Artigo 22. Materia orgánica

1. Os usuarios depositarán os biorresiduos, libre doutros residuos, nos contedores específicos, onde existan, ou nos seus compostoiros. Os residuos de xardíns e similares secos ou sen triturar non teñen a consideración de materia orgánica, conforme co establecido no artigo 2.1.d).2 desta ordenanza.

2. No caso de non existir recollida separada de materia orgánica e de non dispor de compostoiro, este residuo será tratado como fracción resto, non podendo depositarse en ningún outro contedor.

Artigo 23. Fracción resto

1. Os usuarios depositarán a fracción resto en bolsas impermeables e pechadas suficientemente resistentes que impidan os vertidos.

2. A fracción resto depositarase nos contedores identificados para tal fin, de uso colectivo ou de uso exclusivo.

Artigo 24. Excrementos

O posuidor dun animal recollerá as deposicións evacuadas por este na vía pública e os espazos públicos e as depositará nos contedores identificados para tal fin dentro de bolsas impermeables. De non existir, procederá como no disposto no artigo 23.- Fracción resto.

Artigo 25. Recollida nos puntos limpos

1. Os veciños poderán depositar nos puntos limpos todas as categorías de residuos municipais incluídos na listaxe do anexo II desta ordenanza, especialmente se no municipio non se dispón doutro xeito de recollida.

2. A listaxe de residuos admisibles figurará, a efectos informativos, nas instalacións de cada punto limpo.

Artigo 26. Información sobre separación e recollida de residuos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

1. A Deputación fará públicas as condicións de prestación do servizo e, en especial, as relativas aos días e horarios de depósito e recollida das diferentes fraccións de residuos, condicións e puntos de entrega así como calquera outra que estime conveniente para o correcto uso do servizo.
2. O anexo II da presente ordenanza contén unha listaxe dos residuos que deberán depositarse nalgunhas das categorías dos contedores das diferentes recollidas ordinarias separadas.
3. A dita listaxe tamén está dispoñible, na páxina “web” do servizo.

Artigo 27. Sensibilización e educación sobre separación e recollida de residuos

1. A Deputación, preferiblemente en coordinación cos concellos adheridos aos servizos de recollida, promoverá a realización de campañas e xornadas de sensibilización e educación en materia de recollida separada de residuos.
2. Para tal fin poderá, entre outros, asinar convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados tales como universidades, organizacións sen ánimo de lucro que teñan por obxecto a protección ambiental, sistemas colectivos de xestión de residuos e asociacións de produtores.
3. A Deputación, co obxecto de promover a recollida separada de residuos, informará a través da súa páxina “web” do tratamento final de cada fracción de residuos.

Capítulo III. Servizo de recollida especial**Artigo 28. Recollida de residuos comerciais, industriais, de servizos e sanitarios asimilables aos domésticos**

Os titulares de comercios, servizos e industrias, cando xeren unha cantidade de residuos domésticos por riba de 10 kg/día por abonado equivalente que para esa actividade lle corresponda segundo a ordenanza fiscal, deberán:

- a) Entregarllos a xestor autorizado, ou
- b) Solicitar o servizo de recollida especial de residuos municipais.

Artigo 29. Recollida de residuos comerciais non perigosos e de residuos industriais non perigosos

1. Os comercios poderán entregar os residuos comerciais non perigosos a:
 - a) Entregarllos a xestor autorizado, ou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

b) Solicitar o servizo especial de recollida de residuos comerciais non perigosos

2. A Deputación poderá establecer o seu propio sistema de recollida de residuos comerciais non perigosos e/ou de recollida de residuos domésticos xerados nas industrias de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na recollida destes residuos e determinar a incorporación obrigatoria dos produtores dos ditos residuos a este sistema. Neste último suposto, a adopción desa decisión deberá realizarse a través dun plan de xestión de residuos, ou ben mediante un procedemento específico previa a realización dun trámite de información pública por prazo de vinte días hábiles.

Artigo 30. Animais mortos

1. Queda prohibido o abandono de animais mortos en calquera clase de terreos.

2. Os propietarios de animais mortos así como os titulares de clínicas veterinarias entregaranlle os ditos animais a xestor autorizado.

3. Non obstante o disposto no apartado anterior, cando se trate de animais domésticos poderán os seus propietarios, así como os titulares das clínicas, solicitar o servizo especial municipal de recollida, salvo que exista unha normativa específica para a súa eliminación ou que polas súas características, grado de descomposición, tamaño ou outras peculiaridades non sexa posible a súa xestión municipal, en cuxo caso se lle indicará ao interesado a forma de xestionalo.

4. O servizo especial provincial de recollida de animais domésticos mortos prestarase a domicilio, salvo que polas condicións de localización do animal, da distancia ou dos accesos se estableza outro punto pola Deputación.

5. A Deputación poderá establecer unha taxa ou prezo público, segundo proceda, pola prestación do servizo de recollida especial de animais mortos.

Artigo 31. Voluminosos: mobles e efectos

Os cidadáns que desexen desprenderse de mobles, efectos e outros residuos voluminosos cuxa recollida non sexa obxecto de recollida ordinaria nesta ordenanza ou de acordo coa normativa aplicable, deberán:

a) Entregalos nun punto limpo,

b) Utilizar o servizo especial de recollida domiciliaria,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

c) Entregarllos a xestor autorizado.

Artigo 32. Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos

Os cidadáns que desexen desprenderse de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos deberán:

a) Entregarllos ao distribuidor no momento da compra dun novo,

b) Entregalos no punto limpo,

c) Depositálos nos contedores debidamente identificados para tal fin para cada categoría de residuo eléctrico e electrónico,

d) Solicitar o servizo especial de recollida domiciliaria de residuos eléctricos e electrónicos establecido polo concello, mancomunidade ou deputación onde o houbera.

Artigo 33. Vehículos abandonados

1. Queda prohibido o abandono de vehículos, sendo responsabilidade dos seus titulares a súa adecuada xestión de acordo co disposto na normativa aplicable.

2. Presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo municipal, nos seguintes casos:

a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación ou sexan ilegibles.

b) Cando se encontre en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.

c) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fora depositado no depósito municipal trala súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

Nos supostos previstos nas letras b) e c) e en aqueles vehículos que, aínda que teñan signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, requirirase a este para que, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, no prazo de 15 días retire o vehículo, coa advertencia de que, transcorrido o dito prazo, se procederá á súa xestión como vehículo ao final da súa vida útil.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

3. Nos casos previstos no apartado anterior e con independencia das sancións que, se é o caso, se puideran impor, a Deputación entregará o vehículo abandonado nun centro de tratamento para a súa xestión, debendo os propietarios de vehículos abandonados aboar os custos da recollida e, de ser o caso, de xestión conforme co disposto na lexislación sobre execución subsidiaria de actos administrativos.

Artigo 34. Vehículos ao final da súa vida útil.

Os cidadáns que desexen desprenderse dun vehículo ao final da súa vida útil deberán entregarllo a un centro de tratamento, de acordo co establecido na normativa aplicable.

Artigo 35. Podas e outros residuos de xardinería

1. Os cidadáns que desexen desprenderse de podas e residuos de xardinería nunha cantidade superior a 10 kg/día deberán:

- a) Entregarllos a xestor autorizado,
- b) Entregalos nun punto limpo.
- c) Solicitar o servizo municipal especial de recollida.

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, os cidadáns poderán levar a cabo a compostaxe dos mencionados residuos nos seus domicilios particulares, sempre que non lles ocasionen molestias ou olores aos veciños.

--

ANUALIDADES PREVISTAS

COSTES:

<i>ADMINISTRACIÓN</i>	<i>2017</i>	<i>2018</i>	<i>2019</i>	<i>TOTAL</i>
<i>CHMS</i>	<i>14.860,65,€</i>	<i>115.789,35 €</i>	<i>94.350,00 €</i>	<i>225.000,00 €</i>
<i>DIPUTACIÓN OURENSE</i>	<i>0,00 €</i>	<i>112.500,00 €</i>	<i>112.500,00 €</i>	<i>225.000,00 €</i>
<i>AYUNTAMIENTO DE VILAMARÍN</i>	<i>0,00 €</i>	<i>58.000,00 €</i>	<i>58.000,00 €</i>	<i>116.000,00 €</i>
TOTAL	14.860,65 €	286.289,35 €	264.850,00 €	566.000,00 €

2º. Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no Orzamento xeral desta Deputación para o exercicio de 2018 e 2019 a cantidade correspondente para asumir as anualidades do gasto indicadas.

5º.- ASUNCIÓN DE DETERMINADOS SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DOS BLANCOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Bo día a todas e a todos. A situación do concello de Os Blancos é, utilizando o paralelismo coa obra de García Márquez, a *crónica dunha morte anunciada*. Este concello figuraba en todas as relacións que desde hai máis dunha década apuntaban nesa dirección. Xa o rexedor, o popular José Manuel Castro, no ano 2012 pedía a intervención porque, segundo as súas palabras, con pechar o concello non era suficiente. Certamente, pouco se fixo ou pouco fixo para paliar a situación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

herdada. A débeda global do concello ascende a 3,2 millóns de euros, dos cales á Seguridade Social correspóndenlle 1,6, á Axencia Tributaria Estatal Tributaria 42.500, a provedores 1 millón, a Abanca outros 50.000... Os Blancos convértese, con esta petición explícita do goberno local, no primeiro concello de Galiza en ser intervido. Este concello da comarca de Limia, de menos de 800 habitantes, pasará a historia por ser o concello máis moroso do Estado español, segundo acredita o Informe sobre Morosidade 2015, que elabora a Plataforma Multisectorial contra a Morosidade. Pero isto non é novo, se nos remontamos anos atrás, cómpre lembrar que no ano 2008 Fenosa cortoulle a luz ao concello por impago. E isto ¿é por culpa dos veciños e veciñas que pagan relixiosamente os seus impostos? Evidentemente non, mais van ser eles e elas os que paguen os pratos rotos da irresponsable xestión sostida no tempo neste Concello, a través da suba impositiva de determinados tributos, algún deles de ata un 400%. E ¿de quen é a responsabilidade de que hoxe esteamos nesta situación dramática? Todo o que acontece no Concello de Os Blancos non é casual, nin é froito dunha maldición bíblica. Os Blancos é a foto fixa do caciquismo nesta provincia. Esta situación ten responsables con nomes e apelidos; o primeiro, o ex - alcalde, José Antonio Rodríguez Ferreiro, que roubaba 200 mil euros do Concello (esa foi a cantidade que se puido demostrar), que xustificou con facturas falsas. Ese mesmo personaxe que a conta do erario público dicía aquilo de: *cóbrame que pagou eu*. Ese mesmo alcalde que non cobraba por algúns dos servizos que se prestaban. Todo iso contribuíu a aumentar esa bola de débeda que hoxe ten o Concello de Os Blancos. Pero ese alcalde, que saqueaba as arcas públicas e lle facía bustos a José Luís Baltar e lle puña o seu nome a rúas e edificios, obtiña maioría absoluta tras maioría absoluta, hipotecando o futuro do concello. Esas loanzas ao vicerrei da provincia non caeron en saco roto pois, ademais das numerosas achegas que desde esta Deputación se lle concedían ao concello, o ex - alcalde conseguiu *enchufar* a súa parella nesta Deputación. Para este personaxe o ingreso na cadea, logo de roubar diñeiro dos veciños e veciñas, non foi óbice para seguir facendo negocios, contratando, ou subcontratando, a través da súa empresa obras nos concellos veciños de Xinzo e Baltar, entre outros. O segundo gran responsable foi o seu sucesor no cargo, Juan José

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Puga, que coñecendo o que acontecía, e a pesares de ter coñecemento da situación tan delicada do Concello, seguiu incorporando ao *plantel* municipal máis traballadores, aumentando a débeda exponencialmente a costa de pedir préstamos destinados a acometer máis gastos en lugar de amortizar. Un absoluto disparate. Os Blancos conta cunha nómina de persoal desde hai anos que supera o 50% do orzamento. E o terceiro e, seguramente o gran responsable é José Luís Baltar, ex - presidente desta Deputación e do Partido Popular, que sendo plenamente coñecedor de como se estaba a xestionar o concello, puxo por diante os intereses electorais. Daqueles pos, estes lodos. Nós imos votar en contra, porque entendemos que todas estas desfeitas non as poden pagar os veciños e veciñas e que deberían de pedirse responsabilidades pecuniarias a quen, xestionando de xeito irresponsable, deixou na creba ao Concello. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola, bo día a todos. Efectivamente a situación do Concello dos Blancos é ben particular e ben coñecida. Un concello que, sendo tan pequeno como é e tendo tan pouca poboación como ten, foi varias veces noticias nos medios nacionais por diversos feitos. Nós imos a votar a favor porque, á marxe de quen sexa o responsable, á marxe de que ao mellor habería que pedir responsabilidades penais a algúns deles, etc..., a realidade é que agora hai que rescatar a ese concello e entendemos que iso entra plenamente nas competencias propias desta Deputación. Nós criticamos moitas veces que a Deputación asume, ás veces, competencias que non lle son propias (levamos incluso unha moción posterior sobre o tema), pero neste caso concreto pensamos que a Deputación ten que acudir ao rescate sen óbice de que, ao mellor, houbera que pedir outro tipo de responsabilidades. Aínda que é un caso particular o do Concello dos Blancos, é previsible que no futuro, nos próximos anos, algún outro concello ou algúns outros concellos se vexan en situacións particulares – aínda que non sexa polas mesmas causas - porque xa sabemos que o despoboamento galopante que ten a provincia de Ourense fai que en moitísimos casos os impostos que pagan os veciños non dean nin para pagar os servizos burocráticos propios do Concello. O portavoz do Bloque nomeou que se lle cortou a luz ao Concello dos Blancos, pero non é o único.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Ten habido xa, outros anos, concellos desta provincia aos que, nalgún momento, se lles cortou a luz eléctrica e tiveron que traballar cun xerador durante algúns días ou semanas. Entón, pensamos que, no futuro, este tipo de medidas haberá que tomalas ao mellor nalgún outro concello e aí e onde, ao final, terán que darnos a razón cando nalgunha moción dalgún Pleno pasado formulamos a necesidade de redefinir a planta municipal; porque moitas destas situacións van a ser consecuencia, do que estimamos, un dimensionamento xa inútil da planta municipal. Sinxelamente facer esa reflexión, en próximos anos seguramente algún outro concello vai ter que ser rescatado por esta Deputación e haberá, ao final, que expor a posibilidade, a iniciativa que tivemos, de redefinir a planta. Como dixen hai un rato, votaremos a favor polos motivos expostos. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente. A verdade, como xa se dixo aquí, isto víase vir, daqueles pos, estes lodos. A situación de inestabilidade dos Blancos, do Concello dos Blancos, vense arrastrando dende hai xa tempo. Ben é certo que nós, igual que Democracia Ourensana, teríamos que votar a favor porque vimos defendendo a asunción deste tipo de competencias por parte desta Deputación, porque vimos defendendo que o *leitmotiv* e a razón de ser desta institución é, precisamente, cooperar coas entidades municipais. Estamos ante un caso no que un concello demanda desta Deputación que asuma servizos – en concreto tres, como xa se mencionaron - é dicir o alumeadado público, o mantemento das estradas e o abastecemento e saneamento (depuración neste caso) de augas; non é capaz de prestalos e venlle pedindo a esta Deputación que os asuma. Tamén servizos de secretaría e intervención e servizos de asesoramento urbanístico. Por ese motivo, por esa necesaria cooperación da Deputación cos concellos que o necesitan, neste caso Os Blancos, teríamos que votar a favor; pero non o imos facer e ímonos abster porque non é menos certo tamén que esta institución, esta deputación, a través das súas políticas e das súas axudas discrecionais contribuíu moito, moito, a acadar esta situación pola que está pasando o Concello dos Blancos. Non me vou retrotraer ao pasado, entre outras cousas, porque xa o fixo quen me antecedeu no uso da palabra, o compañeiro do BNG que relatou como se chegou ata aquí; pero, dende

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

logo, este tipo de políticas que se fan dende aquí, este reparto discrecional de fondos, ao final ao que nos aboca e ao que nos leva é a estas situacións. Seguramente despois dos Blancos veñan máis concellos que están pasando por estas circunstancias difíciles. É tempo de mudar as políticas que se fan dende esta casa, é tempo de mudar o reparto de fondos que se fai aos concellos. Hai que fuxir do paternalismo, de darlle a xente o que quere e cambialo polo que a xente necesita. Son cousas moi diferentes. As festas hai que pagalas e, neste caso, é unha festa que vamos ter que pagar entre todos; como non, basicamente polos veciños dos Blancos, pero é que tampouco queda outra. Tampouco é xusto que os veciños dos outros concellos corran a pagar o que é responsabilidade de gobernantes dun concello determinado. Falando de responsabilidades, non estaría de máis tamén que se lle pedise ao Consello de Contas, ou mellor dito, que o Consello de Contas entrase a facer unha análise polo miúdo de cal é a situación que deu lugar a isto que estamos votando hoxe aquí. Polo tanto, reitero, faise cada vez máis necesario o que trouxemos aquí no mes de agosto: a necesidade dun Plan único que rache con esta inercias. Polo demais, no Concello dos Blancos nesta situación, neste punto, o que imos é a abstermos polos motivos xa expostos. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Moi bos días a todos os presentes, señores compañeiros, deputadas, deputados presentes aquí no salón de Plenos e a todos aqueles que nos están seguindo vía web. Vou a empezar polas intervencións dos grupos da oposición. Señores do BNG, eu non vou falar da época cuaternaria, estamos no ano 2017, temos os problemas que temos e témolos que solucionar. O que si podo dicir é que a situación do BNG é peor que a do Concello dos Blancos e subsiste grazas á Deputación. Como dicía vostede antes: *crónica dunha morte anunciada*. Señores de Democracia Ourensana, grazas polo seu sentido de responsabilidade e lle vou a explicar, nunhas palabras así máis coloquiais o fondo da historia. O tema é que o Concello dos Blancos acolleuse ao Plan de provedores hai anos e non foi capaz de cumprilo, isto levou consigo que aumentase a débeda á Seguridade Social e a débeda con Hacienda. Os provedores naquel momento cobraron, quedaron outros provedores sen cobrar. Isto leva consigo que, ao ter débeda coa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

Seguridade Social e con Hacienda non poidan acceder a ningunha subvención. Iso leva consigo a que, ao non poder ter ningún ingreso extra – ademais dos gastos xa elevados que teñen no Concello, que agora se van a reducir porque estamos falando que isto non se trata de xerar máis ingresos, senón que de reducir gastos - pois iso leva consigo o que podíamos chamar coloquialmente a *pescadilla que se morde a cola*; non se acollen ás subvencións e esa é a maneira de solucionar o problema; ata que podemos dicir que levamos dous anos traballando e que a única solución de futuro para o Concello dos Blancos, dada a difícil situación económica e financeira pola que atravesamos, pasaba unicamente por esta medida de cooperación extraordinaria da Deputación Provincial de Ourense. Un escenario de gran complexidade, situación dramática - segundo a concelleira do Partido Socialista alí - que, agora, este Goberno Provincial quere canalizar a través das medidas previstas no Plan de axuste que traemos a este Pleno e que contempla traspasar competencias ao ente provincial por un período inicial de dous anos prorrogables. Quero dicir con isto e destacar o dos dous anos porque non se vai a deixar ningunha hipoteca política para que, se alguén no ano 2019 se quere presentar evidentemente nas eleccións poida levar no seu programa de goberno non acollerse ou botar abaixo este programa de cooperación extraordinario. Despois as consecuencias que veñan, serán as que sexan, pero este é un programa de dous anos prorrogables que estimamos cunha duración de dez anos, e incluso se as cousas van ben, podémolo reducir en anos. O Concello dos Blancos non vai perder a súa autonomía e os veciños non van ver alterada a súa vida diaria, en tal caso verana mellorada. Iso tamén o quero dicir porque se escoitou por aí e se dixo en prensa que ían ter que vir a Ourense, que non sei que, que non sei canto, ¡non!, o Concello dos Blancos non vai perder a súa autonomía. Vanse a traspasar os servizos que agora lle relatarei e a vida dos veciños do concello dos Blancos vaise ver mellorada. Falamos de servizos tales como: abastecemento de auga potable, rede de sumidoiro, rede de augas residuais, iluminación pública, acceso a núcleos de poboación, pavimentación de vías públicas incluída a conservación, mantemento e xestión da rede viaria provincial; así como outras medidas de redución do gasto que suporán que a Deputación asuma os postos de secretaría-intervención (o cal nos permitirá tamén ter un control *in situ* sobre

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

o propio Concello) e as funcións de asesoramento técnico en materia de urbanismo. Dende a Deputación e non falamos de hoxe, senón dun labor de dous anos, traballamos intensamente para atopar solucións técnicas que nos permitan sacar a este Concello do seu buraco financeiro. Contempláronse moitas, moitas solucións non porque non había moitas, pero contempláronse aínda unhas cantas e eu creo que se deu coa solución máis adecuada para o propio Concello dos Blancos. Levamos meses, moitos meses, traballando na procura dunha solución tomando a iniciativa dende este grupo provincial porque ningunha outra Administración ía salvar ao Concello – iso tamén o quero destacar - quen vai a axudar, a colaborar, é a Deputación de Ourense co esforzo do propio Concello de Os Blancos. As outras deputacións de Galicia, se hai algún concello en Galicia nesta mesma situación, poderán facer o mesmo que nós. Nós acabámoslle de abrir un camiño. Tamén quero dicir que é a primeira vez na historia da autonomía que se fai isto e, como non, tiña que ser a Deputación Provincial de Ourense. Estudáronse tecnicamente todas e cada unha das situacións: o persoal, a débeda contraída con outras Administracións, a xestión dos servizos públicos municipais...Un traballo coordinado co propio Concello e co coñecemento do goberno autonómico que permitiu deseñar unha serie de medidas que contribúan ao sostemento financeiro do Concello. De feito, esta cesión de competencias agora solicitada, é un paso máis pois dende hai meses xa prestamos e colaboramos co Concello dos Blancos en cuestións ambientais, culturais, sociais e de persoal; traballo que agora quedará referendado co visto e prace desta Corporación ao Plan de axuste e, con posterioridade, coa aprobación definitiva da Xunta de Galicia. O traspaso destes servizos permitirá ao Concello acceder a un crédito do Instituto de Crédito Oficial que lle facilitará emendar a débeda que ten. É de subliñar que esta axuda é posible grazas á xestión levada a cabo por este Goberno Provincial e polo seu presidente nos últimos anos, cunha redución espectacular da débeda (neste momento está en menos do 19% e chegaremos a maio de 2019 co 0% de débeda) e aos maiores remanentes da historia e a decisión política de contribuír e cooperar cos concellos. Esta é a palabra clave: cooperar. Esta é a filosofía de traballo deste grupo de goberno, pero sobre todo a razón da existencia das Deputacións (como se dicía nalgúns grupos da oposición) como

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

concello de concellos. Repito, isto non é un labor de hai días, senón o resultado dun longo proceso de estudo por parte dos técnicos para solucionar a delicada situación do Concello. Un concello polo que ninguén (e quero dicilo agora aquí e que quede claro) ninguén preguntou dende a toma de posesión deste goberno provincial; ou se me descoido, ninguén preguntou nos últimos dez anos. Por iso non é de recibo que agora se chegue mesmo a rexeitar irresponsablemente por parte dalgún representante de grupos políticos esta cooperación, que non é máis que unha dispensa temporal de servizos, permitida pola Lei, e non como mal entenden algúns, unha intervención. Non se pode pensar en política partidista, nós pensamos no futuro do Concello e dos seus veciños. Estamos aquí para construír o novo Concello dos Blancos e botarlle unha man ao grupo de goberno cunha actuación administrativa absolutamente rigorosa e *novedosa* na historia da autonomía galega. Coherencia e responsabilidade, pois en lugar de criticar só cando se acordan, nós asumimos a responsabilidade de gobernar, de acometer e propoñer solucións. Ademais, quero deixar claro que a proposta que vamos a votar aquí agora, xorde a petición do concello dos Blancos e do sentido de responsabilidade do seu grupo de goberno que, a pesar dos posibles custes políticos que poida carrexar esta decisión, pon por riba dos seus propios intereses o interese de todos os veciños. Como lle dicía quero resumir isto, como lles dicía, dicindo que é unha medida de cooperación extraordinaria e que a Deputación, coa situación financeira que atravesamos de moi boa saúde, pode asumila. Sen máis, moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente. En primeiro lugar constatar que, do que dixen na miña primeira intervención, non se me refutou absolutamente nada, co cal implicitamente entendo que o dan vostedes por bo. En lugar diso, saíume o portavoz do Partido Popular cun ataque *ad hominem* que non entendo moi ben, falando da situación do BNG e de se sobrevivimos grazas a Deputación; a verdade é que non o entendín moi ben. Non sei se falaba vostede politicamente, en número de votos, financeiramente... Se era financeiramente, dicirlle que a situación que temos nesta Deputación é a proposta de vostedes. Se é financeiramente, tamén dicirlles que si que hai unha grande diferenza entre como é o financiamento, por exemplo, do BNG que é absolutamente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

transparente e o que poidan ter vostedes, especialistas na financiamentos B, especialistas nese tipos de xestións como as que levaban tramas como as da Gurtel, etc, etc... Entón non sei se era isto ao que se refería vostede. Da súa intervención teño que quitar a conclusión, ademais no día que estamos, que aos veciños e veciñas dos Blancos que lles tocou a lotería. Parece ser, polo que explica vostede é a conclusión á que chegamos. O que me gustaría pedirilles, si, e que mo pasara, se pode ser, é o detalle das axudas recibidas por Os Blancos nos últimos vinte anos. Sería unha información que me gustaría que nos trasladara. Insisto, nós vamos a votar en contra porque non estamos diante dun concello, como se puxo aquí tamén de manifesto que pode haber outros concellos da provincia que poidan estar neste tipo de dificultades, aquí hai un feito diferencial gravísimo que é o que eu xa apuntaba na miña primeira intervención, que este foi un Concello conscientemente saqueado polos seus dirixentes e que dese saqueo e desa xestión negligente veñen estas consecuencias e vén este rescate que ten que abordar a Deputación, efectivamente a proposición do Concello, pero non é unha situación froito da casualidade, nin froito dunha xestión negligente que poidan ter uns ben intencionados alcaldes ou Corporacións. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: sinxelamente desexar que con esta medida rematen no futuro os problemas deste Concello, que como dicía na miña primeira intervención, son dignos de facer unha película coas cousas que pasaron. Empezando por alcaldes que se cambiaron de partido, alcaldes que se asesoraban coa virxe María, veciños que interrompían a entrada dos concelleiros aos Plenos, entorpecendo a entrada na casa do concello, decisións de alcaldía botando unha moeda ao aire a cara ou cruz, etc, etc... Como todos coñecemos as particulares circunstancias (precisamente como dicía o portavoz do BNG) dese Concello, esperamos que estas medidas rematen. Sen deixar de recordar que posiblemente – aínda que non sexa por estas circunstancias tan específicas - outros Concellos tamén no futuro terán que, posiblemente, recorrer á Deputación para axudas semellantes. Nada máis. grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente. Entendemos que non queda outra máis que o que se está facendo. É dicir, non o entendo tanto para salvar á veciñanza, como para salvar ao Concello. E digo isto porque non é certo, ou non entendemos nós que a veciñanza dos Blancos vaia ver mellorada a súa situación; o que temos que darlle é unha saída ao Concello. Digo que non a vai ver mellorada porque esta decisión vaille afectar bastante ao seu *bolsillo*; non tanto a dispensa ou a asunción de servizos que vai facer a Deputación, senón o Plan de axuste que presentou o propio Concello. O Concello pide un préstamo dun millón seiscentos e pico mil euros ao ICO e o ICO, evidentemente, pide garantías de que vai recuperar ese diñeiro vía redución de gastos. Por certo, no Plan que presenta o Concello botamos en falta que o propio capítulo, non sabemos se é que xa non hai ou non, de retribucións aos cargos públicos. Entendemos que se se dá a situación de que non dan xestionado o concello, polo menos non deberían cobrar nada do Concello, porque se a xente non é responsable desta situación, como se dixo, alguén será e serán os seus responsables. A non ser que lle queiramos pedir responsabilidade á xente por vez tras vez, continuar poñendo aos mesmos gobernantes que están saqueando ao Concello; pero entendemos que a responsabilidade, polo menos, a alguén lla hai que pedir. E botamos en falta, nese Plan que presenta o Concello esa redución aí, redución en gastos de persoal, redúcese en prestación de servizos e increméntase, como non, o que se vai recadar polo servizo de abastecemento de auga - é lóxico que se pague o que se gasta - e tamén van a ter o tipo de gravame do IBI máis alto da provincia, non sei se do resto de España porque descoñezo o resto de Concellos, pero dende logo do resto da provincia. Salvarase o Concello, non dubido que non; pero ¿ata cando? Porque con que non mudemos o tipo de políticas que se fan con respecto aos concellos, volveremos a estar dentro duns anos nas mesmas. Seguramente a esta situación non é allea a cantidade de subvencións que se lle repartiron ao Concello dos Blancos sen ton nin son. Seguramente para construír, a maior parte delas, infraestruturas que non son sostibles, ou servizos que non necesita a xente e que non son propios dos concellos e que despois derivan en gasto corrente que hai que pagar. Así non hai maneira de soste unha Administración.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Debemos de fuxir, xa digo, rematemos co reparto clientelar de fondos e rematemos co paternalismo cara a outras Administracións. Se non é así, solucionaremos hoxe o dos Blancos, pero non evitaremos que mañá ou pasado se poida repetir unha situación similar a esta. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Non sei quen falaba aí da lotería, pois ao Concello dos Blancos non lle tocou a lotería, tocou un segundo premio en Xinzo e un quinto en Celanova, por se non o sabían. Cando eu falo de concello eu falo dos veciños tamén, para min é o mesmo; non falo do edificio municipal. Referíame á situación do BNG no Concello dos Blancos que é inexistente. Para rematar quero deixar claro, como dicía antes, que o Concello non vai a perder a súa autonomía e os seus veciños non van a ver alterada a súa vida diaria, incluso teño que dicir que a van ver mellorada. No acordo que mandou o Concello, acepta a proposta que lle puxo a Deputación, incluso fala que tomarán as medidas que sexan necesarias. Ese Plan de axuste foi aprobado polo Ministerio e vaise a cumprir e nós así o imos a garantir. Sen máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º 60](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2), a abstención do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Consello da Xunta de Galicia autorización para que a Deputación de Ourense asuma, ao abeiro do previsto no artigo 84.2 da Lei de administración local de Galicia, a prestación dos seguintes servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal:

- Abastecemento domiciliario de auga potable.
- Saneamento.
- Pavimentación de vías públicas e acceso a núcleos de poboación.
- Iluminación pública.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

A asunción dos servizos terá efecto a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo da súa aprobación polo Consello da Xunta, por un prazo inicial de dous anos. Non obstante, a Deputación de Ourense poderá propoñer a prórroga sucesiva da asunción dos servizos por períodos de dous anos durante o período de vixencia do plan axuste do Concello dos Blancos, no caso de que subsistan as causas que a motivaron e non existan fórmulas alternativas para garantir a prestación dos servizos no marco do plan de axuste.

A Deputación Provincial asumirá, con respecto aos servizos obxecto da asunción, o exercicio de todas as facultades de ordenación e xestión dos ditos servizos, incluíndo as facultades de imposición e ordenación de taxas, no caso de que estas procedan.

Os bens de dominio público afectos aos servizos obxecto de asunción de titularidade do concello quedarán adscritos temporalmente á Deputación Provincial durante o período de asunción, correspondéndolle á Deputación o exercicio dos actos de conservación, mantemento e administración dos ditos bens. O bens reverterán ao concello unha vez rematado o período de asunción de servizos.

A Deputación Provincial subrogarase, por sucesión de empresa, como empregador do persoal laboral municipal adscrito aos servizos obxecto de asunción, nas condicións xerais establecidas no artigo 44 do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores. No momento en que cese a situación de asunción de servizos, estes traballadores serán subrogados polo concello. Para estes efectos, os acordos individuais ou colectivos que poida acadar a Deputación cos traballadores durante o período de asunción que supoñan melloras das condicións laborais destes traballadores esixirán a previa aceptación expresa por parte do concello.

Durante o período de asunción de servizos pola Deputación, o Concello dos Blancos non poderá obter subvencións nominativas da Deputación Provincial, agás nos seguintes casos:

a) Subvencións teñan por obxecto investimentos que permitan a redución dos gastos de prestación dos servizos obxecto de asunción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

b) Subvencións cuxo obxecto sexa ou o establecemento de servizos ou equipamentos comunitarios que xeren empregos directos no municipio, sempre e cando non poñan en risco a sustentabilidade económico – financeira do concello.

2º.- Asumir a prestación do servizo de depuración de augas residuais no municipio de Os Blancos, en réxime de competencia propia ao abeiro do establecido no artigo 36.1.c) da Lei de bases do réxime local.

6º.- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS 4/2017 DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE INCENDIOS

A Sra. interventora expón o contido da proposta da Presidencia.

Por unanimidade, a Corporación acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente. Nós vamos a recordar o que xa, nalgunha ocasión, dixemos ao respecto do Consorcio e deste tipo de modificacións de crédito. Estamos diante da trampa habitual desta Deputación. En primeiro lugar, un concurso para externalizar a xestión do Consorcio, adxudicada a unha empresa cunha oferta intencionadamente baixa: Veicar. E en segundo lugar, por medio de modificacións de créditos dos orzamentos do Consorcio inxéctase diñeiro na xestión do mesmo cando a xestión xa está privatizada e, por tanto, transfírense recursos pública para soste á empresa á que se lle adxudicou a xestión do servizo e que tiña que ser a que o sostivera cos seus propios medios. Señor Presidente, queremos solicitar para que se nos conteste por escrito, xustificación documental das transferencias de recursos públicos realizadas ao Consorcio e os seus destinos desde que se lle adxudicou a súa xestión á empresa Veicar. Nós vamos a votar en contra. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. Nós, polas razóns expostas, cando toca ao Consorcio provincial e habida conta de que estamos en contra da xestión indirecta do mesmo, vamos, neste caso, votar en contra; entendendo que o motivo desta modificación non é máis que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

incorporar a recadación das taxas para un curso de drons e máis para comprar un dron. Pero, así e todo, como a nosa postura é no que respecta ao tema do Consorcio por ese motivo, pola xestión indirecta do mesmo, mantemos o noso voto en contra.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas señor presidente. Dicar que é un procedemento ordinario, tal e como explicou a señora interventora. Nada máis, que isto o que vai facer é, como xa explicamos o outro día no Pleno do Consorcio, a crear a unidade de drons e témola que equipar. É a primeira unidade de drons que se vai a crear na autonomía de Galicia de todos os parques comarcais e isto vai a ver mellorada a atención en emerxencias substancialmente, xa non solo dos propios concellos dentro do Consorcio provincial; senón tamén de toda a provincia porque se lle vai a facilitar a todos os grupos de emerxencia, incluso a todos os concellos, o poder utilizar esta unidade. Sen máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#) 63

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), e voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
136/22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Servizo de prevención e extinción de incendios	16.940,00 €

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
136/62400	Elementos de transporte. Servizo de prevención e extinción de incendios	21.000,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente. 30900	37.940,00 €
--	--------------------

2º.- Con cargo á aplicación orzamentaria 136/22799 **Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Servizo de prevención e extinción de incendios.**

Aplicación Orzamentaria	Finalidade	Importe
136/22799	Formación pilotos drons en situacións de emerxencia	16.940,00 €
Total aplicación orzamentaria 136/22799		16.940,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/624.00 **Elementos de transporte**

Aplicación Orzamentaria	Finalidade	Importe
136/62400	Adquisición dunha aeronave híbrida. Aerohybrix con cámara HD	21.000,00 €
Total aplicación orzamentaria 136/62400		21.000,00 €

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- APROBACIÓN DA QUINTA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GES.

Tras a declaración previa, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: nós imos a votar a favor deste punto porque entendemos que é unha mellora con respecto á procedencia dos fondos e seguramente os Concellos vanse topar con menos problemas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

á hora de xustificar as superficies rozadas. Pero si tamén nos queremos facer eco de que recibimos queixas de alcaldes en territorios que están dentro dos GES, pero que non está a sede do GES no seu concello, con respecto ao plan de traballo de prevención que efectúan os GES. Practicamente o fan, ou temos a queixa, no concello no que teñen a sede e o resto de alcaldes querían que, polo menos, que teñen falado connosco, que eses traballos de prevención abarcaran tamén os seus concellos. Non sei ata que punto, se dentro desa Comisión de seguimento que xa existe, dentro deste convenio ou se a nivel provincial se podería constituír unha comisión ou un grupo de traballo para que esas propostas previas dos plans de prevención se presentasen, e polo menos ter coñecemento delas, ou polo menos que se puxera negro sobre branco, cales son as actividades ou tarefas que se van facer por cada GES. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos acompañan hoxe, ben aquí ou a través da páxina web da Deputación, bo día a todos. No espírito de nadal, que parece que rexe o pleno de hoxe, esperemos rematalo así. Eu vou a ser breve, simplemente, ao fío da intervención do señor Fraga Civeira, quería dicirlle que Comisión de seguimento xa hai unha e grupo de traballo tamén, do que participan as catro deputacións, a Dirección Xeral de Administración Local, a Dirección Xeral de Emerxencias e a FEGAMP, onde estamos todos representados; polo tanto, máis comisións eu creo que non son necesarias. O que hai que facer é estas propostas nos foros onde hai que facelas. Quero dicirlle que isto comentouse algunha vez na Comisión de seguimento, porque eu alí estou representando a esta Deputación e en ningún caso se formulou iso coa problemática que vostede entenderá perfectamente; porque hasta o de agora o 20% dos custes salariais, e parte do mantemento e demais, págano os Concellos onde está a sede dos GES. Entón, eses temas hai que estudalos con detemento e non presentalos para quedar ben co do lado. O que paga algunha vantaxe ten que ter, digo eu ¿non?. No futuro, co cambio de financiamento que pretendemos, teremos que falar ao respecto, pero no momento está así. Co que nos ocupa hoxe na orde do día, é moi claro, como xa se dixo, o que se trata é de modificar a procedencia dos fondos que, ata agora, en boa parte eran fondos FEADER e polo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

tanto tiñamos que facer uns desbroces, eu creo que excesivos, pero ben, o financiamento era así, incluso algúns concellos – e algún creo que está aquí - non tiña nin camiños para poder desbrozar as hectáreas que nos esixían o que, a verdade, era un contrasentido. Polo tanto, conseguíuse, despois de moito pelexar, a través da FEGAMP e desta Comisión de seguimento, que os fondos de Medio Rural se minoren por un lado e se incrementen por outro (minorar fondos FEADER e incrementar fondos propios) e tamén incluír a publicidade - como concepto subvencionable - do FEADER a través de *cartelería* por ser un requisito que esixen estes fondos. Creo que está bastante claro. Moita mellora para os concellos e sobre todo para aqueles onde non podían ou non daban *desbrozado* as hectáreas que se esixían. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: señor Álvarez Dobaño, nós participamos no foro do que formamos parte, que é este. Pero non hai problema ningún, xa que vostede nos representa nesa Comisión de seguimento, en mandatalo a vostede para que nos faga chegar a nós esas propostas que presenten os GES de *desbroces*. Nós sabemos perfectamente que un 20% achégao o Concello dos GES, pero tamén sabemos, porque vostedes xa o teñen comentado aquí, que esa porcentaxe vai cambiar e que está previsto que as Deputacións se fagan cargo dese 20%. Previndo iso e previndo que os concellos que teñen as sedes dos GES van estar beneficiados, non van ter que poñer diñeiro, non sería de máis coñecer con antelación (eu creo que é ben para todos) se non queres montar a Comisión non a montes, pero polo menos nós ter coñecemento e que se nos dea traslado con antelación de cal é o plan de prevención e o plan de actuacións neses GES. Nada máis e nada menos. Mandátámolo a vostede pola nosa parte.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas pola responsabilidade que me atribúe, que eu trasládolle o que pasa alí aos meus compañeiros e ao presidente da Deputación que é a quen corresponde; en todo caso eu o único consello que dou, e permítame que llo diga así, é que cada Concello debe mirar que zona ocupa ou que zona atende ese GES e, a partir de aí, falar entre eles porque pouco ten que ver o GES de Lobios ou Muíños, onde eu pertenzo, con zonas que ao mellor están con certa sombra á hora de poder actuar como pode ser a zona da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Veiga, ou a zona de Maceda, ou algunha máis; e logo a zona do Ribeiro, está o de Avión, está o de Ribadavia. Eu creo que cada concello debe, no ámbito que ocupa ou que ten que atender cada GES, deben falalo e regulalo entre eles porque, a nivel xeral, é imposible que o fagamos dende a Comisión de Seguimento. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#) 67

Non se producen máis intervencións co voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a formalización da quinta addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as catro deputacións galegas, en materia de emerxencias e prevención el defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos GES, nos termos aprobados pola Comisión de Seguimento do convenio en data 4 de decembro de 2017.

2º.- Facultar ao presidente da Deputación Provincial para a formalización e subscripción da dita addenda, podendo, se é o caso, delegar a dita facultade en calquera deputado provincial.

8º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2018.

Tras a declaración previa, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Nós presentamos unha emenda ao Plan provincial de cooperación no debate orzamentario para superar o actual modelo de reparto. En consecuencia disto, e por coherencia coa nosa proposta de Plan único, imos votar en contra. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana: sí, ¿qué tal? Antes, simplemente rescatar unas palabras, como dijo mi compañero Armando Ojea, pues nosotros hemos votado a favor en el tema de los Blancos por un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

ejercicio de responsabilidad porque creemos que la Diputación está precisamente para estos temas, pero no podemos olvidar que todos estos temas los originó la Diputación y, en ese sentido, quiero recordar que en el año 2004 Democracia Orensana, a través de Auria Tv, el segundo capítulo que hizo era una ofrenda floral que le hicimos a un busto de Baltar en Os Blancos y fue la forma de empezar aquel programa. Realmente era una forma, una parodia para realmente demostrar lo que estaba pasando allí. Nos habíamos anticipado, en trece años, a cómo acabó el tema, que el Concello estaba intervenido. Pues trece años antes, Democracia Ourensana ya eligió el Concello dos Blancos donde hicimos allí un programa realmente de parodia para ver cómo se estaba actuando. Y, por favor, el señor Pablo que no diga que eso es el cuaternario porque el señor Baltar es de hace solo cuatro años; es más, su legado está aquí. Entonces, que no me venga hablando como quien: no, eso es otro tema que no tiene nada que ver, eso es de la Guerra Civil; a ver si el tío cree que Baltar es de la Guerra Civil. Baltar sois vosotros, no vengáis con ese rollo. Respecto a este tema del Plan de obras, decir que forma parte de otra farsa del presidente de la Diputación que, realmente, sigue con la telaraña de favoritismos. Es decir, la Ley permite que se puedan conceder las obras a dedo en unas cuantías por debajo de los 60.000 € y entonces lo que se hace es que se coge a unas empresas que son allegadas a este grupo de gobierno y se reparten, de las 300 empresas que hay constructoras en la provincia de Orense, el 75% se lo llevan 5 (esto lo denunció Democracia Orensana hace año y medio). De las 300 que hay, 5 se llevan casi todo el pastel, son los cinco magníficos. Y es gente, obviamente, allegada a este personaje; de hecho uno de ellos es el que se le delega para ver si rescata el Club Orense Baloncesto, el actual presidente, la empresa esa. Es curioso cómo el Club Orense Baloncesto siempre está ligado al señor Baltar, por eso los resultados son los que cuentan. Él lo bajó de la ACB y ahora este lo va a hundir todavía más ¿por qué? Porque toda la gestión que toca este hombre es un desastre. La provincia ya vemos cómo está. Yo antes dije que éramos 320.000 habitantes que si tocaba el gordo repartiría 1€, somos 320.000, repartir 1 por persona; pero dentro de cuatro años ya tendría beneficios porque esto va a bajar de 320.000 habitantes. Decir que esto es una tomadura de pelo y que todo este rollo de transparencia que hace y de legalidad y todo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

eso es mentira porque al final los números son los que cuentan: 5 empresas se llevan el 75% de las obras de la Diputación. Hay un tema muy claro que es aquí donde se ve que hay gato encerrado. Cuando esas empresas compiten en la franja en la que tienen que competir con los demás, que no son a dedo, en ese momento hacen rebajas del 30-40%, cuando tienen que competir con las demás. ¿Eso qué significa? Que no lo están haciendo en las otras que van a dedo, con lo cual ahí estamos perdiendo un 30%, con lo cual eso se traduce en millones de euros de pérdidas. Ahí es donde se les va el pastel. Cuando esas empresas, que no están a dedo, tienen que competir cuando sale a competir entre varios, entonces ahí sí hacen grandes descuentos, pero cuando baja de 60.000 no. Obviamente, si él es tan transparente, lo que tiene que hacer es renunciar *motu proprio* a esa Ley y decir que va a sacar a concurso todas las obras que haya y no a dedo; por eso vamos a votar en contra de esta tomadura de pelo.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: ben, nós sobre este punto, como vimos facendo todos estes anos pasados, vamos manter a nosa mesma postura que é a de abstermos. Con respecto ao tema das bases, cando se aprobaron xa dixemos o que tiñamos que dicir: a redución das cantidades que se lle pasan aos concellos. Tamén falamos no seu momento da necesidade dun Plan único e tamén falamos da necesidade de que os concellos que quixesen adxudicar eles mesmos as obras se lles facilitase todo o posible. Todo isto xa se falou e agora o que se trae aquí é a aprobación inicial do Plan. Se fosen, ben o Plan de Cooperación, obras e servizos municipais e ben tamén o Plan de Vías provinciais, se se trouxesen os dous Plans, por separado, nós ao Plan de Cooperación con obras e servizos municipais, toda vez que son os concellos quen deciden a obra que inclúen, nós votariamos a favor dese Plan. Pero non podemos facelo, porque se inclúe o Plan das Vías provinciais cunha achega da Deputación moi, moi, moi insuficiente, moi por debaixo do que as propias vías provinciais necesitan. Por ese motivo non podemos darlle o noso voto a favor e absterémonos neste punto.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Brevemente, porque o contido do Plan xa o expuxo na lectura do ditame o señor secretario xeral. En todo caso, non vou a entrar nos *chascarrillos* do señor Pérez

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Jácome para o seu medio de comunicación, porque claro, hai os apartados de sempre para logo bombardear durante un mes o que a el lle interesa dicir, trátase do punto do orde do día ou doutra cousa. En todo caso, si, o que nos toca que é a orde do día. O Plan provincial, como non podería ser doutro xeito, aquí se dixo, elaborouse coas bases que aprobamos no seu momento (nunhas de acordo, noutras non) e respectamos plenamente a autonomía dos concellos, os importes son os que son. Dada a xenerosidade do señor presidente, teño que recoñecelo, algún concellos que non presentaron a documentación en prazo (espero que sexa a última vez) outórgaselle un prazo extraordinario de dez días para que poidan presentar a documentación da que se fala nas bases. Como digo, o Plan refírese a obras municipais, a proposta dos concellos –algúns co -financian máis que outros- e os que respectan as bases poden pedir a delegación de competencias para a súa contratación, como fan algúns concellos desta provincia. Logo tamén o réxime especial para os concellos que se dixeron aquí de insuficiencia financeira e así o acreditaron. A rede viaria da Deputación, señor Fraga Civeira, respecta estritamente a proposta do Servizo de Vías e Obras; outra cousa é que dispomos dos fondos de que dispomos. Todo é discutible e todos temos, pois nada, aquel agarimo á nosa zona para que os investimentos vaian para a nosa zona, pero logo a Presidencia e o grupo de goberno temos que escoitalas todas e, sobre todo, partindo da opinión dos técnicos. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: Sí. ¿Plácido, cómo dijiste que era lo que decía yo: chascarrillos? Pone aquí: *cuento breve, anécdota o frase de sentido equívoco y gracioso*. ¡Que sea la última vez que me haces mirar el diccionario! Es una broma. Mira, vamos a ver, lo que es medible no es opinable. Tú dime en qué me equivoqué realmente en ese 75 %, ¿acaso no es cierto que cinco empresas copan el 75% de todas las obras por debajo de 60.000 €? Dime si es mentira, porque lo escrito, escrito está y lo que es medible no es opinable, como ya sabes mucha gente dice: *la frase del señor Jácome*, esa frase no es mía ¡ojalá hubiese sido mía esa frase! Yo te pediría, por favor, que nosotros tenemos todo el derecho del mundo a criticar lo que consideremos, sea para la televisión o no. Nosotros somos seres humanos, también tenemos derecho a hablar aquí, no solo en la televisión. Lo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

que sí te pediría es un poco de humildad, porque ya te lo dije antes, ayer quedasteis en tres en Cataluña, el mínimo histórico; entonces un poquito de humildad porque *ao final como se propague que o PP vaia para abaixo, xa te vexo nas próximas eleccións ocultando o nome do PP e poñendo solo o teu careto: vota Plácido, vota Plácido* y la enseña del PP en pequeñito, en pequeñito.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#) 71

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), a abstención do Grupo Socialista (8) e o voto en contra de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2018 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	4.008.000,00 €	1.693.335,82 €	5.701.335,82 €
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	192.000,00 €		192.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	2.000.000,00 €		2.000.000,00 €
TOTAL	6.200.000,00 €	1.693.335,82 €	7.893.335,82 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	3.530.000,00 €	110.882,40 €	3.640.882,40 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Rede Viaria Deputación	1.180.234,47 €		1.180.234,47 €
------------------------	----------------	--	----------------

2ª.- Darlle un prazo, adicional, de dez días naturais, ós concellos que non presentaron as solicitudes de obras dentro do prazo establecidos a estes efectos, co fin de que poidan achegar a súas solicitudes.

3º.- Someter o Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

9º.- ADAPTACIÓN DO CONTIDO DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO Á PLATAFORMA PEFEL.

Tras a declaración previa, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, a Sra. interventora dá conta da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moitas grazas señor presidente. Moi brevemente, é ben coñecida a nosa postura ao respecto da regra de gasto, do Plan económico *financiero* e aínda que estamos, como acaba de explicar a señora interventora, ante unha cuestión meramente técnica e administrativa, nós vamos a votar en contra. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: no, aquí se demuestra, una vez más, como hacen mal las cosas y, como todo lo que hacen ustedes, son propaganda. Explíquenme ¿por qué las leyes te obligan a tener que hacer esta corrección? Por favor, el del Partido Popular que me explique ¿por qué los obligan a hacer esta corrección?, porque habéis hecho las cosas mal, os han puesto un suspenso por no haber hecho los deberes y eso demuestra que todo lo que hacéis aquí, cuando presumís de que sois los mejores, solo es farsa y es mentira porque los números y las leyes y los dictámenes son los que realmente cantan y lo que sale a la luz.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: si, grazas presidente. Simplemente por aclarar, eu creo que o deixou claro a señora interventora, pero por incidir un pouco máis; trátase, e o señor Rodríguez Suárez díxoo, dun mero formalismo. Simplemente para recordarlle: o 28 de xullo o Pleno desta Corporación aprobou este Plan económico-financeiro co informe da señora interventora e creo que nos quedou claro a todos cales eran as razóns, non as vou a repetir aquí, pero ben, polo que vexo non se entendeu moi ben. E con data 24 de novembro aprobouse a vixencia bianual do Plan económico-financeiro; pero para a aprobación definitiva polo órgano de tutela financeira é preciso a súa remisión na plataforma do Ministerio de Facenda, que se chama PEFEL, con data anterior ao 31 de decembro. Para cumprir con esta esixencia, e é pola a razón que traemos hoxe aquí este asunto, o Pleno debe aprobar o contido polo miúdo coa estrutura prevista en dita plataforma. Formalismo puro. Entón se queren reabrir o debate outra vez sobre o Plan económico-financeiro que xa quedou suficientemente debatido en dous Plenos, non vamos hoxe a repetir máis. Volvo a aclaralo, trátase dun mero formalismo, señor Pérez Jácome, nada máis nin nada menos. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#) 73

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), a abstención do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º- Dotar ao Plan Económico Financeiro por incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2016 do contido previsto na plataforma PEFEL.

2º- Remitirlle á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Xunta de Galicia, o presente plan, segundo o artigo 23.4 da Lei 2/2012, no mesmo día da súa aprobación.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CONSTRUCCIÓN DUNHA VÍA DE CIRCUNVALACIÓN DE ALTA CAPACIDADE EN OURENSE.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: ola, moi boas tardes a todos e todas. Hoxe traemos aquí unha moción que de todos é coñecida porque máis ben todos sufrimos que a cidade non conte cunha vía de circunvalación de alta capacidade. Ourense é a única cidade española de máis de 10.000 habitantes que non ten unha vía de alta capacidade que circunvale o seu núcleo urbano. Se analizamos outros municipios próximos a esta cifra (ben podemos nomear Santiago, Cáceres, entre outras), a terceira cidade de Galicia, que é Ourense, segue a ter a dubidosa honra de ser a única deste tamaño que carece dunha vía de alta capacidade para disuadir vehículos pasantes e axilizar os movementos locais, o que permitiría pacificar o intenso tráfico interior. Esta marxinación ten que terminar canto antes, posto que hai suficientes motivos. Actualmente, a cidade só dispón dun pequeno tramo dun quilómetro na N-525 desdoblado que é insuficiente posto que non conecta os principais puntos da cidade e a súa contorna. Por outra banda, tamén, na autovía das Rías Baixas descorre afastada do núcleo urbano e os escasos accesos non permite que funcione como unha verdadeira vía de circunvalación interna, posto que o seu uso para ir, por exemplo, do barrio norte de Ourense ata ao Complexo Hospitalario supón un rodeo desproporcionado. De feito, o Plan sectorial da rede viaria de Ourense a súa área de influencia da Xunta contempla unha vía, non sabemos moi ben se de alta capacidade, polo leste da cidade conectando os municipios desta contorna; máis non hai consignado orzamento, dende o ano 2013 non se fixo nada. Segundo os datos do Ministerio de Fomento, a A-52 ten unha intensidade media diaria, xunto co acceso centro, de 31.000 vehículos e, tamén, a N-525 na zona do cruce con Marcelo Macías. Son cifras moi elevadas, especialmente as da vella estrada nacional, pois estamos a falar dunha vía dun carril por sentido e cruces ao mesmo nivel que presenta unha elevada intensidade e conxestión. Pero o problema tamén afecta no casco urbano, porque nos atopamos con avenidas como Marcelo Macías ou Habana con similares cifras. O Plan Conecta Ourense da Deputación determina que o principal problema da área urbana é a fragmentación, a falta de vínculos, o que crea problemas de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

comunicación, cohesión e vinculación e para resolvelos determina unha actuación supramunicipal. A elevada circunvalación polas rúas da capital e a falta de cohesión coa súa contorna ten dúas importantes consecuencias: Ourense é a cidade con maior número de atropelos e sendo, tamén, os habitantes de Ourense son os galegos máis preocupados polo tráfico, segundo o IGE. Os novos modelos de cidade, como todos coñecemos, céntranse no peón e afástanse do vehículo; pero, para que Ourense poida acadar estes obxectivos, que están no foco da meirande parte das urbes similares, debe contar cunha vía de alta capacidade que circunvale a cidade, do norte ao suroeste, interconectando cos municipios cercanos que teñen importantes focos de atracción por mobilidade obrigada, como poden ser A Valenzá en Barbadás ou os polígonos industriais como os de San Cibrao, para reducir a intensidade de tráfico que atravesa o núcleo urbano. Consideramos que é necesario sacar o tráfico do centro e dos barrios para mellorar a seguridade peonil, facer máis efectivo o transporte público, peonalizar rúas, mellorar comunicacións con espazos de xeración de moita actividade económica e evitar o paso de tráfico pesado, como por exemplo, polas ribeiras do Miño, unha zona turística. É polo que pedimos, como se ten dito aquí, que a Deputación como concello de concellos se pronuncie a favor dunha infraestrutura tan necesaria para os municipios; non só para o de Ourense, senón tamén para os municipios limítrofes, e é polo que traemos as seguintes propostas de acordo a este Pleno:

1º.- Que a Deputación de Ourense lles inste á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento a planificar, dotar orzadamente e construír sen demora unha vía de circunvalación de alta capacidade na cidade de Ourense.

2º.- Que a Deputación impulse un convenio-acordo marco de colaboración coa Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e os concellos afectados para a construción e seguimento dunha vía de circunvalación de alta capacidade na cidade de Ourense.

3º.- Que a Deputación de Ourense inclúa no seu plan “Conecta Ourense” unha estratexia específica para a construción dunha circunvalación na área urbana que permita resolver os problemas de mobilidade e seguridade.

Moitas grazas, por agora nada máis.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Estamos de acordo con algunhas das cuestións que figuran na parte expositiva da moción, máis o problema que nós observamos neste momento non é outro que o descoñecemento a respecto de cal é o PXOM de Ourense, que é o que necesariamente debería conter estas previsións. Falando do PXOM, sabemos poucas cousas pero algunhas vamos coñecendo. Sabemos por boca do actual concelleiro de urbanismo que se contempla para a súa aprobación provisional e no que respecta ao solo de núcleo rural un aumento do 25%, pasando de 233 hectáreas a 313. Segundo indicou o goberno municipal, no documento tamén se contempla un aumento do 3% no total de espazos libres e equipamentos, incluíndo sistema locais. Por boca do equipo redactor tivemos coñecemento de que se prevén 27 sectores de plan en solo urbanizable, 26 plans especiais de dotación de infraestruturas, 16 plans especiais de reforma interior e 59 polígonos en solo urbano non consolidado. Tamén sabemos que a Consellería de Medio Ambiente emitiu informe positivo que avala a viabilidade no apartado ambiental do PXOM. E tamén, por boca do portavoz de Democracia Ourensana, algo que o BNG xa denunciou no seu momento, que parece ser que se están cocendo varios *pelotazos* urbanísticos, entre eles o das torres de Copasa na zona da Chavasqueira, e o do predio Santamarina que poden provocar indemnizacións multimillonarias a favor da empresa. Agora xa non somos só os do BNG os que pedimos que se faga unha nova exposición pública para xeral coñecemento da veciñanza. Algo avanzamos. Lembremos que o PXOM de 2003 foi tumbado en 2011 polo Supremo e a ordenanza eventual que se aprobou para amparar 29 ámbitos de ordenación caeu por sentenza en 2016. O motivo foi precisamente non ter sometido esa ordenación provisional a exposición pública, algo que desde o BNG vimos pedindo con insistencia. Polo demais todo é incerteza e escurantismo. Ninguén explicou o por qué do aumento da edificabilidade nas zonas rurais, nin cales son as modificacións que se produciron por parte do Partido Popular e si esas modificacións son substanciais, polo que antes de posicionarnos sobre esta moción, sería bo coñecer que ten pensado facer o goberno da cidade a este respecto, porque podería colisionar o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

que aquí aprobemos coas pretensións do goberno municipal ou cos intereses da veciñanza de Ourense. En resumo, como dixen ao principio, pensamos que é o propio PXOM o que debe conter as previsións ao respecto deste tipo de solucións como o da circunvalación e, de momento, a esta altura e cos coñecementos, coa información que temos actualmente a nosa postura respecto desta moción vai ser a abstención. Nada máis. moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo a todos. Adiantar que imos a votar a favor desta proposta do Partido Socialista. Coincidimos co PSOE en que fai falta unha infraestrutura destas características. Nos detalles concretos, aí xa non nos metemos porque esa circunvalación pode ter diversos tamaños, diversas configuracións. O que si está claro e que fai falta, poderíamos por moitos exemplos (a portavoz do PSOE xa puxo algún), pero poñendo algún exemplo concreto, o acceso dende a N120 ata a autovía A52 é un verdadeiro labirinto. Calquera de nós pode comprobar que vindo de Monforte, ou vindo do Barco, entrando en Ourense pola marxe esquerda do río Miño, se queremos acceder, continuar para Vigo, temos que facer un verdadeiro labirinto alí no entorno da rotonda da ponte Novísima: pasar por baixo, subir á esquerda, rotar nunha rotonda, etc... É fácil entender que calquera persoa que veña de fóra, que non estea familiarizada co entorno da cidade, que lle sexa especialmente complicado algo que debería ser tan sinxelo, alguén que veña dende Madrid, ou dende Ponferrada, ou dende o Barco por esa *carretera* e que queira ir a Vigo (que é outra das cidades importantes de Galicia) que o teña do máis sinxelo posible. Calquera de nós que teña viaxado por aí sabe que cando un vai dunha cidade importante a outra cidade importante en ningún momento ten que facer unha cousa rara. As conexións entre cidades importantes son ou deben ser sinxelas. Ese non é máis que un exemplo, ademais é un exemplo ao que lle estamos prestado unha certa atención e que se converterá nunha moción próxima que levaremos ao Concello. É soamente un dos exemplos que podería ser resolto cunha *carretera* de circunvalación. Xa volvo dicir que non entramos nos detalles de *ingeniería*, de si tería que ter un determinado radio ou unha determinada configuración e se se vería afectada polo Plan urbanístico do Concello de Ourense, ou se ao mellor abarcaría a outros concellos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

limítrofes, etc.. O que si é necesaria é unha circunvalación desas características que rodease como un anel toda a cidade, loxicamente fluiría o tráfico entre as cidades do entorno, sería moito máis sinxelo e, dende logo, reduciríase o tráfico no interior da propia cidade. No caso concreto que nos poñamos, deixarían de verse afectadas as ribeiras do Miño. Como dicía antes, votaremos a favor. Grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Señora Rodríguez, escoitado o que escoitei dos compañeiros, mellor ter presentado esta moción no concello de Ourense porque todos se dirixen á problemática de alí. Eu creo que deberíana presentar alí, en todo caso, eu referireime a ela por ser respectuoso coa orde do día, como fago sempre. Vostedes, o Grupo Socialista, piden a este Pleno, en concreto, que instemos á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento a construír sen demora unha vía de circunvalación na cidade de Ourense, co engadido de que optan por unha vía de alta capacidade. Unha petición, señores do PSOE, que chega máis ben tarde e hai que dicilo, xa sei que non lle gusta que llo recorde, pero logo de anos nos que tiveron ocasión (moitas ocasións) de formular, planificar, orzamentar e facer realidade a infraestrutura que agora nos reclaman, deben recoñecelo. Pois ben, os gobernos do Partido Popular, na Xunta de Galicia e en España, lonxe de promesiñas faroleiras, seguen a dar pasos importantes para dar resposta ás necesidades viarias da cidade de Ourense. Darei datos. En primeiro lugar cun Plan sectorial da rede viaria de Ourense aprobado xa, e digo aprobado xa, polo Consello da Xunta e que prevé dous aneis de circunvalación polo leste, así como actuacións complementarias que melloran a comunicación do territorio. En segundo lugar, coa construción por parte do Ministerio de Fomento da chamada variante norte. Dúas actuacións nas que, recórdolles, están a avanzar decididamente ou están avanzados claramente os trámites para a súa execución. Teñan en conta o seguinte: polo que respecta á Xunta de Galicia, cómpre destacar que no día de onte a Xunta vén de aprobar a licitación das obras de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas que, recórdolles, acurtará o traxecto de 11 quilómetros a 4,5, cun investimento de máis de 21 millóns de euros. Un trazado que os que pasamos por alí habitualmente ímolo agradecer, eliminará unha boa parte do tráfico que xera esta superficie empresarial ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

converter un treito da A-52 en parte da circunvalación prevista pola Xunta. A planificación de infraestruturas para a cidade de Ourense e a súa contorna, señora Rodríguez, pasan pola creación de dous aneis de circunvalación, como xa dixen, que recorrerán polo leste da Capital reorganizando o tráfico, sen necesidade de transitar polo núcleo urbano. O primeiro anel, de carácter interior, corresponde á circunvalación leste, moi próximo á cidade, dende a N-525 ata a N-120 pasando pola recentemente executada OU-510 entre Bemposta e Rairo e algo, con respecto a isto, algo dixo o señor Ojea. E o segundo anel, de carácter exterior, chamado rolda leste, permitirá resolver os accesos ás grandes zonas industriais da contorna e dará continuidade á nova autovía AG-31 mediante un novo vial que rodeará o polígono industrial de San Cibrao. Pero a rede de circunvalación proposta complementase con actuacións que melloran á articulación do territorio; tales como a ampliación da rolda bulevar, a conexión da estrada N-120 coa AG-53 (é dicir, a autopista de Santiago) cun semienlace no entorno de Santa Cruz de Arrabaldo. Pero tamén novas conexións do Polígono de San Cibrao ou a execución dunha variante da estrada OU-536 que facilite as comunicacións cara a Trives que, como dirían os paisanos, *boa falta lle fai*. É dicir, a Xunta de Galicia centrará os seus esforzos na parte leste da cidade, facilitando a conexión coa Terra de Caldelas e Valdeorras e, ademais, gañando fluidez pola A-52 ata Santa Cruz de Arrabaldo permitindo o enlace coa autoestrada de Santiago. No tocante ao Ministerio de Fomento, que vostedes tamén citan, quero lembrarlles o anuncio da inminente licitación das obras da variante norte de Ourense, no treito Eirasvedras - Quintela, que liberará de tráfico un treito na N-120, vía que pasará a ter carácter urbano. Esta chamada variante norte forma parte da autovía A-56 e correspóndese co tramo onde o tráfico resulta máis elevado, en torno aos 10.000 vehículos diarios. Esta actuación trata de resolver a complexidade do enlace sur de Ourense da A-52 coas estradas N-550 (que comunica coa fronteira portuguesa e da que logo falaremos) e a N-525 moi marcada polo carácter urbano do entorno. Logo de anos de retraso, e hai que recoñecelo, pero tamén de moitos gobernos do Partido Socialista, o 30 de decembro de 2013 aprobouse o expediente de información pública do proxecto de trazado. En xaneiro de 2016, Fomento someteu a información pública o proxecto de construción e, en marzo de 2017, foi aprobado o expediente de información pública do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

proxecto de construción do tramo entre Eirasvedras e Quintela ao que antes me refería. Tamén en xullo foi aprobado o documento técnico de adecuación do proxecto de construción da variante norte de Ourense, nese mesmo mes abriuse un novo período de información pública con diversos axustes. Fomento está agora a estudar as alegacións formuladas para, a continuación, aprobar a información pública, finalizar a redacción do proxecto e, señores socialistas, señora Rodríguez, aprobalo, e digo aprobalo, no primeiro semestre de 2018; de xeito que se inicie de forma inmediata a preparación do expediente para licitar as obras. Adiántolles, en todo caso, que sen estar de acordo para nada con algunhas afirmacións que vostedes fan no texto da moción, polo espírito do Nadal votaremos a favor, quedándonos co esencial das súas propostas. De momento nada máis. Moitas grazas.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. Vou a empezar un pouco por orde. En relación ao que dicía o compañeiro do BNG, eu non creo que isto afecte só á cidade de Ourense, aféctanos a todos os concellos limítrofes porque aquí temos infraestruturas vitais desconectadas, nin temos conectados os hospitais nin os polígonos industriais están conectados. As ambulancias pasan polo centro urbano, non teñen outro sitio por onde pasar. Aquí tamén, para ir aos polígonos industriais, aínda que agora veña o señor Plácido, que logo irei con vostede, anunciouse onte a licitación da obra do polígono industrial, onte, ¿cantos anos levamos co polígono industrial? Non sei, ao mellor levamos uns cantos anos. Logo, con vostede señor Plácido, agora fala da *herencia* recibida polo goberno de Zapatero. Antes, nos Blancos no podíamos falar de *herencia* recibida, agora si que falamos de *herencia* recibida. Fálanos de obras que se están a facer, esqueceuse de nomear a A-56, que é a autovía de Lugo, e a A-76, que é a autovía de Ponferrada, como están. Fala do tramo que parece que xa están aí as máquinas. Eu moitas veces escoitándoo, digo parece que xa están aí as máquinas e non nos decatamos. No tramo de Eirasvedras, N-120, este tramo foi publicado en abril, en abril deste ano publicouse o expediente de información pública, un tramo, de 1,7 km, que, igual se lle esqueceu dicir, que este é un tramo de tres necesarios para facer esa conexión da que está a falar. Non chega só ese tramo de 1,7 km, ese é un de tres tramos. Está en expediente de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

información pública, polo cal aínda queda moito por facer. Este enlace, vostede explicou que o enlace Eirasvedras, nacional, sentido Quintela, en dirección da N-120, finaliza no actual enlace de Eirasvedras coa autovía Rías Baixas. Pero este enlace (un de tres, como digo) vai a ser o que conecte coa A-56 que é a de Lugo e coa A-76, *bueno*, a A-76 vai uns quilómetros máis arriba. Alégrome que voten isto. Nós o que pediamos con esta moción é a implicación desta Deputación porque ata o de agora as obras aínda non empezaron nos casos que me está dicindo. Estamos a falar de infraestruturas básicas e estará comigo en que queda moito por facer. Moitas grazas. Por agora nada máis.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente, dúas cousas. Evidentemente a circunvalación afecta non só ao concello de Ourense, é evidentemente que tamén afecta aos concellos limítrofes. De todas maneira, nós insistimos, e por iso de aí o noso posicionamento, en que o PXOM de Ourense é o que debería conter, ou definirse, ou pronunciarse ao respecto destas previsións. Despois tamén un apuntamento, aquí falouse de desconxestión do tráfico e aí nós queremos lembrar novamente que está por poñer en marcha o transporte metropolitano e queremos preguntar a que esperan, ou denunciar a que esperan para poñelo en marcha os gobernos dos concellos afectados e o goberno da Xunta. Unha medida que, entendemos, si redundaría positivamente nesa desconxestión do tráfico á que se facía referencia. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo, grazas. O feito de que o señor Plácido despois de ter cantado todo o relatorio de obras que xa está facendo a Xunta e que está facendo Fomento, ou que están proxectadas ou que están licitadas, etc, etc...voten a favor significa que captan, como dixo o portavoz, o espírito da moción. A cuestión é que a cidade necesita un anel de circunvalación que elimine o tráfico do interior do casco urbano e, ao mesmo tempo, que conecte as diferentes rutas que chegan ou saen radialmente da cidade. Os detalles de *ingeniería*, os detalles técnicos, os informes topográficos, etc, etc...iso xa quedará para os enxeñeiros. En que medida se poidan aproveitar os tramos xa licitados, os tramos xa construídos; en que medida se poidan integrar nese anel tan necesario, como

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

digo, é unha cuestión xa de enxeñería. Nós, sinxelamente, reiterar que votaremos a favor porque estimamos que é necesaria esa *carretera* de circunvalación. Benvidas sexan todas as obras que poidan integrarse ou formar parte dese complexo e benvido sexa o evitar, por exemplo como dicía antes, a N-120 que, parece ser, acabará sendo un tramo urbano, unha rúa municipal, que é o que debería terminar por ser, a ser posible, incluso peonil naquela zona ao lado do río, convertida nunha zona turística e desviando o tráfico ao mellor dende a entrada da propia cidade; augas arriba do río Miño, desviar cara a esa *carretera* de circunvalación, ou facilitando o acceso cara a A-52 e ao resto dos posibles destinos. Nada máis. Grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Para nada, señora Rodríguez, renegamos da nosa *herencia*, no bo e no malo, para nada; vostedes ás veces parece que si. Visto lo visto, teño que dicir aquilo *de palo se remas, palo si no remas* (senón enfádaseme o señor Fraga Civeira). Digo, porque si facemos, porque facemos (facemos pouco) e se non facemos nada, pois non facemos nada. Vostedes, señora Rodríguez, o seu Partido, quero recordarlle un dato que saía por aí hai uns días onde o actual ministro de Fomento ten menos da terceira parte do orzamento que tiña o seu compañeiro de partido, señor Blanco, e iso tamén o hai que poñer aí e vostede, que exerce labores de goberno, sabe que se hai fondos, pódense facer cousas e, se non os hai, pódese botar moita *imaginación*, pero as veces non chega, ¿verdade que non? Dito iso, coa morea de datos e explicacións que din aquí e que, polo que vexo, non foron de todo entendidas, quero destacarlles, e iso que quede claro, que tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Fomento están a dar pasos en firme para que a capital ourensá conte cunha axeitada circunvalación que elimine unha gran parte do tráfico que hoxe atravesa a cidade; niso estamos todos de acordo e, xa digo, a Xunta de Galicia e o Ministerio tamén. Pero non pensen vostedes, e aínda que nada se me dixo, que me esquecín cando falan vostedes do Plan Conecta Ourense que tanto lles gusta (para o que lles gusta, claro) e da inclusión no mesmo dunha circunvalación na área urbana. Pero, se seguimos nesa liña, señora Rodríguez, se seguimos nesa liña non vai ser por circunvalacións á cidade; imos ter de abondo. De todos os xeitos, creo que non leron ben o contido do Plan Conecta Ourense (ou len

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

como lle interesa lelo) que, entre os obxectivos dese Plan, cita expresamente, e digo expresamente, o desenvolvemento dunha axeitada conexión física. En concreto, fala dunha cidade conectada internamente e coa súa contorna que facilite unha comunicación fluída, áxil e eficiente. Iso é o que di o Plan Conecta Ourense. En todo caso, e remato xa, as variantes e circunvalacións, xa explicadas, dende logo xa permitirían cumprir con creces ese obxectivo. Moitas grazas.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: nada, moi brevemente para rematar. Si que se están facendo pasos, pero ¿onde están os orzamentos? Pasos si, pero son necesarios. É necesario que se aclaren prazos, datas e cantidades porque levamos moitos anos de retraso nas nosas infraestruturas. É necesario que Ourense conte cunha circunvalación, porque, mire, no Plan sectorial no que se fala da rede viaria de Ourense e dos seus municipios, a área de influencia da Xunta de Galicia, que é do ano 2013, ten moitas liñas, porque creo que todo o mundo vimos, ten moitas liñas pintadas, moitas infraestruturas; pero, ¿onde están os orzamentos? Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#) 83

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación de Ourense lles inste á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento a planificar, dotar orzadamente e construír sen demora unha vía de circunvalación de alta capacidade na cidade de Ourense.

2º.- Que a Deputación impulse un convenio-acordo marco de colaboración coa Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e os concellos afectados para a construción e seguimento dunha vía de circunvalación de alta capacidade na cidade de Ourense.

3º.- Que a Deputación de Ourense inclúa no seu plan “Conecta Ourense” unha estratexia específica para a construción dunha circunvalación na área urbana que permita resolver os problemas de mobilidade e seguridade.

11º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DA CONEXIÓN CON PORTUGAL, A TRAVÉS DA BAIXA LIMIA, E DO DESENVOLVEMENTO SOCIAL E ECONÓMICO DA COMARCA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Mentres levamos anos discutindo a cerca do divino e do humano, a provincia vai perdendo non só tecido produtivo, senón habitantes. Os últimos datos son alarmantes e non se corresponden cos do observatorio que esta Deputación puxo en marcha, nin co discurso triunfalista que o presidente lanzou no pasado debate sobre o estado da provincia. A provincia perde 9 habitantes ao día e xa baixou da barreira dos 310.000, a pesares de terse reducido o número de emigrantes que foxen buscando as oportunidades que aquí se lles negan. No que levamos de ano que está a piques de rematar, Ourense perdeu 1.592 habitantes. Neste desolador panorama, a comarca da Baixa Limia non se comportou, demograficamente falando, de xeito distinto ao resto da provincia. En menos de trinta anos esta comarca pasou de ter máis de 27.000 habitantes a uns escasos 6.000. Isto levou aparelado que se pecharan os colexios de Lobeira e Calvos de Randín, que chegou a ter 400 alumnos e alumnas sendo un dos máis grandes do país. Esta comarca foi, dende tempos inmemoriais, a grande esquecida á hora de planificar as grandes infraestruturas do noso territorio. Esta situación foi tida en conta polo goberno de coalición PSOE-BNG cando presentaron o proxecto de vía de alta capacidade Ourense-fronteira portuguesa; así como a presentación do que debería ser o futuro parque empresarial que debería dinamizar social e economicamente a comarca ademais dun Plan director. No DOG publicouse un novo enlace para vertebrar o val do Limia dende a N-540 con Xinzo. Todas estas novas abriron unha grande expectativa nas xentes da comarca, especialmente na xente moza; pero dende o ano 2009 nada se volveu a saber do asunto. As cousas non só se poden medir en termos de rendibilidade económica; senón tamén en termos de rendibilidade social e a actual autovía de Celanova non é rendible se non chega ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

norte de Portugal onde residen máis de 2,5 millóns de persoas. E por iso que nós traemos a este Pleno os seguintes acordos:

O Pleno da corporación, demanda da Xunta de Galiza compromisos firmes do seguinte tenor:

1.- Que se execute a segunda fase da estrada OU-540, desde o remate da actual autovía en Celanova (Casal do Bispo), ata a fronteira da Madalena, no límite do concello e Lobios, tal como estaba contemplado no decreto 396/2009, do 8 de outubro, polo que se declarou a utilidade pública e se dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do eixo de comunicación A-52 fronteira portuguesa. Treito I VAC A-52-Celanova sur e treito II Celanova sur-fronteira portuguesa.

2.- Planificación do Parque empresarial previsto no Plan de solo Empresarial de Galiza para a Baixa Limia, como infraestrutura comarcal estruturante.

3.- Elaboración e execución do plan territorial integrado que estableza as condicións para o desenvolvemento integral da comarca, tal como se recolle nas directrices de Ordenación do territorio de Galiza.

De momento, nesta primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Nós adiantar que votaremos a favor, aínda que esencialmente os acordos propostos na moción son peticións ou instancias; refírense concretamente á provincia de Ourense e aos seus intereses e por iso, seguindo os nosos criterios habituais, votaremos a favor. Está claro que esa zona da provincia foi historicamente bastante discriminada no que se refire ás comunicacións por *carretera*. As infraestruturas que hai hoxe en día son todas relativamente recentes, esa autovía que remata ao pasar Celanova, cerca de Vereas, por Casal do Bispo, loxicamente ten que prolongarse ata as fronteiras portuguesas, a de Lindoso, a de Madalena. Estamos seguros de que o señor Plácido, aproveitando o poder que poida ter nesta Deputación, e polo que lle atinxirá ás melloras do seu propio concello, fará todo o posible. A verdade, supón un pequeno

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

inconveniente cando un chega a Celanova e de repente termina á autovía e despois ter que continuar pola vella *carretera*. A parte que, por esa zona, *suelen* entrar, xa o saben vostedes, *suelen* entrar *jabalíes* e bichos (é verdade, porque como alí termina o valado); teñan coidado cando entren ou saían desa conexión, sobre todo de noite, porque moitas veces hai *jabalíes* e bichos, porque claro poden entrar aí, polo conexión. Tamén o parque empresarial moi necesario. Polo dito, como una razón obvia que votemos a favor. Grazas.

D. Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Bos días señores e señoras deputadas, secretario, demais persoas que están na sala. Señor Plácido, vou falar do bipartito. Entón voulle a recordar que, a penas chegara o señor Touriño á presidencia da Xunta, sacou a concurso a licitación e sacou a concurso a obra de conexión da A-52 coa fronteira portuguesa. Seguramente me vai dicir que xa constaba antes no tema da ordenación do territorio, efectivamente; sendo o señor Feijóo conselleiro de Ordenación Territorial existía este proxecto pero doutra maneira: existía un proxecto de vía rápida con dous carrís. E foi co goberno do bipartito, o señor Touriño, quen modificou e transformou en vez de en vía rápida, en autovía cunhas variantes de entrada a Verea, Bande e a Lobios. Posteriormente, o goberno do bipartito perdeu as eleccións, chegou o Partido Popular e quedou o proxecto metido nun caixón. Habería que retomar de novo o proxecto. Dúas cuestións que habería que mellorar; unha sería o acceso de autovía na vila de Bande para que realmente non quedara esta vila illada e realmente perderan os negocios e o comercio de dita vila, polo tanto habería que mellorar o acceso da autovía neste punto. Outra pequena modificación importante sería que tivera continuidade no país veciño de Portugal a autovía cara Braga - Porto. Por todo o anterior, dende o Grupo Socialista non podemos opoñernos ás melloras na comarca da Baixa Limia, unha comarca esquecida, illada e deprimida que, sen embargo, conta con grandes potencialidades pero ben poucos servizos. Sen ir máis lonxe, o noso grupo parlamentario de Galicia pide ano tras ano, mediante unha emenda dos orzamentos, unha cantidade inicial que rolda os 7-8 millóns de euros para acabar a autovía Celanova-fronteira con Portugal. Aínda que non chegue ese *presupuesto*, estariamos asegurando que hai uns cartos para darlle continuidade a dito proxecto. Por isto, imos a votar a favor da moción

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

do BNG, por entender que estamos de acordo co sentido xeral dos acordos prepositivos, sobre todo no tocante ao parque empresarial que xa estaba nas normas de ordenación. Nós nun determinado momento, naqueles momentos do proxecto, xa apoiabamos que se convertera en realidade e o noso alcalde de Entrimo estaba disposto a ceder uns terreos para que se transformara en solo empresarial. A cuestión xerou controversia, versaba máis ben sobre a ubicación, se era idónea ou non era idónea; sen embargo tamén se pensaba en posibles potencialidades, como por exemplo na zona de Entrimo, que favorecería a industria madeireira da zona. En calquera caso, puxérase onde se puxera, é verdade que moitas empresas se están indo a Portugal por falta de solo empresarial ou industrial en territorio galego a bo prezo. Deberíamos pois, potenciar a zona da fronteira; pero, sobre todo, asegurando o futuro da comarca da Baixa Limia evitando a deslocalización das nosas empresas e das empresas en xeral, potenciando a zona a través dunha mellor conexión. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. De entrada señor Rodríguez Suárez non dubide, para nada, que quen lles fala seguramente ten moitísimo máis interese, polo menos tanto, pero eu creo que máis, que vostede na mellora das comunicacións na Baixa Limia por razóns obvias que non fai falta dicir aquí e, en especial, na conexión con Portugal dende o concello de Vereas e, por suposto aínda máis, no desenvolvemento económico da comarca. Nestes dous obxectivos, a verdade é que levo moito tempo loitando, e non serei eu quen teña que dicilo, que o digan os demais, eu e tamén os alcaldes de Bande, de Lobeira, Lobios e Entrimo; cada un dende o seu territorio pero facendo forza e, ás veces, temos a valentía de facela xuntos. Nese camiño espero continuar cos compañeiros alcaldes da miña comarca. Miren vostedes, o 28 de xaneiro de 2013 inaugurouse a autovía AG-31 que, con case 19 quilómetros, une Ourense con Celanova como aquí se dixo. Un investimento próximo aos 122 millóns de euros, dona Isabel, investimento realizado pola Xunta de Galicia en plena crise económica (eu dígoo por aquilo dos seis millóns, nin para pipas, como diría outro). Nos esquezamos este aspecto polo esforzo que supuxo. Unha aposta clara e para nada, para nada, vou deixar de valorar os esforzos do Presidente Touriño; pero no seu momento unha aposta clara e decidida do presidente Feijóo polo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

desenvolvemento das comarcas de Celanova e Baixa Limia. De feito, este proxecto foi priorizado por constituír unha mellora substancial na seguridade e comodidade dos viaxeiros, xa que, entre outros aspectos, eliminaba o paso por un elevado número de travesías limitadas a 50 km/h (con multas continuamente, teño que dicilo) e puña fin a longos treitos de perigosas curvas e a moitos quilómetros sen posibilidade de adelantamentos. A autovía foi concibida como unha variante á estrada N-540, facilitando a fluidez dun importante tráfico superior, polos datos que me dan, aos 10.000 vehículos/día como xa apuntei antes. Grazas a esta infraestrutura os veciños da Baixa Limia aforramos un tempo significativo nas comunicación cos nosos concellos, e vaia por diante, os alcaldes da comarca non renunciaremos nunca, nunca a pedir máis melloras no tramo de conexión con Portugal desde o remate da autovía. Non obstante, señor Rodríguez Suárez e dona Isabel, a prolongación da vía de alta velocidade ata a fronteira de Lindoso non semella polo de agora (e teño que dicilo porque eu non sei se son serio, pero polo menos intento selo) non semella polo de agora que sexa viable economicamente. Solo falo de autovía, quede claro, porque ao mellor se me malinterpreta ou escoitásemme mal intencionadamente. Miren vostedes, mentres entre Ourense e Celanova, como xa dixen, o volume de tráfico supera os 10.000 vehículos diarios, no resto da OU-540 o número de usuarios descende ata unha cifra inferior, eu diría que bastante inferior a 3.000 vehículos diarios. E, atención social si señor Rodríguez Suárez, pero os fondos son os que son. Comprenderá vostede que esta intensidade de tráfico, malia que nos pese, non axuda para nada a xustificar un investimento tan elevado como a construción dunha autovía, sexamos realistas. Pero hai outras opcións que non podemos desbotar, e eu hoxe e xa o dixen máis veces, atrévome a formular dende a realidade dos tempos que corren, hai outras opcións. Estou en condicións de asegurarlles, en todo caso, que a prolongación ata a fronteira con Portugal segue a formar parte da planificación de infraestruturas da Xunta de Galicia; segue a formar parte dos temas de máximo interese para este Goberno provincial, quede claro tamén, e segue a ser motivo de atención por parte dos concellos da comarca como non podería ser doutro xeito. Teño que dicirlles tamén que, no ámbito das alternativas, a Xunta de Galicia comprometeuse a executar a citada prolongación a través de significativas melloras na estrada OU-540; un proxecto no que se está a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

traballar no ámbito da tramitación, en concreto, na redacción xa dos proxectos que seguro nos serán presentados no seu momento para o seu estudo. Estou seguro que máis pronto que tarde. E todo isto no tocante ás comunicacións; pero, claro está, para xustificar investimentos nesta materia tamén hai que traballar noutros capítulos. Fala vostede, señor Rodríguez Suárez, da planificación dun parque empresarial na Baixa Limia, ao que tamén se referiu dona Isabel e a un Plan territorial integrado. Pois miren vostedes, nós tamén queremos un parque empresarial, pero non como un investimento botado a perder, sigo sendo serio e realista, os tempos do pan para todos acabáronse e agora tócanos priorizar. Está claro que ninguén xustificaría cinco parques empresariais na Baixa Limia ¿verdade que non? Pois iso, tal e como vostedes sinalan seguindo o Plan de tecido empresarial de Galicia, nós si desexamos unha superficie axeitada para o asentamento das empresas. E hoxe non toca facer por facer; senón estudar ben as posibilidades de ubicación e a demanda empresarial do chan e mellor que os alcaldes da zona non o sabe ninguén. En todo caso e sigo co espírito do Nadala, en nome do meu grupo, anúnciolles que votaremos a favor destas propostas. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Efectivamente, señor Álvarez Dobaño, recoñézolle o seu interese que seguro é moi superior ao meu porque vostede é alcalde e vive nesa comarca. Pero, en todo caso, seguro que lembra como se produciron os feitos (aquí algo xa se apuntou) nos que se propoñía a mellora e acondicionamento da estrada N-540 treito Celanova sur-fronteira portuguesa. O proxecto orixinal da estrada recollía 2 fases, cun orzamento de 160 millóns de euros. Unha primeira, consistente na autovía ata Celanova, cun orzamento de 130 millóns de euros e unha segunda fase de mellora e acondicionamento ata a fronteira da Madalena doutros 30 millóns. Con posterioridade, foi diminuído o orzamento para quedar en 115 e 13 respectivamente. Os reiterados enganos por parte da Xunta (naquela altura o conselleiro era Agustín Hernández, lembro), coa connivencia dalgunhas autoridades locais, supuxo que se retiraran os cartos previstos no orzamento para esta segunda fase da infraestrutura para executalos noutras zonas do país. A escusa foi que cando mellorara a situación económica acometeríase a segunda fase. Do dito ao feito, un longo treito. Non so non se cumpriu co prometido,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

senón que por decreto da Xunta do 27 de febreiro de 2014, anuláronse as expropiacións previstas, o que representou a renuncia de facto da Xunta á realización desde mellora. Como a torpeza da Xunta é infinita, tivo que modificar o Decreto que anulaba as expropiacións, pois non se decatara que ao suprimir a variante de Vereá, contemplada no proxecto, supuña deixar sen acceso a centos de predios; posto que paralelamente se fixo a concentración parcelaria tomando como base o proxecto aprobado. Convén lembrar que o Pleno da Deputación, aprobou por unanimidade o 30 de abril de 2014 instar á Xunta para que deixara sen efecto a paralización do proxecto e que contemplara a súa execución tal como estaba previsto, polo que se ve, señor presidente, pouco caso lle fai a vostede o señor Feijoo. Esta comarca atópase nunha situación de precariedade na prestación dos servizos públicos esenciais, tamén se apuntou por aquí, que presumiblemente se vai ver agravada nos vindeiros anos, pola crise demográfica, onde os usuarios e usuarias deses servizos se ven na obriga de ter que desprazar desde 60 ata 140 km, ida e volta, polo que de non mellorarse a curto prazo esta estrada, tal como estaba prevista, condena aos habitantes da bisbarra a unha precariedade existencial. Esta vía é a segunda en importancia na comunicación da provincia con Portugal, co que iso ten de positivo en canto ao posible e futuro desenvolvemento económico. Estamos a falar, segundo refiren as Directrices de Ordenación do Territorio, de que constitúe un itinerario preferente de localización para a comunicación con Portugal e estratéxico para o fortalecemento da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. En todo caso, agradecer o apoio xa anunciado á nosa moción. Nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Efectivamente creo que estamos de acordo na necesidade desas infraestruturas. Eu voules a contar unha pequena anécdota. A primeira vez que fun por esa zona, debía ter 13-14 anos, foi nunha excursión do colexio; iamos a ver a famosa Santa Comba de Bande, Santa María la Real de Entrimo e todo aquilo. Voules contar unha anécdota, todos os rapaces que iamos no autobús e case todos os profesores nos mareamos. Iso tivo unhas consecuencias que non vou a dicir aquí, pero que son fáciles de imaxinar porque, como dicía Plácido, aquela *carretera* curva contra curva, etc, etc

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

fixo iso. Mellorouse un pouco nos anos 80, como saben, e agora chégase ata Casal do Bispo con esta nova infraestrutura; pero dende logo, fai falta continuar ata Portugal. Dicía o señor Plácido que o tráfico non xustifica ou que non é fácil xustificar a efectos de investimento agora. Loxicamente iso é a *pescadilla* que se morde a cola; se non hai comunicacións, non se asentan empresas, se non se asentan empresas non hai tráfico cara a elas. O señor Plácido dicía o outro día na prensa que son necesarios os servizos, pero que de algo hai que comer (non sei si eran esas as palabras exactas), que fan falta empresas e fai falta traballo; de aí a necesidade do parque empresarial e do solo empresarial. A verdade é que na Baixa Limia non faltan empresarios, o que pasa é que moitos deles tiveron que ir fóra. Sábese que nesa zona houbo moitos emigrantes á zona de Cataluña, Francia, etc..e aí, na xente da Baixa Limia hai iniciativa empresarial. Recordo que unha das primeiras asociacións empresarias que se fixo na provincia era, precisamente non sei se *todavía* existe como tal, a AEBA (Asociación de Empresarios da Baixa Limia). A capacidade empresarial está demostrada; pero claro, se non hai comunicacións, non hai...As iniciativas que teñen tido lugar na Baixa Limia en temas de turismo, tamén en moitos casos son para quitarse o sombreiro. No caso concreto do concello de Muíños, antes de que gobernara o Partido Popular, xa se levaron a cabo moitas (nese concello gobernou o PSOE, precisamente cando comezou todo o movemento turístico da zona). Un famoso concelleiro do PSOE, chamado Lino Perdiz, pódesele dicir porque é moi coñecido o caso, pois digamos que foi quen empezou a mover todo ese tema. No caso de Entrimo igual, no caso de Lobios igual. Sábese da potencialidade turística que ten a zona. Agora, con este complexo que se aprobou o outro día para o Concello de Muíños. Entón claro, a verdade é que a min non me resulta difícil xustificar, de cara a quen teña que soltar os cartos, a inversión; tanto no tema turístico, como no tema da inversión empresarial porque, como dicía antes, a capacidade de iniciativa e de emprendemento da poboación desa zona está máis que demostrada. Aquí, na mesma cidade, existen moitísimos negocios que son de xente desa zona. Entón, a implementación dos parques empresariais e a apertura destas liñas de comunicación ás que nos referiamos; por non falar xa das potencialidades que están do outro lado da fronteira. Falando xa concretamente da parte turística,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

moitísima xente desa zona vén da zona de Portugal. Eu lembro que no Balneario de río Caldo a maioría dos clientes que adoitaba haber eran de Portugal. Realmente eu penso que si estaría moi xustificada, que sería fácil xustificar, a inversión nestas infraestruturas de comunicacións e tamén nos parques empresarias porque, como dicía antes, loxicamente os servizos son importantes, pero a capacidade de desenvolver actividade empresarial na zona é aínda máis. Nada máis, grazas.

D. Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: moitas grazas. Señor Plácido, efectivamente, 8 millóns non van chegar para facer o tramo que falta. Pero estáballe a dicir que o noso grupo parlamentario no Parlamento de Galicia está pedindo unha modificación do orzamento, ano tras ano, todos os anos de 8 millóns, non para executar a obra; senón para que estea o proceso aberto e se poida realizar aumentando as contías, por suposto. Cando se realizou o primeiro tramo ata Celanova, deixáronse 16 millóns adjudicados para o segundo tramo; despois, como explicou ben o compañeiro do BNG, pasou o que pasou. Di vostede que non hai densidade de tráfico para tan grande inversión, *bueno*, pero estamos a falar da *pescadilla* que se morde a cola. É dicir, non hai densidade de tráfico porque as infraestruturas son malas; pero se chegamos a facer un acordo co país veciño e facer un eixe de autovía que chegue ata Braga- Oporto temos probabilidade de que a densidade de tráfico nesa autovía sexa moito maior. Estamos beneficiando a todos os concellos limítrofes que realmente se van a favorecer das melloras destas conexións. Entón, primeiro hai que empezar a casa polos cimentos, non polo tellado. Melloramos as infraestruturas e despois xa aumentarán as densidades do tráfico; despois co tempo seguro que a inversión foi frutífera e ben empregada. Grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Totalmente de acordo co señor Ojea, fan falta mellores comunicacións para favorecer o asentamento de empresas, xerar emprego e con iso seguramente ao que vostede se refería, e como dixen no seu momento, frearía un despoboamento galopante dunha Comarca como a da Baixa Limia que por desgraza non é o único caso nesta provincia e, incluso, no rural galego e do Estado español. Non imos a facer sangue dunha comarca en si, aínda que a nosa probablemente estea na *parrilla* das máis despoboadas como xa se citou aquí. Dona Isabel, non fai falla que a mellora che a Porto, con que chegue a Ponte

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

da Barca xa nos damos por conformes, aí xa empezamos ben. Eu estou de acordo con vostedes en que non todo se pode ver dende o punto de vista económico; pero a viabilidade económica está aí e non vamos a ser demagogos, para min era moito máis fácil dicir agora iso. Dígoo, pero tamén hai que xustificar dalgún modo que as inversións tan grandes teñen unhas consecuencias, na medida do posible, axeitadas a ese investimento. Non vai ser o caso aquí, claro que non, pero os alcaldes da comarca da Baixa Limia (e non me poño nin de primeiro, nin de segundo, póñome no grupo dos cinco) seguiremos pelexando para mellorar isto. Non é falar en abstracto, eu teño claro que comunicacións e solo empresarial son cuestións que están aí, en maior e menor grao de desenvolvemento; pero créanme, que eu xa digo, intento ser responsable e polo menos ter algo de altura de miras. Vou pór un simple exemplo e que non se me moleste ninguén porque me vou a referir a alguén que xa non está na política activa, incluso que lle teño un certo aprecio persoal. Recordo que no goberno bipartito, dona Isabel, no goberno bipartito (que non era o seu goberno, era o do lado) o vicepresidente da Xunta, naquel momento, foi a esta paraxe tan bonita da nosa comarca como é Porto Quintela e eu estaba aquí nun Pleno, por iso non puideron asistir, senón asistiría a aquela presentación. Nesa presentación histórica que me recordan moitos veciños que asistiron e, xa digo, eu asistiría se fose posible, alí presentouse un macro - proxecto, señor Rodríguez Suárez, onde incluía unha ponte (no encoro das Conchas) con dous carrís en cada dirección e un parque empresarial en cada ribeira, é dicir, un no termo de Bande e outro no termo de Muíños. Non vou a cualificar aquilo porque foi previo a unhas eleccións. Entón, xa digo, sexamos serios. ¿Xogámonos o futuro da nosa comarca? Claro que si, ¿é unha comarca deprimida? Por suposto que si, moi afastada das grandes urbes e cun despoboamento galopante como se dixo aquí. Somos conscientes deso, como non o vamos a ser, os que vivimos alí. Por iso, cando fala vostede, señor Rodríguez Suárez, dun Plan territorial integrado para esta comarca e dunha poboación potencial de tres millóns de portugueses próximos á nosa fronteira (dona Isabel fala de dous e medio, creo que fala vostede de dous e medio, e igual, da igual, como se son dous) eu respóndolle que este goberno provincial está xa a dar pasos importantes e non é polo poder que eu teña, senón porque é iniciativa do presidente desta casa; porque o meu poder como vostedes saben élle moi

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

relativo, tan só teño que, perdón pola palabra, predicar aquí cando o meu coordinador de grupo me di que o faga, eu sonlle moi humilde porque como bo ex - seminarista aprendín a ser disciplinado. Digo que esta Deputación da man do seu presidente está a dar pasos importantes e os seguirá dando, non teño a máis mínima dúbida. Por exemplo, vou a citar outro, con proxectos como é o que presentamos este pasado luns, o proxecto transfronteirizo coñecido como Raia Termal, con investimentos importantes en Bande, Lobios, Muíños e tamén nas Cámaras portuguesas de Melgaço e Terras do Douro, sen *olvidarnos*, aínda que non é da nosa comarca, de Cortegada de Baños. Nada mellor que crear un espazo público onde ademais da natureza, a través da reserva da biosfera Geres-Xurés, aproveitemos recursos tan importantes como é o termalismo. Temos moitas potencialidades, somos conscientes deso, de aí que esteamos xerando un novo futuro para a comarca da Baixa Limia (e isto non é ser un iluso, é pensar) e todos os pasos que deamos, todos, imos ter que miralos con lupa e non enganarnos con grandes comunicacións e superficies empresariais. Eu acabaría dicindo: futuro si, como non, pero sentidiño tamén. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Simplemente dúas cuestións que xa quedaron suficientemente claras; fálase da viabilidade económica, a viabilidade económica, ás veces, tamén hai que buscala e hai que loitala. Con respecto tamén a outra cousa que se formulou e creo que tamén quedou suficientemente debatida e explicada é ao respecto do que expuña o señor Álvarez Dobaño en canto á demanda ou a intensidade do tráfico; estamos a falar dunha infraestrutura, xa se dixo aquí que ao mellor precisamente se non hai esa demanda, nin esa intensidade de tráfico é porque agora a actual condición desa estrada tampouco o favorece en grande medida. E repito, infraestrutura, é a infraestrutura básica sobre a que despois se van a construír outras cousas. Nós pensamos, en todo caso, que a non execución desta fase non só prexudicou ou prexudica á comarca da Baixa Limia, tamén a vilas como Celanova e á propia capital. Estamos diante deste panorama desolador dentro do panorama provincial e a nivel desa propia comarca e cómpre buscar solución imaxinativas e poñer en valor o enorme potencial que temos. E nese senso a vertebración territorial e unha comunicación axeitadas, como digo, son

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

factores determinantes. No sur-oeste hai unha importante vía de comunicación que nos comunica a menos dunha hora da cidade con Portugal e que nos achega un territorio onde viven máis de 2 millóns e medio de persoas. Un territorio que está moi preto, onde hai vida (de non ser así non se abriría outro IKEA en Braga, a tan só 50 km de Oporto). Cun moderno eixo de comunicacións entre Celanova e Ponte da Barca, o Val do Lima portugués situase a menos de hora e media da cidade das Burgas, xa que logo do noso comercio, dos nosos recursos termais, etc. Remato simplemente agradecendo o apoio e, en todo caso, facendo votos para que máis pronto que tarde esa viabilidade económica exista e esta infraestrutura e este parque empresarial que nós demandamos para esta comarca poida se unha realidade. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º 95](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Que se execute a segunda fase da estrada OU-540, desde o remate da actual autovía en Celanova (Casal do Bispo) ata a fronteira da Madalena, no límite do Concello de Lobios, tal como estaba contemplado no Decreto 396/2009, do 8 de outubro, polo que se declarou a utilidade pública e se dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do eixo de comunicación A-52 fronteira portuguesa, treito I VAC A-52-Celanova sul e treito II Celanova sul-fronteira portuguesa.

2º.- Planificación do Parque empresarial previsto no plan de solo empresarial de Galiza para a Baixa Limia, como infraestrutura comarcal estruturante.

3º.- Elaboración e execución do plan territorial integrado que estableza as condicións para o desenvolvemento integral da comarca, tal como se recolle nas directrices de ordenación do territorio de Galiza.

12º.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A SUBIDA DE PEAXES NA AP-9.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. É unha sorte que a orde do día vai na orde que vai, porque senón, ao mellor se tivera outro, ao mellor non poderíamos falar disto neste Pleno. En todo caso, dicir nesta primeira intervención (vou facer un pouco de historia ao respecto do asunto que nos trae aquí, ou que traemos a debate para este Pleno) que o da AP-9 pódese considerar como a historia dun agravio, dun espolio, ou dunha estafa legalizada. A historia da autoestrada AP-9 constitúe un dos exemplos máis claros do saqueo do país, do espolio dos recursos para beneficiar intereses alleos, da estafa legalizada por sucesivos gobernos do Estado. Estamos ante a representación por excelencia dunha forma de xestión do territorio e dos recursos de orixe franquista, equiparable a outros casos como o do aproveitamento hidroeléctrico dos encoros ou á extracción de materias primas forestais e mineiras. Esta función de Galicia como fornecedora de recursos ten dous beneficiarios principais: as empresas alleas ao país que explotan estes recursos e obteñen multimillonarios beneficios e o Estado que se beneficia deste espolio mediante a privatización de empresas públicas e por medio do ingreso de impostos (Sociedades, IVE) que se pagan en Madrid, onde as empresas teñen a súa sede social e fiscal. Este, insisto, espolio continuado e legalizado pon en evidencia o papel dos gobernos do Estado, que están ao servizo dos intereses de grandes empresas, coas coñecidas contraprestacións por parte destas, configurando un sistema radicalmente corrupto, discriminatorio e inxusto. Logo de múltiples iniciativas no parlamento do Estado e no parlamento galego, o BNG promoveu no ano 2015 unha lei para a transferencia da AP-9 a Galiza e para o rescate da concesión, que foi aprobada por unanimidade no Parlamento galego en abril de 2016. Esta Lei aprobada, insisto outra vez, por unanimidade en Galicia, foi vetada pola mesa do congreso o 13 de decembro de 2016; isto é, nin sequera se permitiu a súa tramitación parlamentaria.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

Amparándose nun informe contrario do Ministerio de Fomento, o Partido Popular impediu o debate. O espolio agrandouse en forma de aldraxe, consentido e compartido polo PP galego e a Xunta presidida polo señor Feijoo. Tendo en conta que a razón principal esgrimida polo goberno do Estado foi o elevado custo económico que podería ter o rescate da concesión, o BNG impulsou a comezos de 2017 un novo Proxecto de lei no que só se incluía a transferencia da autoestrada a Galiza (non o rescate). Esta nova versión da Lei foi aprobada polo parlamento galego en maio de 2017 e de novo rexeitada a súa tramitación pola Mesa do Congreso en xullo deste ano. Quedaba claro deste xeito que se trata dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixar máis evidente a aldraxe a Galiza, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP-9, o goberno do Estado aprobaba o rescate de oito autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión de terá un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non hai diñeiro público para rescatar a AP-9, mais si o hai para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionan autoestradas ruinosas. Para intentar salvar a cara logo do vergoñento veto á transferencia da AP-9, o Partido Popular e o señor Feijoo sacaron da manga un dos seus coñecidos trucos, unha cortina de fume para ocultar a humillación a Galiza e o desprezo ao parlamento galego, o ninguneo da Xunta e do PP galego, a infamia e a aldraxe que supón a situación da autoestrada. O ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia acordaron crear unha comisión bilateral ao máis alto nivel para a xestión diaria de todo o relacionado coa AP-9, unha comisión fantasma que só se reuniu, que se saiba, unha vez e que non resolveu como veremos ningún dos problemas desta infraestrutura, que se seguen agravando co paso do tempo. Feijoo, consciente da humillación e do desprezo que supuxo a decisión do goberno do Estado e da Mesa do Parlamento, presenta como gran logro o acordo para que a Xunta de Galiza deixe de pagar a parte que lle corresponde da supresión da peaxe de Rande (da que se benefician principalmente residentes na comarca do Morrazo) e a Barcala, aprobada en 2006 mediante un convenio asinado polo goberno galego, o ministerio de Fomento e AUDASA. En virtude deste convenio, Xunta e Fomento pagan arredor de 11 millóns de euros ao ano para compensar a perda de ingresos da concesionaria.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

Segundo Feijoo, a partir de agora a Xunta vai deixar de pagar a súa parte, xa que a compensación será asumida na súa totalidade por Fomento. Mentindo con absoluto descaro, como acostuma a facer, o presidente da Xunta fala dun aforro de 400 millóns de euros para as arcas da comunidade até 2048 (ano de remate da concesión) cando segundo o Consello de Contas, nun informe de 2015, a Xunta tería que pagar polo citado convenio 186 millóns ata ese ano 2048. Na historia da AP-9 hai moitas máis peaxes das que se pagan nas cabinas. A historia desta infraestrutura está inzada de decisións políticas contrarias ao interese público e que favorecen intereses privados. Primeiro, mediante sucesivas ampliacións do período de concesión, aprobadas por gobernos de Partido Socialista e Partido Popular. Segundo, mediante a privatización que fixo o goberno do Partido Popular de Aznar en 2003, vendendo unha autoestrada con concesión até o 2018 e que é unha auténtica fábrica de beneficios millonarios polo módico prezo de 1.586 millóns. En terceiro lugar, mediante o mantemento de privilexios fiscais de orixe franquista, como a rebaixa do 95% no Imposto de Bens Inmóbles. En cuarto lugar, mediante un incremento abusivo das peaxes, que están entre as máis caras do Estado. O BNG denunciou publicamente, nos pasados días, as condicións en que se están a desenvolver as obras da ponte de Rande, en horarios intensivos e nocturnos, con mal tempo... o que levou a que se producise un grave accidente na madrugada do pasado venres 15 de decembro. Está a prevalecer claramente o interese lucrativo sobre as condicións de seguridade das persoas que traballan na obra e das persoas usuarias da ponte. Sumando as subas derivadas destes dous convenios e o incremento do IPC, a intención do goberno é autorizar unha suba das peaxes da AP-9, que se vai aplicar a partires de xaneiro de 2018 do 3,81%; unha suba absolutamente abusiva e desmesurada nunha autoestrada na que xa subiron escandalosamente as peaxes desde 2010 en máis do 36%. Dende o BNG, defendemos que non e apliquen estes incrementos, que se renegocien os convenios, que a concesionaria aplique bonificacións ás persoas usuarias por viaxes de ida e volta, por número de quilómetros percorridos, por número de viaxes ao mes.... Tamén demandamos bonificacións para os vehículos pesados porque os transportistas galegos, ademais de pagar o gasóleo máis caro, teñen que pagar prezos abusivos nas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

peaxes. Non é de recibo que sexa máis caro ir de Ferrol a Vigo que de Ferrol a Madrid. Non é de recibo que, cada vez que se acorden bonificacións, o Estado autorice novas subas das peaxes. a concesionaria sempre gaña, e cada vez máis. Os acordos que nós traemos a este Pleno para o seu debate e aprobación, no caso que así o consideren, son os seguintes:

1.- Manifestar o rexeitamento á subida das peaxes na AP-9 instando á Xunta de Galicia a que demande a súa supresión.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que cumpra os acordos do Parlamento galego e demande do goberno do Estado a Transferencia da AP-9 á Administración galega e a supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.

3.- Trasladar o presente acordo aos Grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, presidente da Xunta e presidente do goberno do Estado.

De momento, nesta primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: si, hola. Yo realmente alucino con esta moción y, desde luego, no voy a entrar mucho en ella porque después tratamos, como ya dijo el compañero del BNG, este tema de las mociones exóticas en otra moción que traemos más adelante. Realmente, no es ya el colmo que se venga aquí a Orense a tratar lo de la autopista AP-9, que realmente es algo de la Comunidad y del Estado español donde realmente no tenemos competencias y dónde se tiene que debatir esto es el Parlamento; el colmo es que ni siquiera es, no es que ya no sea singular de Orense, solo de Orense, obviamente nos afecta a los orensanos si la utilizamos, como también nos afectan las autopistas de Cataluña o las que van a Madrid, o la que puede haber en Santander, es decir, si alguna vez la utilizamos, esto no es singular de Orense, es una autopista que utilizamos los de Orense pero que no es singular de Orense. Lo que más me llama la atención de esta moción es que la traen aquí antes de traer una moción sobre la AP-53, que sí que es la autopista que va de Lalín a Santiago y que sí realmente es singular de Orense, porque si queremos ir a Santiago es la que más nos tocaría. O sea, esa sí que sería propia de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Orense, de Orense y Santiago digamos, la AP-53. Pues no, traen la AP-9 que es la del eje Atlántico. Realmente estos del Bloque, no me extraña que los tíos hayan sido unos visionarios, porque al Bloque ya le pasó lo que ayer le pasó al PP en Cataluña, le pasó antes al Bloque en Galicia: irse a pique.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: moi bos días outra vez a todas e todos. De todos é coñecido o noso posicionamento como partido neste tema. Non podemos permitir que se nos diga que as transferencias da AP-9 poden ter consecuencias negativas e un custo para os cidadáns. Non representa para nada a realidade. A AP-9 dise agora que vai a ser un negocio ruinoso para os cidadáns de Galicia; pero é un magnífico negocio para á súa concesionaria, pero tamén non podemos esquecer que para a Administración Xeral do Estado. Miren, dos 238 millóns de ingresos das peaxes no 2016, 45 foron para reparto de beneficos, 45 destinados a impostos e tributos e o resto en explotacións e financeiros. So con que Fomento non se lucrarse coa AP-9 e co recibido en impostos fose para a Xunta, coa nova titularidade poderíase facer unha rebaixa de peaxes. A situación actual prexudícanos economicamente como cidadáns e favorece ás contas da Administración. Vamos a pagar o asfalto a prezo de ouro, a subida vai a ser dun 3,81%. Xa o vou a dicir porque sei que o leva o señor Plácido e vai dicir: *a herencia recibida polo goberno* (creo que un bo goberno) *presidido por José Luis Rodríguez Zapatero*, e vou recordar unhas cousas. Este goberno asinou un convenio para a circunvalación de Santiago e a ponte de Rande, que todos vostedes saben a intensidade de tráfico que sofre a ponte de Rande. Este convenio viña a dicir, para os que non o coñecen, que, en vez de facer o Ministerio a obra, faríaa AUDASA. Este convenio permite un incremento do custe do 1% (aquí estamos falando que sobe ao 3,81%) e a finais de 2012 (que se están esquecendo, e aínda o outro día nunhas declaracións da conselleira, esquecese de dicilo), a finais de 2012 o goberno de Mariano Rajoy asinou un protocolo que asumía outras reformas nos accesos de A Coruña e Santiago e tamén compensacións nas peaxes na sombra entre Vigo e Pontevedra. Este protocolo permite, como saben, a suba da peaxe de 0,9% e mantense a pesar de que a obra da Coruña non comezou, porque finalmente o Ministerio de Fomento asumiu esa ampliación mediante os seus

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

propios orzamentos. Para non estenderme moito máis, o noso voto, como saben, vai a ser a favor desta moción porque cremos que é necesario e prioritario. En relación á emenda que presentou o Grupo do Partido Popular, nós imos remitirnos ao que faga o grupo proponente, como sempre é o que estamos a facer como grupo. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Vaia por diante que, como é obvio, nós tamén somos cidadáns normais, aínda que ás veces non o parezamos, pero o somos; pois iso, vaia por diante que a nós tampouco nos gustan as peaxes. Xa nos gustaría a todos que as autoestradas foran gratuítas. Pero con demagogia, confusión, política partidista e curtoplacista como as que demostra, ás veces, o BNG, e en especial con esta moción, señor Rodríguez Suárez, así non imos a ningún lado, nin vamos a acadar moito. Esquece vostede que a suba das peaxes das que estamos a falar é consecuencia directa dun acordo directo do goberno socialista (aí vai) do señor Rodríguez Zapatero (si, si); por certo, ao que vostedes, señor Rodríguez Suárez, apoiaron en moitas ocasións (ás veces por algún que outro *plato* de lentellas, pero o apoiaron), en concreto o acordo asinado entre o señor ministro que xa se citou aquí, don José Blanco (galego coma nós), e a concesionaria da autoestrada xa nos últimos momentos do goberno Zapatero. Si, agora lle darei datos, señora Rodríguez, porque, xa dixen, as *herencias* hai que aceptalas para o bo, pero tamén para o malo. Un acordo que tiña como finalidade financiar as obras de ampliación da autoestrada, obras que se están levando a cabo tanto na área de Vigo, como en Santiago para garantir a capacidade, a fluidez e a funcionalidade e a seguridade viaria; obxectivos moi claros e necesarios. Por certo, un acordo que foi a escusa perfecta para prorrogar a AUDASA a concesión da AP-9 ata o ano 2048 (este é un dato señora Rodríguez, non o *olvide*). Foi un goberno socialista quen decidiu que a ampliación da AP-9 a realizase a concesionaria (si, si, un goberno socialista) e a pagasen os galegos a través dunha suba de peaxes. Non recordo, señor Rodríguez Suárez, que vostedes daquela dixeran algo; en todo caso, refrésqueme a memoria, díggollo con todos os respectos porque eu tamén me equivoco e moitas veces. E para que non houberse lugar a dúbidas, a decisión quedou blindada, señora Rodríguez, nun Real Decreto e publicado (¿doulle o dato?, tome nota) no Boletín Oficial do Estado do 24 de novembro de 2011. Un Real

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

Decreto que, na súa cláusula sexta, autoriza un incremento extraordinario nas tarifas de percorrido con pago directo polos usuarios da AP-9 en todos os seus tramos, dun 1% anual acumulativo durante vinte anos. Repito, isto é o que autorizou o goberno do Partido Socialista; por certo, o seu socio de goberno, señor Rodríguez Suárez e señora Rodríguez, socios do goberno en Galicia e goberno ao que vostedes, señor Rodríguez Suárez como xa dixen, apoiaron en Madrid en numerosas ocasións. Non é unha decisión de onte ou de antonte, non é unha decisión deste goberno da Xunta, nin unha decisión do goberno de Mariano Rajoy (algunhas tomaraas mal, ou que non nos gusten, pero esta en concreto non), porque a historia do goberno Zapatero ao respecto da AP-9 é unha historia de convenios (hai que dicilo) ruinosos para os cidadáns e redondos para AUDASA e datos poderíamos dar moitos. E señor Rodríguez Suárez, este convenio, asinado polos seus socios, ampliaba a capacidade da autoestrada con cargo ao incremento da peaxe e, aínda por riba, cuns cálculos que lle daban á concesionaria (asómbrense vostedes) un interese fixo anual do 8%. Un xuro que xa quixéramos calquera de nós para os nosos aforros (e coa terceira parte tamén nos conformábam). AUDASA non só vai recibir os 250 millóns de euros que custan as obras que está a realizar, ímoslle pagar un 8% de xuros, si, si, digo ben, 8% de xuros. Pero aínda hai máis, o convenio entre Zapatero e o bipartito condenábanos a pagarlle a AUDASA 15 millóns de euros ao ano máis o IPC pola gratuidade dos treitos Morrazo-Vigo e A Barcala-Coruña. Polo tanto, mal acordo para a Xunta porque pagaba máis de 7 millóns dunha peaxe nunha autoestrada estatal; mal acordo para o goberno central porque un convenio non tiña en conta o incremento do tráfico que se producirá con esta bonificación e non había límite de beneficio para a concesionaria e mal acordo para todos menos para AUDASA que tiña un negocio redondo posto que os seus ingresos se incrementaban ao dobre neses treitos pagados pola Xunta e o Ministerio de Fomento. Repito, non sexa que nos acusen do contrario, quede claro, a nós, a nós, tampouco nos gustan as peaxes e, moito menos, estas subas. Pero o lamentable desta política demagóxica, señor Rodríguez Suárez, é que as peaxes tamén subían no bipartito e ninguén dicía nada. ¿Recórdase deso, supoño? Vén agora vostede e o seu partido a rexeitar a suba das peaxes, pero cando o goberno da Xunta e o do Estado

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

eran socialistas e os incrementos eran os mesmos, ou similares, vostedes votaban en contra da transferencia da autoestrada. Pero por datos que non quede, señora Rodríguez, no ano 2007 (vostedes cóllochos cando lles interesa, eu vou baixar un pouco máis para abaixo) as tarifas subiron un 3,73%, practicamente como as de agora previstas. No ano 2008 un 2,23% e no ano 2009, tarifas aprobadas a finais do 2008, un 4,49% . É dicir, en conxunto, dende o ano 2005-2009 a peaxe da autoestrada subiu un 14,19% ; pero vostedes daquela, é evidente, disciplinados coma min, calaban, votaban en contra da transferencia e pagaban 7 millóns de euros dos petos dos galegos para a bonificación da peaxe estatal. Polo que respecta á supresión das peaxes da AP-9, vexo moito ruído e demasiado populismo, señor Rodríguez Suárez. Repito, claro que a todos nos gustaría a gratuidade, pero o que non se pode facer é confundir e enganar á cidadanía igualando a transferencia da AP-9 coa gratuidade total e absoluta da peaxe; cando saben ben que iso non é así (vostedes sábeno ben) porque hai responsabilidades patrimoniais que hai que cumprir. O que defendemos dende este grupo, e tamén o que vén defendendo o goberno da Xunta, é que non se poden pagar centos ou miles de millóns de euros públicos a unha empresa privada. Hai que ser coherentes, por iso quero deixar claro que nós sempre defenderemos que a autoestrada debe ser galega, sempre, e asegúrolles que a Xunta de Galicia seguirá a demandar a transferencia e non dubide que continuará traballando para acadala como dixo nestes días o propio presidente Feijóo e nós estaremos ao seu lado. Pero o que non se lle pode é mentir á cidadanía dicindo que, por ser galega, a autoestrada será gratis. Iso é demagogia pura. Polo tanto, nós, dende a responsabilidade que debe presidir as nosas propostas e afastados do populismo, unha vez máis vostedes nolo demostran señor Rodríguez Suárez, propoñemos a emenda de substitución que xa anunciou o señor presidente e que paso a ler unicamente na proposta de acordo, dous puntos:

1. *Instar á Xunta de Galicia a que siga á procura de todas as iniciativas posibles que faciliten a rebaixa das peaxes na autoestrada AP-9.*
2. *Solicitar ao Ministerio de Fomento que as obras que no futuro se executen na autoestrada AP-9 se realicen con cargo aos orzamentos xerais do Estado e non con cargo ás peaxes.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

De momento nada máis, moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. En primeiro lugar, señor Álvarez Dobaño, non sei se conseguir as cifras récord de investimento estatal en Galicia que se conseguiron naqueles momentos con ese apoio ao que vostede facía referencia do BNG aos orzamentos do Estado, defíneas vostede como lentellas ¿non sei, dígame entón en que categoría culinaria metemos todo o que veu a partir de aí? En canto á explotación da AP-9, con todas as regalías e prebendas concedidas polo Estado é unha xigantesca fábrica de cartos, unha mina de diamantes, un filón que espremen empresas foráneas e do que se beneficia tamén o Estado. A concesionaria e o Estado actúan como vampiros da economía galega, facendo caixa a costa dos cartos dos galegos e galegas. A explotación da AP – 9 leva xerado beneficios de centos de millóns de euros. O investimento xa está máis que amortizado. A pesar destas cifras multimillonarias de beneficios, a realidade é que a calidade do servizo é cada vez peor, porque a concesionaria gasta cada vez menos cartos. Reduciu o cadro de persoal en 85 persoas en 10 anos. Cada vez gasta menos en mantemento e conservación da propia vía. Nós vimos reclamando a adopción de medidas para evitar as retencións: incremento do persoal das cabinas, protocolo de actuación en caso de retencións co levantamento das barreiras cando a cola chegue a 1 quilómetro, expedientes sancionadores á concesionaria pola mala calidade do servizo... Tanto a Xunta como Fomento consenten, xustifican e incluso amparan estes abusos de AUDASA. Porque o Estado é o segundo grande beneficiario deste espolio, porque ingresou 1.586 millóns no ano 2013 coa privatización desta concesión e porque ingresa todos os anos moitos millóns en concepto de IVE e Imposto de Sociedades, cantidades que a concesionaria paga en Madrid que é onde ten a sede fiscal. En lugar de destinar parte destes ingresos a financiar obras ou ao rescate da propia concesión, o que fai o goberno do Partido Popular é conceder novas prebendas e subas de peaxes á concesionaria. No canto de empregar estes recursos na transferencia da AP-9 e na rebaixa das peaxes, o goberno de Rajoy destina miles de millóns de euros ao rescate desas ruinosas autoestradas madrileñas. O agravio ao noso país é maior se cabe porque no 2017 produciuse un *recortazo* de 400 millóns de euros

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

nos investimentos do Estado en Galicia (eses dos que lle falaba eu ao principio). E nos últimos 5 anos o Estado deixou de gastar máis de 2.000 millóns de euros en infraestruturas (sobre todo o AVE) debido á baixa execución orzamentaria. Con respecto á súa emenda, non a podemos aceptar porque se centra, exclusivamente, no tema das peaxes cando nós, a nosa moción é un pouco máis ampla, demandamos máis cousas. Demandamos, entre outras cousas, por exemplo, que a titularidade da vía sexa galega. Entón, non podemos aceptala, votarémolle que non e manteremos a nosa proposta nos termos orixinais. De momento, nesta intervención, nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: yo no entiendo, de verdad, el del Bloque no lo explicó, como esta moción no trata de la AP-53 que es la autopista que va desde Lalín a Santiago y es la que cogemos los de Orense. Que trate la que no es de aquí, me parece una tomadura de pelo, pero bueno. Lo que realmente es un peaje, y estamos pagando un peaje, son los recursos y los sueldos porque ahí Plácido ha tirado de información, el del Bloque también, esto realmente lleva un proceso, antes de responder la moción le tienes que dedicar cantidad de tiempo en algo que realmente no es competencia nuestra; ahí es un peaje que estamos pagando y es la estafa a los ciudadanos. Los ciudadanos nos votaron para la provincia de Orense. Ustedes a veces nos echan la bronca: ustedes solo se preocupan de la ciudad, que es mentira, nosotros nos preocupamos de toda la provincia. Pero, ¡coño! lo que es una tomadura de pelo son ustedes, que están debatiendo algo que ni siquiera es de la provincia. Ya digo, la AP-9 nos puede afectar tanto como la autopista que va a Oporto. Cuando la cojas, la tienes que pagar; es decir, claro que es importante para los orensanos, pero para eso está el Parlamento gallego para debatir estos temas, no la Diputación. Por cierto Plácido, no sé si te llegó el chiste, le está llegando a todo el mundo este whatsapp, no sé si a ti te llegó, a los del PSOE ya les llegó. Aparece una foto del PP y pone: otra empresa que se va de Cataluña...

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. Nada, un par de datos para non entrar moito máis a divagar neste tema, eu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

creo que as posicións están claras. Dicirlle un par de datos, señor Plácido, esqueceuse do convenio firmado por Mariano Rajoy e por unha ministra tamén galega, porque senón non saen as contas. Ese convenio esqueceuse de nomealo. Un par de datos, que si que sei, o incremento das peaxes que leva sufrido esta suba dende Vigo a Pontevedra é, dende o ano 2000, dun 82,57%. Tamén dicirlle varios datos, quen vendeu, quen privatizou esta autoestrada pública foi un goberno presidido por Aznar, que non era do PSOE ¿verdade? Que era dun goberno do PP. Tamén foi este presidente o que estableceu que a concesión se ampliase ao límite máximo ampliando os cobros ata o 2048. ¿Non sei quen foi este presidente? Eu creo que era tamén do PP. Nada máis, solo dicir que non se entende a negativa, por parte do Ministerio, para poder pasar este tramo xa que existen redes estatais cedidas, como por exemplo pasa no País Vasco, e autoestradas ruinosas que este goberno rescatou. Nada máis. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Señor Rodríguez Suárez, falando de provincia, solo de provincia, seguramente vostedes conseguiron algo importante, non o vou a por en dúbida, pero para un concello en concreto (digo cando apoiaban aos gobernos socialistas excesivamente), para un concello en concreto; para algún outro, o *plato* de lentellas, para máis do 90% nada, absolutamente nada. Pero, *bueno*, ese foi lexitimamente o seu apoio e non serei eu quen teña que dicir nada a favor nin en contra, pero si opinar ao respecto. Señor Pérez Jácome, chistes os xustos, mire que o mundo da moitas voltas. Dito isto, quede claro que nós cremos que o mellor para Galicia é a transferencia da titularidade da AP-9 a Galicia. Unha autoestrada que vertebra o territorio no que viven o 60% dos galegos, señor Pérez Jácome, pero que tamén presta un importante servizo aos ourensáns. Todo, como di vostede, criticable, medible, ¡de todos os xeitos! Unha transferencia que vostedes, e refírome ao Grupo Socialista e ao BNG, cando gobernaban ou co-gobernaban non querían e así llo demostraron aos galegos; ou iso parece porque, volvendo ás *herencias*, señora Rodríguez, precisamente foi o goberno bipartito, o co-goberno bipartito, cando se votou en contra dunha proposición non de lei presentada polo PP no parlamento galego, no ano 2007, na que se pedía a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

transferencia para Galicia, e vostedes votaron en contra, vostedes. Quede claro, pois, que nós estamos seguros de que o goberno galego continuará co seu traballo, non temos a máis mínima dúbida, para que esa autoestrada sexa galega e para garantir unha xestión máis apegada ao territorio; porque sempre defendemos, e defenderemos, que estar sobre o terreo permitirá velar máis directamente polo correcto funcionamento da infraestrutura. Nós non mudamos de criterio, non como outros que votan en contra da transferencia da AP-9 e calan cando están no goberno, ¡que lle vamos a facer! Iso é así. Logo, cando están na oposición, critican e confunden, ou pretenden confundir, aos cidadáns con verdades a medias ou, incluso, faltando á verdade. Pero, pese a aquel mal acordo, o goberno do PP, señora Rodríguez, na Xunta ten conseguido importantes avances no último ano. Por primeira vez se lle está a dar a Galicia participación na xestión da AP-9, constituíndose unha comisión na que se trata a xestión da autoestrada e na que participa a Xunta e o Ministerio de Fomento. Un primeiro paso importante. Deberían recoñecelo todos vostedes, temos conseguido máis que nunca na historia, ¡máis que nunca!, porque o goberno galego logrou librarse da obriga, asumida por vostedes cando estaban no goberno (no goberno bipartito da Xunta e polo goberno Zapatero) de pagar con diñeiro dos galegos, cada ano, sete millóns de euros en bonificacións dunha autoestrada de titularidade estatal. Isto supón, tomen nota, algo se dixó aquí, un aforro global de 400 millóns de euros ata o fin da concesión, aínda que o señor Rodríguez Suárez o pon en dúbida, postos a pór en dúbida, poñemos todo, señor Rodríguez Suárez. Isto significa tamén que nos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2018, do próximo ano, 7 millóns de euros terá a Xunta de Galicia a disposición para proxectos novos como vías de alta capacidade libres de peaxe e polo que está a apostar o goberno galego decididamente, en plena crise económica xa puxo en marcha máis de 200 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxes, como convén lembralo. Estas son realidades e non, perdoen por dicilo porque hoxe traio o espírito do Nadal, populismo cheo de demagogia e de evidente oportunismo mediático. Nada máis. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moi brevemente, señor presidente moitas grazas. Mire señor Álvarez Dobaño, xa ten vostede por onde

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

empezar no debate ou na moción da que falabamos anteriormente, xa ten aí 7 millóns de euros vostede para buscarlle a viabilidade económica que é da que falabamos no enlace da moción anterior. Nada máis, dicirlle que desde o BNG non pararemos de denunciar o espolio, o agravio, a estafa e o roubo legalizado da AP-9, a conivencia dos gobernos do Estado, coa concesionaria, as contradicións e o dobre discurso dos partidos estatais, a submisión e o servilismo da Xunta do Partido Popular e de Feijoo. Consideramos que a AP-9 é o exemplo perfecto do marco legal que nos afoga e nos espolia, da necesidade de termos capacidade de decisión desde Galiza, de exercer o autogoberno en asuntos de carácter vital e estratéxicos (este é un deles, eu antes na primeira intervención facía referencia a outros) e de ter control sobre os recursos e as infraestruturas do noso país para poñelas ao servizo do interese xeral e ao servizo do benestar do nos pobo. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Seguidamente somete a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a que siga á procura de todas as iniciativas posibles que faciliten a rebaixa das peaxes na autoestrada AP-9.
2. Solicitar ao Ministerio de Fomento que as obras que no futuro se executen na autoestrada AP-9 se realicen con cargo aos orzamentos xerais do Estado e non con cargo ás peaxes.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A MODIFICACIÓN DO CÓDIGO PENAL PARA INTRODUCIR UN ARTIGO QUE PREVEXA E CASTIGUE O DELITO DE APOLOXÍA DO FASCISMO E DO TOTALITARISMO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, señor presidente. Por razóns obvias non vou ler toda a moción, vouna resumir. Dicar que esta moción aínda que leva ese de título de instar ao goberno para mudar o Código Penal e que inclúa un artigo referido á penalización do enaltecemento e a apoloxía do fascismo, céntrase tamén en cortar aquelas fontes de financiamento público que estes grupos fascistas totalitario poidan obter. A moción nace da preocupación do que estamos vendo ultimamente, como estes grupos fascistas totalitarios, non só en España, senón tamén no resto de países de Europa están collendo (a ver se lle collo a medida axeitada ao micrófono, a distancia axeitada), están collendo un auxe nas últimas eleccións en democráticas. Veñen, o que sospeitamos é que están aquí para quedarse, favorecidos ultimamente como están e branqueados por aqueles movementos populistas que, dalgunha maneira, fan que os vexamos menos perigosos; é dicir, o seu público ao que van destinados son as persoas golpeadas por esta crise económica que estamos padecendo non só en España, senón tamén no resto de países europeos e adoitan a taparse dentro desas apelacións a non acoller emigrantes, a movementos antiyihadistas. Moitos deles reinvéntanse así, apelando ás tripas, a recuperar o propio espazo, a potenciar a produción nacional, a pechase do resto do mundo, a saír de estruturas supranacionais, a pechar fronteiras. Todo isto é o caldo de cultivo detrás do que se agochan novas formas de fascismo e de populismo que nós, xa digo, vemos con preocupación. Acudimos tamén, e así o recolle a moción, a como é tratado esta cuestión, esta apoloxía do fascismo na lexislación comparada, sobre todo en tres países como poden ser Italia, Francia e Alemaña que padeceron o fascismo igual ca nós. Así como nese países teñen moi claro que a recuperación dos valores que se promoveron nos peores anos da súa historia

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

recente atentan estes movementos contra eses principios fundamentais das súas democracias; en España tamén é certo que dous artigos do Código Penal recollen os delitos contra á incitación ao odio, discriminación e violencia, pero é certo que nos Tribunais atopan certos atrancos para probar esa relación causa-efecto entre a apoloxía do fascismo e o nexo causal dos delitos que despois suceden. Indicar que en España, no contexto no que falaba, topámonos con asociacións, por mencionar algunhas, como pode ser Hogar Social Madrid que disimulan a discriminación das persoas inmigrantes baixo unha falsa solidariedade cara aos españois; seguindo, como non, con hordas furibundas que se dedican a atacar negocios e persoas en actos de supostas reivindicacións nacionalistas e ata a vergoña histórica xa máis cercana que nos fai padecer a nosa Fundación Francisco Franco. Hai milleiros de exemplos de apoloxía do fascismo que permanecen impunes. O peor, nestes casos, é cando se demostra, como eu dicía antes, que poden recibir diñeiro público, de xeito directo ou indirecto, baixo diversos subterfuxios legais. Pois ben, esta institución, como institución democrática, que ademais deu exemplo ao condenar o réxime franquista e restaurar a honra das vítimas ao retirarlle ao máximo responsable da ditadura o galardón que aquí se lle concedeu e camiñar na recuperación da memoria histórica dos e das ourensáns asasinados e obrigados a fuxir polo fascismo, temos a obriga moral de afondar no rexeitamento deste tipo de ideoloxías. A democracia garante, e remato coa exposición de motivos, garante a liberdade de expresión, iso é certo, pero non pode garantir a exaltación de ideas que atenten contra a propia existencia da mesma. A memoria das vítimas merece ser recuperada e honrada dende as institucións democráticas e, polo tanto, debemos de impedir que o enaltecemento dunha ideoloxía que atenta contra a mesma memoria e contra o sistema no que cremos. Por iso propoñemos, como xa dixen antes, que se inste ao goberno do Estado e aos grupos parlamentarios (deles é a competencia lexislativa nas Cortes Xerais) para que contemplan a modificación do Código Penal e fagan a pertinente introdución dun artigo que prevea e castigue o delito de apoloxía do fascismo e do totalitarismo. En segundo termo, instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia para que desenvolvan as medidas normativas específicas para que se impida o acceso de calquera entidade que practique a apoloxía

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

do fascismo ás subvencións de carácter oficial de ambas as dúas institucións. E xa tocando no noso, desenvolver unha norma específica nas bases de subvencións e axudas desta Deputación que prohiba o acceso a elas das entidades que promovan os delitos de odio e fagan apoloxía do fascismo en calquera das súas formas, promover, que entre os concellos da provincia, que se adhiran a un compromiso asinado polo cal se estableza a obrigatoriedade de introducir unha norma nas bases de axudas e subvencións municipais que impidan, igual que no caso anterior, o acceso a elas, das entidades que propaguen a ideoloxía fascista ou totalitaria, e aumentar a dotación económica, actualizar e ampliar o contido do proxecto “A represión na provincia de Ourense” así como da web correspondente.

Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Mentres vemos con estupor como se encarcera a uns titiriteiros, ou imputan a un xornalista por elaborar un artigo satírico, os fascistas teñen barra libre. É delito opinar, parodiar, pero non enaltecer o golpismo nin o xenocidio. O obxectivo está claro: instrumentalizar o medo. O Partido Popular quere que o termo autocensura deixe de ser un estraño termo dunha novela de Orwell e pase a ser unha palabra normal nas nosa vidas. E falando de memoria histórica, debemos recuperar a nosa se queremos entender por que o Partido Popular se nega a modificar as leis para castigar a apoloxía e enaltecemento do fascismo e eliminar a simboloxía franquista. Con absoluta impunidade, e cada vez máis, membros do Goberno participan en actos de exaltación do franquismo e homenaxe aos caídos; reciben distincións da Fundación Francisco Franco por *defender la memoria del Caudillo* e incumpren a Lei da memoria histórica. Fraga Iribarne, Gonzalo Fernández de la Mora, Licio de la Fuente, Laureano López Rodó, Cruz Martínez Esteruelas, Federico Silva Muñoz, todos ministros nos gobernos de Franco, xunto con Enrique Thomas de Carranza (todos eles coñecidos como *Os sete magníficos*) foron algúns dos dirixentes políticos franquistas que rexistraron Alianza Popular o 10 de outubro de 1976; sumándose

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

tamén outros ex – ministros franquistas como Carlos Arias Navarro e Gregorio López Bravo. Nunca condenaron a ditadura e sempre recoñeceron a obra de Franco. Entre os principios fundacionais deste partido figuraba: *Rechazamos toda ruptura e exigimos respecto para la obra de un pueblo de casi medio siglo*. Despois de sucesivos fracasos decidiron reconverter AP en Partido Popular no congreso celebrado o 20 de xaneiro de 1989. Para o Partido Popular a sublevación do 18 de xullo de 1936 é responsabilidade da República. Nunha entrevista en El País, en 2007, Manuel Fraga manifestaba: *Los muertos amontonados son de una guerra civil en la que toda responsabilidad, toda, fue de los políticos de la II República. ¡Toda!*. Na mesma liña argumental de Fraga, Diego Gago máis recentemente, presidente de Novas Xeneracións do Partido Popular, nun debate sobre a memoria histórica, sinalaba como motivos que provocaron a Guerra Civil *unha serie de confrontacións sociais*, sen mencionar para nada que existiu un golpe de estado. Mariano Rajoy nunha entrevista de Jordi Évole dicía que *no tiene claro que sea cierto que miles de españoles non saiban onde están os seus avós e que no cree que el Gobierno pueda hacer nada para arreglarlo*. Poderíamos seguir, Jaime Mayor Oreja, Rafael Hernando, Pablo Casado, David González Medina, Manuel González (alcalde de Baralla, Lugo); máis cerca de aquí de todos nós, Senén Pousa (alcalde do Partido Popular de Beade) desde 1974 defínese como *franquista ata a médula* e mantén no seu concello unha rúa Caudillo *porque non molesta a ninguén*, e cada 20 de novembro, coincidindo coa data da morte do ditador, celebra unha misa para honralo. O PP nunca tomou medidas para frear a propaganda do fascismo e rexeitaba o 25 de setembro de 2013 unha proposición non de Lei para que a apoloxía do franquismo estivese tipificada no Código Penal e que aqueles partidos que a practiquen fosen ilegalizados automaticamente. No pleno do debate do estado da Autonomía do ano 2013, 17 de outubro, Feijóo e o Partido Popular rexeitaron unha proposta de resolución, neste caso do BNG, para que dimitisen os cargos públicos que xustificasen os crimes do franquismo. Mentres aquí, as fundacións franquistas reciben todo tipo de facilidades en Alemaña toman medias para cambiar o nome de cuarteis do exército que honran a oficiais do exército de Hitler e a ministra de Defensa ordena a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

retirada dun retrato na universidade de Hamburgo do ex–canciller Helmut Schmidt ataviado co uniforme do exército nazi. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: Plácido, antes que hiciste mención al tema del chiste, mira hay otro chiste en el que se ve u na bicicleta con tres asientos y pone: *nuevo vehículo del PP para llegar al Parlamento de Cataluña*. Antes me decías que la vida da muchas vueltas, pero en este caso *para moitos son voltas de campana*. Por el tema este de la moción del PSOE, estamos en una moción que es muy parecida a la otra, es un tema que, efectivamente, trata una problemática nacional, incluso mundial, pero que obviamente es una temática que hay que debatir en el Parlamento español donde ya hay representantes. Es la misma estafa que la moción anterior, traer aquí a la Diputación de Orense una moción que no es competencia nuestra y que no es particular de Orense. Sin embargo, a pesar que es el mismo *modus operandi* que en la anterior moción y que además esto la hacen en lote para todas las provincias, con lo cual no tienen que trabajar, como tienen que presentar dos mociones al mes, pues muchas de estas son repetidas en lote y no tienen que trabajar. Es también una forma de fomentar la vagancia este tipo de mociones, porque además son estériles. Lo que me llama la atención de este tema es el sesgo que está haciendo, ahora mismo también, el Partido Socialista. O sea, aquí habla del fascismo, del totalitarismo y se refiere al totalitarismo de derechas; no menciona para nada en la moción, no habla nada del comunismo que es una ideología que es la que más miseria ha causado en este mundo, es una ideología tan atroz como es la fascista, la ideología comunista. Entonces no entendemos como intenta traernos aquí un tema para decir que hay que tener cuidado con estos temas ideológicos; pero tapan a uno de los mayores ogros, por no decir el mayor ogro, de las ideologías mundiales que es el comunismo y que todavía existe en el mundo, lo tenemos todavía en Cuba, lo tenemos en Corea del Norte y todavía pervive en muchos partidos que incluso tienen esa ideología, que tienen como base la ideología todavía comunista; como es, por ejemplo, el Bloque, que una carga importante del Bloque, de las Mareas, de Podemos, y todo es el comunismo. Entonces, no entendemos como no hacen una referencia al ogro del

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

comunismo esta moción del PSOE. Si nos lo puede decir en la siguiente intervención, por favor.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular:

grazas presidente. Moi bo día distinguidas señoras e señores, deputados, deputadas e todos os que nos observan directa ou indirectamente. Vamos a solemnizar o obvio, señor Fraga Civeira. Foi realmente máis duro o señor Rodríguez Suárez, pero non me estraña. ¡Que quede moi claro! dende o Partido Popular censuramos, e non é novidade algunha, calquera tipo de réxime totalitario. ¡Pero calquera tipo! Estamos absolutamente en contra, e non é primicia algunha, de calquera ideoloxía con réxime ditatorial que restrinxa os dereitos e liberdades dos cidadáns. En reiteradas ocasións, o Partido Popular condenou, sen vacilacións, os crimes cometidos durante a Guerra Civil por ambos os bandos e, por suposto tamén, os que se cometeron durante o franquismo. Por iso nos reafirmamos, e nos reafirmamos unha vez máis, nas resolucións e declaracións institucionais aprobadas nos últimos anos no Parlamento de Galicia. Teño que facelo e pedinas a propósito porque o señor Fraga Civeira, o Grupo provincial Socialista, *instar ao goberno de España, instar aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais, instar ao goberno do Estado, instar á Xunta de Galicia*, moito instar, o señor Jácome diría que isto é algo exótico, esotérico (iso xa o saberemos despois). Pero mire, se hai que estar instando todos os días, instamos todos os días. Voulle a recordar, o Parlamento de Galicia nunha resolución do 10 de outubro de 2008 (gobernaba no Parlamento de Galicia un bipartito que ben coñecen vostedes) aprobou por unanimidade unha resolución que di textualmente: *o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo e eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos; así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista que este Parlamento, unha vez máis, condena.* ¿Eu non sei que máis poderíamos instar? Porque, ademais, foi aprobado unanimemente. Pero por se non chegara, tamén hai unha resolución do 21 de outubro do 2013 (xa gobernaba o Partido Popular) onde di textualmente: *o Parlamento*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

*de Galicia acorda reprobar calquera manifestación realizada por cargos públicos nas que se xustifiquen os crimes e asasinatos producidos durante o franquismo, pola gravidade que supón dar amparo e xustificar a vulneración de dereitos humanos fundamentais naquela época. Ou, tamén, na resolución do 13 de outubro de 2014, tamén aprobada por unanimidade, que di textualmente: o Parlamento de Galicia manifesta a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco, ao réxime ditatorial consecuenta deste golpe de Estado e aos crimes de represións exercidas sobre as persoas vencidas. Creo que é claro, creo que é conciso e tallante o Parlamento de Galicia. Pero, aínda máis, non faltan mesmo declaracións institucionais do Parlamento de Galicia ao se cumprir 80 anos do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, di textualmente: o Parlamento de Galicia, ao se cumprir o oitenta aniversario dos tráxicos acontecementos que provocaron a Guerra Civil e a posterior ditadura franquista, quere reiterar a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de Estado e aos crimes e represións exercidas durante ás persoas vencidas. E, unha vez máis, o propio Parlamento de Galicia vén de reiterar, ademais, a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e a dignificar a memoria das vítimas da represión exercida, etc, etc...¿En que máis podemos instar á Xunta e ao Parlamento? Non sei, se hai que facelo, faise. E xa de cheo na cuestión que nos solicita aquí, o que reivindica da súa iniciativa e que fala o Grupo Socialista, acerca da modificación do Código Penal. Recordarlle que no texto actual xa castiga como delito todas as condutas de incitación ao odio, á discriminación ou á violencia. Ou tamén, así di o artigo 510.1 que dispón que *los que provocaren la discriminación, al odio o a la violencia contra grupos o asociaciones, por motivos racistas, antisemitas u otros referentes a la ideología, religión o creencias, situación familiar, la pertenencia de sus miembros a una etnia o raza, su origen nacional, su sexo, orientación sexual, enfermedad o minusvalía, serán castigados con la pena de prisión de uno a tres años y multa de seis a doce meses*. Non hai que buscar e nada nos ensina o Código Penal alemán como argumenta aquí. ¡Non hai que ir a Alemaña! Xa o temos aquí señor Fraga Civeira. E, abundando máis, o artigo 607.2 castiga con penas de prisión de 1 a 2 anos a los que*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

(vén en castelán porque é do Código Penal) *por cualquier medio de ideas o doctrinas que nieguen o justifiquen los delitos de genocidio, o pretendan la rehabilitación de regímenes o instituciones que amparen prácticas generadoras de los mismos.* ¿Qué máis podemos pedir? ¿Hai que ir a Alemaña? No, xa o temos aquí. O Código Penal, efectivamente como calquera outro documento ou calquera outra norma, pode ser susceptible de cambio ou de mellora; por suposto que si. Pero, estando como estamos totalmente en contra de que se faga un enaltecemento de réximes que non só poñan en perigo a nosa democracia, senón tamén que atenten contra a dignidade das vítimas, consideramos, iso si, as Cortes Xerais as que estuden e valoren dun xeito sosegado e pormenorizado a posibilidade da introdución no Código Penal do delito de apoloxía ou enaltecemento de réximes totalitarios. Porque digo, todo é susceptible de cambio. No tocante, que tamén nos solicita aquí, no seu argumentario, da proposta de acordo; neste caso no tocante ao acceso a subvencións por parte de aquelas entidades que practiquen apoloxía do franquismo, cómpre unha certa matización. Podendo estar de acordo como estou, e estamos, como está o Grupo provincial Popular, neste punto; facendo extensible a calquera réxime totalitario consideremos que levaría varios problemas a súa aplicación práctica. ¿Por que? Porque, primeiro, ¿quen debe decidir se unha asociación realizou apoloxía do fascismo ou do franquismo? ¿quen? Se vostede nos pode solucionar o problema, estamos abertos. Estou de acordo con iso, pero pregunto, ¿quen debe decidir se unha asociación realizou apoloxía do fascismo ou do franquismo? Segundo, unha vez determinada a persoa responsable, se é que a hai, deste labor ¿ata cando terá que revisar na hemeroteca para emitir unha resolución? Quédame a dúbida. E, en terceiro lugar, ben podería ocorrer que a valoración sexa distinta dunha situación a outra. Neste caso, ¿incorrería en irregularidade a persoa que lle negou o acceso a unha subvención a esa asociación? Consideramos, por tanto, que deben ser órganos xudiciais os que deben decidir sobre esta cuestión. Estean tranquilos porque na Lei de subvencións de Galicia xa se contempla que non poidan ter a condición de beneficiario dunha subvención as persoas ou entidades condenadas mediante sentenza firme á pena da perda da posibilidade a obter subvencións e axudas públicas. Ademais os propios Tribunais teñen a potestade, poden considerar se a unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

asociación como ilícita e, polo tanto, tería vedado o acceso a calquera tipo de subvención. Actualmente dinme o artigo, e despois comprobeino, o artigo 515.4 do Código Penal di unha vez máis (non hai que ir a Alemaña a ensinarnos nada como di no argumentario) que establece que *son asociaciones ilícitas las que, promuevan la discriminación, el odio o la violencia contra personas, grupos o asociaciones por razón de su ideología, religión o creencias, la pertenencia de sus miembros o de alguno de ellos a una etnia, raza o nación, su sexo, orientación sexual, enfermedad o discapacidad o inciten a ello*. Polo tanto, remato como comecei, señor Fraga Civeira, estamos solemnizando o obvio. Condenamos aquí e non somos dubidosos de non condenar calquera tipo de fascismo, e temos Leis e Código Penal que xa instamos e xa fixo pronunciamento abondo a Xunta de Galicia de condenar o fascismo. Se hai que facelo unha vez máis, pois sigamos solemnizando o obvio. Por agora nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Cando se solemniza o obvio unha e outra vez por algo será, será porque é necesario. Igual, señor Rosendo Fernández, que se buscan, que se aquilata moito cando de conceden subvencións para non concederllas, e entendo que atinadamente, a asociacións que fan apoloxía do terrorismo (haxa ou non sentenza firme), naquelas que fan apoloxía do fascismo tamén se pode aquilatar o suficiente para non outorgarllas. Fala vostede do Código Penal. É certo que están recollidos eses dereitos no Código Penal, o problema que nos atopamos é á hora de aplicalos porque, evidentemente, pídese un nexo causal, pídeo a xurisprudencia. En Alemaña non nos atopamos con ese problema, en Alemaña a exhibición dunha bandeira cunha esvástica xa é condenado por si mesmo, en España non, hai que probar esa relación co delito en concreto. Por iso nós promovemos, entendemos, que se debe mellorar a redacción e o tipo deses artigos no Código Penal, porque na aplicación práctica estámonos atopando con eses problemas. É mellor poñer a venda antes da ferida para despois, por iso de non querer mirar, nos topemos con problemas. Mire, aquí na moción, céntrese, a parte diso, en cortarlle as fontes de financiamento, que é ao que se vai, aos grupos, partidos que fan apoloxía do fascismo. Señor Pérez Jácome, referinme varias veces: fascismo e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

réximes totalitarios, van metidos todos; pero entenderá que fale do fascismo porque en España foi o que padecemos. O réxime que houbo aquí, foi un réxime de corte fascista, non comunista. Na moción contémpanse non só as axudas dos que fan apoloxía do fascismo, senón de calquera réxime ou de calquera ideoloxía totalitaria. Tanto nos ten. E vén sendo o mesmo, vén sendo a coacción e cortar as liberdades e dereitos públicos e fundamentais. Falamos do fascismo porque en España foi o que padecemos, non por outro motivo. Con respecto ao da moción, xa que ten a súa curiosidade, aclárolle señor Pérez Jácome que é unha moción que dificilmente atopará vostede nas que nos envían os partidos, simplemente porque non a hai, adaptámola nós. Descoñecemos se é unha moción tipo do partido ou non. Redactámola nós, mellor ou peor, nós. É dicir, non é unha moción tipo, aínda que vostede nos queira acusar disto. Creo que, vamos, no tempo que levo eu aquí, rara é a moción que presentamos que nos mandara o partido, son todas as que presentamos nós. Claro que tocan, salvo nos dous primeiros apartados nos que instamos, nos tres seguintes tocan a esta institución e tocan a esta provincia. Polo tanto, entendo que está máis que lexitimado traelo aquí. Remato dicindo que nós non vimos aquí para pasarlle a proba do algodón a ninguén, señor Rosendo Fernández, en canto á súa condena, alá cada quen saberá o que condena ou o que deixa de condenar, alá cada quen saberá o que ten nas súas filas e o que din e o que non din; nós non vimos a iso. Nós vimos porque nos parece que este problema que estamos vendo, o auxe do fascismos cabalgando nos mesmo cabalo que os populismos, debe ser atallado vía, neste caso que é a vía que nós temos, non dándolles financiamento público. Seguramente me dirá vostede que nunca aquí recibiron financiamento público; non quere dicir, con todo o que vostede me dixo e as preguntas que vostede me dixo, que non as poidan recibir. É certo que a seguridade xurídica ten que operar e non pode ser a dedo de *gústame esta máis, gústame aquela menos*; pero é certo que algunhas cortapisas hai que poñer, seguramente que ao igual que tamén se buscan para non financiar outras entidades. Remato indicando algo, mire porque non se trata dunha cuestión de coartar a ideoloxía de cada quen, trátase de que o fascismo e con el, señor Jácome, o resto dos totalitarismos o que fan e incitar ao odio. Non se trata de respectar a liberdade de expresión, que si, senón que as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

manifestacións fascistas e totalitarias atentan contra o noso sistema e contra a nosa democracia; atacan, como xa dixen antes, os dereitos das persoas e das liberdades que tanto custaron conseguir a todos os demócratas. Iso é ao que nos referimos e por iso é o motivo da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. O BNG hai poucos meses presentaba unha denuncia na Fiscalía contra a Fundación Francisco Franco....aquí aproveito, aínda que xa o fixo o portavoz do partido Socialista, que falaba do comunismo etc, ao mellor teriamos que falar diso de houbera unha Fundación Josef Stalin, por exemplo, pero non, no noso caso o que temos que padecer todos os días unha máis cercana Fundación Francisco Franco que, como digo, vimos de denunciar fai pouco por delito de odio porque as declaracións do seu presidente e portavoz, Jaime Alonso, dicía que *Franco non fusilaba por capricho, foron represaliados por algo*. Isto moi recentemente. Por outra parte, o BNG presentaba unha denuncia no Alto Comisionado dos Dereitos Humanos da ONU en Xenebra pedindo a devolución ao patrimonio público do Pazo de Meirás e a ilegalización desta fundación que fai, claramente, apoloxía do fascismo. Falando de subvencións e de economía, tamén temos que lembrar que a Fundación Francisco Franco ten unha saneada economía e en 2015 tivo uns ingresos de case 180.000 euros: 97.000 e pico de cotas de afiliados e 75.000 e pico de subvencións, doazóns e legados. Entre 2000 e 2003 recibiu 150.000 euros en subvencións do goberno de Aznar. A familia Franco recibiu 53.000 e pico euros da Xunta de Galicia do Partido Popular entre 2011 e 2013 para gastos de seguridade e organización das visitas ao pazo de Meirás. O Partido Popular promociona as actividades da ultradereita e os seus líderes están en primeira fila nos actos que convocan. Estamos ante un caso único na Europa democrática, que xa fora recollido en 2014 nun informe de Pablo Greiff, relator especial da ONU sobre Verdade, Xustiza, Reparación e Garantías de non Repetición. Non é un tema novo porque Compromís xa solicitara no Congreso a ilegalización desta Fundación Francisco Franco e outros grupos denunciaban as vantaxes fiscais e subvencións recibidas polas fundacións franquistas. Hoxe as fundacións fascistas ou nostálxicas do franquismo son utilizadas polo Partido Popular como a punta de lanza

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

contra a democracia e os dereitos das persoas e dos pobos, actuando en moitos casos con violencia e impunidade. En todo caso, e remato, aínda que compartindo o fondo da moción, a única pega que lle podemos poñer é que a traian aquí a este foro e non a leven a outros, cando teñen a posibilidade de formulalo, por exemplo, como proposición de lei no Congreso, onde o Partido Popular non ten maioría absoluta. Porque quero lembrarlles, por se aínda non se decataron, que no Estado goberna o Partido Popular en minoría, e vostedes, señores e señoras do Partido Socialista teñen unha oportunidade histórica para cambiar o *statu quo*; non so para modificar o Código Penal, senón tamén para eliminar todas aquelas Leis que son claramente inxustas e que agreden ao pobo. En función de todo isto e, como digo, aínda que estamos no fondo de acordo co que se formula e co espírito da propia moción, no caso concreto desta moción e no foro no que estamos, vamos a abstermos. Nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: solamente decir, para prevenir en el futuro, no nos vamos a fijar en el pasado, en lo que nos pasó a nosotros en el pasado, en nuestro caso concreto, que es el razonamiento del PSOE. Es un poco raro el razonamiento, es decir, acaba de decir, bueno nosotros hoy aquí hablamos solo del fascismo porque es lo que padecemos; es como decir, vamos a tomar medidas contra los terremotos porque tuvimos un terremoto, pero no vamos a tomar ninguna medida contra las inundaciones y contra lo que pueda pasar. Es un razonamiento un poco raro. Ahí realmente se ve el sesgo, el sesgo claramente es que vosotros tenéis cierto guiño con los regímenes totalitarios de extrema izquierda. Eso es lo que realmente aflora en esta moción. Nada más.

D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Popular: grazas presidente. Eu, antes de responder a algunha cuestión, preguntaría ao señor Rodríguez Suárez se facerse se facerse unha foto diante do Val dos Caídos e publicitala a través do facebook é apoloxía do franquismo, nostalxia do franquismo ou non é nada. Se mo di, quedaría máis tranquilo. Porque máis non, pero antifranquista máis ca eu, non o é. Asegúrollo. E seguramente padecín máis que vostede. Polo tanto, nunca se me ocorrería ir ao Val dos Caídos (que fun unha vez, por certo) pero non facer fotos e publicitalas a través do facebook. Pero en todo caso, para dirimir dúbidas, estaría ben

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

que se expresara. Señor Fraga Civeira, mire, eu sempre recordo, sabe que non son licenciado en dereito, non son avogado, pero todos acostumamos a oír, ou estamos acostumados, que a nosa xustiza é moi garantista, oímolo moito. Mire, nós temos un Código Penal para estas penalizacións, e acábolle de dicir o artigo 515.4 que cando me dixeron que existía, pero como non son de dereito fun a lelo e plasmeino aquí, non o vou a repetir outra vez. Tendo unha xustiza tan garantista, tamén encaixa dentro do normal que se é garantistas para unhas cousas, para outras tamén. Con iso non estou dicindo, que xa lle dixen que todo é modificable. Niso estou de acordo co señor Ramiro que teñen que ser as Cortes Xerais as que legislen, que para iso están. Dígollo así de claro. Tamén lle teño outra cousa que dicir, sufrir como sufrín do franquismo, que non coñecín aos meus *abuelos* por culpa do franquismo, a ningún, eu castígoo coa indiferenza. Se algo me chama a atención ultimamente é que, despois de corenta anos, sigamos co franquismo, co franquismo...Eu castígoo coa indiferenza, por iso non falo. Igual que cando no quero ver a unha persoa, son pouquiñas, pois mire, nunca falo delas. Castigo coa indiferenza. Pero é que estamos vendo que se o franquismo, que se o franquismo...Iso non quere dicir que haxa, efectivamente, algún motivo como o que dixo do Pazo de Meirás e tal e tumba, que poida ser, pero non é para estar todos os días recordando o franquismo; porque xa desapareceu hai corenta anos. En terceiro lugar, pon no punto quinto: *aumentar a dotación económica, actualizar e ampliar o contido do proxecto "A represión na provincia de Ourense"*. Quero recordarlle que este grupo provincial, este grupo de Goberno co seu presidente á fronte, este señor presidente acaba de firmar o 7 de novembro un decreto polo que se autoriza a execución dun gasto por un importe, que pon aquí o decreto que poden contemplar todos vostedes, contra á aplicación orzamentaria que pon aquí para ordenar a execución de dito gasto para un contrato de investigación entre a Universidade de Vigo e a Deputación provincial de Ourense para a realización, por parte do departamento de Historia, Arte e Xeografía da Universidade de Vigo a través da súa Área de Historia Contemporánea, do proxecto de investigación *A represión económica da provincia de Ourense* para a Excelentísima Deputación de Ourense. Pódolle dicir que a Deputación de Ourense, non sei se será a única porque non o sei, pero é das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

únicas que lle podo dicir que ten na súa conta unha web sobre a represión na provincia, que a ten aberta e que o poden consultar todos vostedes. Se seguramente se a miraran, igual desaparecería o punto quinto. Pero tamén é verdade que o decreto do que lle falo agora está firmado dende hai uns cantos días. Nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moi ben, empezando polo final, precisamente porque a miramos é polo que a traemos aquí; porque nos parece que é preciso ampliála e continuar con este proxecto. Evidentemente, cando presentamos a moción descoñeciamos a existencia dese decreto do que se nos dá conta na convocatoria deste pleno. Fíxese que atinados andabamos nós para traelo. Pero, de todas as maneiras, eu entendo que aquí tiñamos que traer os argumentos que tiñamos que traer. Pero en ningún momento se trata de facer alusións persoais, nin do que vostede falaba; trátase de que nós asistimos con preocupación ao auxe destas condutas e destes grupos fascistas e totalitarios que moitas veces van unidos a cabalo do populismo. Señor Jácome, non ten máis que ler vostede a moción, e que xa non sei como responderlle. Simplemente as propostas de acordo. Punto 1, *apoloxía do fascismo e do totalitarismo*, eu que sei, se teño que ir totalitarismo un por un, tantos como sistemas políticos ten habido, ¡xa me dirá vostede!. Máis adiante, no punto 3, *apoloxía do fascismo en calquera das súas formas*; 4, *ideoloxía fascista ou totalitaria*; eu non sei xa como explicalo máis veces para enténdelo aí. Remato dicindo, mire, non é necesario rizar tanto o rizo. As propostas son moi sinxelas, son moi de entender. Instar a quen ten que modificar o Código Penal, que son as cortes parlamentarias, instalos dende aquí. Nós podíamos telo feito a través como di o señor do Bloque (lamento a súa abstención por unha escusa, *bueno, oye*, cada un busca as súas, pero lamento neste caso a súa abstención); instámolo ¿a través de quen? Pois a través de quen ten que cambialo que é o órgano lexislativo, as Cortes Xerais do Estado. ¿E no demais? Naquelas administracións públicas que manexan diñeiro público e que reparten subvencións, que busquen a maneira de non financiar a estes grupos políticos que o que queren é botar abaixo o sistema de dereitos e liberdades que tanto nos custou conseguir a todos. Non é cuestión (que poderíamos, recorrendo ao pasado) de andar con aquilo de *y tú más*. É tan sinxelo como previr de cara ao futuro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Ese é o motivo e ese é o espírito desta moción; se o queren entender, ben e senón, eu non sei como explicarllelo mellor.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

123

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao goberno do Estado e aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais para que contemplan a modificación do Código Penal e fagan a pertinente introdución dun artigo que prevexa e castigue o delito de apoloxía do fascismo e do totalitarismo.

2º.- Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia para que desenvolvan as medidas normativas específicas para que se impida o acceso de calquera entidade que practique a apoloxía do fascismo ás subvencións de carácter oficial de ambas as dúas institucións.

3º.- Desenvolver unha norma específica nas bases de subvencións e axudas desta Deputación que prohiba o acceso a elas das entidades que promovan os delitos de odio e fagan apoloxía do fascismo en calquera das súas formas.

4º.- Promover, entre os concellos da provincia, que se adhiran a un compromiso asinado polo cal se estableza a obrigatoriedade de introducir unha norma nas bases de axudas e subvencións municipais que impidan o acceso a elas, das entidades que propaguen a ideoloxía fascista e/ou totalitaria.

5º.- Aumentar a dotación económica, actualizar e ampliar o contido do proxecto “A represión na provincia de Ourense” así como da web correspondente.

14º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á ELIMINACIÓN DAS TAXAS EMITIDAS POLA PASADA VAGA DE LUMES.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Orensana: hola, ¿qué tal? Buenos días, otra vez. Antes de empezar esta moción (voy a intentar ser rápido, para intentar estar fuera de aquí, todos me dijeron que había que acabar 14:30-15:00, me comentaban algunos compañeros). Bueno, total, (yo me iré antes, yo tengo que irme antes de que os vayáis todos por obligaciones que tengo; sino me quedaría media hora después sin problema) bueno, antes de nada tengo que decir que esta semana no podemos olvidar, porque hay que decir todo, que se archivaba definitivamente el tema de la denuncia que había puesto Democracia Orensana, un pleito que seguía vivo por aquí las venturas, los *affaires* amorosos (por llamarle así algo) de aquí el presidente de la Diputación, José Manuel Baltar, y quedaba definitivamente archivado por la Audiencia. Lo que se dice básicamente en la sentencia es que se vienen a reconocer que esos hechos son ciertos, con lo cual la actitud es deplorable; sin embargo se considera que no hay un delito penal. Aquí quiero rescatar simplemente la diferencia con Estados Unidos. En Estados Unidos sabemos que hay unos casos, ha salido incluso en la revista *Time* como tema del año, por el tema de que, efectivamente, en Estados Unidos todavía no está nadie condenado; sin embargo ya a las personas que queda constatado que han hecho eso – el tema de abuso sexual y todo eso - obviamente son expulsados de sus empresas, totalmente repudiados. Fíjense la diferencia con lo que ha ocurrido aquí, es decir, esta persona los jueces han considerado que no es delito penal lo que ha hecho; sin embargo, sí, la sentencia viene a reconocer que los hechos son ciertos – de hecho ahí están las grabaciones - y ustedes, que son el Partido Popular, no echan a esta persona de su cargo, ustedes lo arrojan. Es la diferencia entre Estados Unidos y lo que está haciendo el Partido Popular con José Manuel Baltar. Aunque sale absuelto, los hechos son ciertos, y ustedes lo arrojan; es decir, sigue siendo reprobable la actitud que hizo este señor. ¿Qué ocurre? Yo pensaba si esto va a ser realmente bueno o malo. Yo digo, yo creo que para nosotros hasta es bueno, para Democracia Orensana, ¿por qué? Porque si la gente sabe que esos hechos son ciertos y que esta persona sigue en su cargo quien lo tiene que echar, en este caso, ya no son los jueces sino son los votantes en el año 2019. Y Plácido, dime tú cómo vas a salir de esta historia porque en la Xunta os escapasteis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

porque la gente, en la Xunta era otra historia, porque no votaba alcaldes. Pero digo yo, cada voto, cada persona que te vote a ti de alcalde es un voto que directamente va a José Manuel Baltar. La gente odia a José Manuel Baltar, prácticamente el 99% de la población, es la persona más odiada de Orense, es un tío repudiado, no conozco a nadie que hable bien de él; *porque mira que de min, uns dicen que estou tolo e outros que non*, pero es que de este, todo el mundo habla mal de él. Cuando la gente sepa que el voto va para ti, pero también es para él ya me encargaré yo de hacer una campaña diciendo eso. Todos los que te voten a ti, es voto para él indirecto. Eso va a tener un coste. *¡Rite, rite, despois do de Cataluña, estráñache do que pasou en Cataluña!* Eso por un lado que había que decirlo, por otro lado (iba a decir: queridos telespectadores, a ver si me centro que estoy en la Diputación, aunque yo realmente hablo más para la tele y lo sabes ¿verdad Plácido?) por otro lado vamos ya, antes de esta moción, no quiero alargarlo más, pero es que tengo que ponerlo en contexto antes de hablar *do que pasou co tema dos incendios e todo iso*, hoy sale aquí, en *La Región*, en *La Región* ¿cómo no!, porque en *La Voz de Galicia*, como *La Región* es realmente el periódico subvencionado y aquí sale, *é o que faltaba, xa o dixen eu fai pouco*, aquí tiene: *empresarios chinos sellan una alianza empresarial con la provincia*. Aquí está. Y aquí está Baltar *cos chinos, ¡faltaban os chinos!. ¡Temos os americanos, que xa fixo alí a expedición, dúas; veñen os chinos e agora os suevos!* Que lo de los suevos va a traer cola. Plácido, ¿sabes a cuánto va a salir lo de los suevos? Echa cuentas, esto va a ir a medio kilo, divídelo entre 100 días de exposición, sale a 5.000€ por día. Con 5.000€ por día podías tener al mejor grupo de jazz de Europa tocando todos los días en un sitio distinto y grupos distintos. Es lo que demuestra lo que son los desatinos de este hombre. Hacer una exposición técnica, que es para técnicos lo de los suevos, que es algo realmente técnico, de especialistas, y lo trae a Orense, porque obviamente nadie, a ninguna provincia se le ocurre gastar el dinero en esa animalada y *¡ahí o tes! Como fixo o que fixo coa Volta Ciclista a España*. Nunca la Vuelta Ciclista a España estuvo cuatro días en una provincia, nunca, nunca en la historia; la trae él y dice: esto es que va a realzar la provincia. Bien, ese mismo año, cuatro meses después, la provincia de Orense es la que menos crece en turismo de toda España, ¡ya me dirás tú los resultados

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

que tiene este hombre! Decir también que eso, que también se está fraguando, a ver en lo que queda lo que quiere hacer ahora, que quiere financiar a un piloto de rallies de Suzuki, a un piloto de rallies de Suzuki, lo cual es redundante y una aberración por lo siguiente. La gente toda del mundillo de los rallies ya conoce Orense porque el rallye de Orense es el más famoso de España, entonces, hacer publicidad en el mundo de los rallies de Orense es absurdo y redundante, totalmente. Pues se va a gastar varios miles de euros, ya estaremos también encima de ese tema. Decir también que esta semana y a él le encantará, a Baltar que es un hombre superlativo que dice: la primera vez que se hace en Orense, la primera vez que se hacen los presupuestos, pues ahora estarás contento, ¡caray!, unos arquitectos de Londres acaban de dictaminar que el puente del Milenio no solo está entre las obras arquitectónicas más modernas, más feas del mundo, se votó que era el más feo, entonces ¡coño! tú estarás contento, y yo casi también lo pienso, ya que dictaminan que está entre los más feos, es mejor que pongan que es el más feo. Supongo que ahí Baltar está contento porque nos dan que es el más feo. Bueno, con todas estas historias, con todo lo que va a desbarrar con los suevos, gastar y todo lo que despilfarra en la provincia y todo eso; lo que gastó hace poco con el periódico de La Región, 2.700.000€ de un archivo histórico. Por cierto, tenéis 20 días para contestar la demanda. Ya está la demanda ahora, tenéis en plazo 20 días hábiles, o sea que tranquilos, hasta el 1 de febrero no tenéis que contestar la demanda. Tenéis que contestar la demanda que es la mayor estafa, de las mayores que ha habido en la provincia de Orense perpetrada por este hombre, nos estafó a los orensanos 2.700.000 € dándolos al periódico *La Región*, por algo que ya existía, porque el archivo histórico de *La Región* ya está en la biblioteca pública, bueno, en la calle Concejo ¿vale?, pues nos estafó con 2.700.000, a ver en lo que queda en el juzgado. Tenéis 20 días para contestar a la demanda que creo que ya estáis creo que emplazados. Con toda esta historia, vamos a contar un poco lo que pasó debido a la falta de programación para prevenir los incendios, una de las catástrofes que sufrimos en bucle cada cierto tiempo, y no se toman realmente medidas reales para atajar este tema. Total, que el 15 y 17 de octubre de este presente año tuvimos un golpe de los incendios realmente fortísimo y al ayuntamiento que más afectó fue a Carballeda de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

Avia que prácticamente afectó al 70% de la superficie. Bien, como ustedes saben, esto sí que ya fue noticia y es por lo que sale Orense (salió incluso en las televisiones nacionales), pues se le pasa a esta persona una factura para que pague los daños de la extinción. Está privatizado realmente el tema del Consorcio, que esa también es otra, o sea, la pregunta es la siguiente ¿por qué el Teatro Principal nos cuesta 3.000 € al día y también el Centro Cultural Marcos Valcárcel, 3.000 € al día? El Teatro Principal donde su *ex* es la gerente, es la que lleva el Teatro Principal (que seguramente iba en el acuerdo cuando hicieron el divorcio, *tranquila que ya te dejamos un chollo de los mejores de la Diputación*) y le meten un sueldo en torno a 4.000 € líquidos al mes a una persona que es una inútil, la *ex* de él, porque (digo inútil porque lo que es medible, no es opinable) porque genera una pérdidas de 4.000 € al mes e ingresa en entradas un 2% de los gastos del Teatro. Vaya genio de los negocios, o de la gestión, perdón. Bueno, pues una vez que hay eso, le llega a una de las personas afectadas; o sea, *ti imaxínate, cando tes o tema dos incendios que quede a casa totalmente calcinada, as túas propiedades e de repente te chega, aínda encima, unha factura de 835€ da Deputación polo tema dos gastos da extinción de incendios e todo iso. Tu imaxínate como queda esta persona. ¿Qué ocurre?* A partir de aquí, la Diputación de Orense, supongo que Pablo luego nos dirá, nos dice que ha sido un error y que errores cometemos todos. Pero claro, oye, que cometáis este bestial error, que realmente esto deja a la persona por los suelos, que cometáis este error en lo que siempre está cacareando: provincia inteligente, que es la mejor gestión y que además está todo informatizado que esto es el no va más, pues ya es donde se ve que todo lo que dice este hombre es una mentira. Vale, pero ¿qué ocurre? Que al cabo de unos días cuando ya dices fue un error puntual y errores pueden tener todos, vale, de repente empiezan y sale otra, aquí viene Antonio Judas Vázquez, y al cabo de una semana viene otra: Manuel Alonso Vázquez. La misma historia. Entonces no estamos hablando ya de errores puntuales, estamos hablando realmente de que sois una nulidad. ¿Qué ocurre? Esta persona, realmente la primera, corrígeme después si me equivoco, reconocéis el error y entonces esta persona no va a tener que pagar o bien se le abona el dinero; pero en la segunda os mantenéis en vuestras trece de que esa persona tiene que pagar y que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

no hay forma de apagarlo, cuando realmente otros informes y lo que dicen los expertos es, como bien dicen en Carballeda de Avia, el incendio en tres días no se extinguió porque siguieron habiendo ahí rescoldos y entonces ellos consideran que, al final, hubo en torno a 10 - 15 días en los que tardaron realmente en extinguirlo al 100%. Pero, claro, solo cuatro días después, sobre el 21 de octubre, se reaviva el incendio y afecta a la propiedad de esta persona, que es Manuel Alonso, y vosotros le cobráis y ahora sí que aquí le negáis realmente el error; es decir, no es ningún error, lo tiene que pagar, cuando realmente todo el mundo sabe, todos los expertos, yo no sé qué tipo de expertos tenéis vosotros en este Consorcio privatizado, pero nosotros hemos consultado incluso en alguna universidad y lo que nos dicen es que es difícilísimo no encontrar una relación causa - efecto. ¿Cómo puedes decir que no hay relación cuatro días después, cuando Carballeda de Avia reconoce que tardaron en extinguirlo totalmente entre 10 y 15 días y cuatro días después de la catástrofe vosotros os queréis desmarcar?. Entonces, ¿cómo no cubrís esto cuatro días después de la catástrofe, solo cuatro días después? Cuando sí que cubrís, por ejemplo, animaladas como lo que vais a cubrir de querer financiar a un tío que anda pilotando rallies, o lo de los suevos, o lo que yo decía el otro día, financiáis a gente que vive en Nueva York, le financiáis conciertos gratis en Orense; ¡oye, perdona! es al revés, el que se va a la emigración tiene que mandar dinero a la zona pobre; no de la zona pobre le mandamos a los ricos. No hagáis la emigración al revés. Entonces, por eso esto es realmente hiriente, porque una persona que va diciendo provincia inteligente, provincia inteligente y quiere esquilmar aquí a los ciudadanos con estas historias, cuando no le pagamos esto. Pero esto, realmente, tiene muchísimos más agravantes porque resulta que vosotros, que negáis esta historia, explícame por qué, a ver por qué me lo negáis, nosotros llevamos aquí una moción en la que vosotros no estáis de acuerdo en lo que nosotros aquí pedimos, pero explícame por qué tenemos aquí una historia en la que en el Ayuntamiento de Ames, donde está el Partido Popular, el Partido Popular presenta una moción (¿eres conocedor de eso o no?, no eres conocedor ¿verdad?) en la que le está pidiendo a la Diputación lo mismo que hoy pedimos nosotros aquí y que tú, en principio, vas a denegar, como ya nos habéis dicho antes. Vosotros mismos os estáis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

contradiciendo porque el Partido Popular en otros concellos de Galicia está leyendo el mismo párrafo que luego te leeré. Entonces explícame, por favor, esa doble vara de medir que tenéis. Nosotros pedimos, obviamente, que a estas personas se les considere que esto ha sido realmente una catástrofe, que entra dentro de la catástrofe de esos días, con lo cual no se le puede cobrar, no procede el pago de los 835€ a *unha persona, aínda encima que lle destrozan as propiedades, que lle veñades vós con estas lérias* y, por supuesto, que se revise la Ordenanza para que esto no vuelva a ocurrir. Ya que no desbrozáis los caminos, os reísteis de nosotros cuando dijimos que había que abrir más cortafuegos y todo eso, cuando no tomáis ninguna medida real, por lo menos no os cebéis con los vecinos cuando sufren la catástrofe. *O mínimo que se pide é que non vos cebedes cos vecinos cando hai estas catástrofes. O diñeiro público, en caso de tirar diñeiro público por aí, está para tirar nestas cousas. Por exemplo, imaxínate, ao mellor que nos equivocamos con esta persona e que realmente o incendio non forma parte desa cadea de incendios; pois non importa, é dicir, o diñeiro público ao mellor está para equivocarse (en caso de que nos equivocáramos) en temas como este.* No, vosotros preferís equivocaros en temas como los de los suevos y todas estas tonterías en las que gastáis el dinero, que gastáis 3.000 € al día en el Teatro Principal; es decir, en el Teatro Principal gastáis casi cuatro veces más que lo que le queréis cobrar a ese vecino de Carballeda de Avia. Pero, no te olvides, es que en Carballeda de Avia es donde realmente vosotros no aparecisteis por allí, hasta cuatro días después de los incendios y ni siquiera fuisteis al entierro de la persona que murió en Ourense por esos incendios; o sea que realmente la cosa trae cola, trae agravante. Nada más en la primera intervención.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Fai algo máis dun ano aprobábase a Ordenanza fiscal xeral de contribucións especiais do Servizo de Intervención en Emerxencias do Consorcio Provincial. Aí definíase o feito impoñible, quen non estará suxeito ao pagamento das taxas, por exemplo no artigo 3b), *os servizos que se presten en beneficio da*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

xeneralidade da veciñanza. Defíníase tamén algunha exención. Estamos, pois diante dunha ordenanza que definía en que casos e a quen lles é de aplicación responder da obriga tributaria. Nós consideramos varias cousas. En primeiro lugar, que as normativas, e tamén as ordenanzas de prezos públicos, deben estar ao servizo da xente e non ao revés. Cando resulta que producen resultados aberrantes é preciso cambialas. Resulta evidente que podemos constatar que é un resultado aberrante que a unha persoa á que lle arde a casa, que é un dos bens máis prezados se deixamos a parte o que é a vida propia ou da vida dos familiares de calquera galego, que os servizos de emerxencia encima lle intenten ou pretendan cobrarlle por intentar salvarla. Tamén, en segundo lugar, pensamos que os servizos de emerxencias e os parques municipais de bombeiros son un servizo público que os e as cidadáns e cidadáns mantemos cos nosos impostos, tanto a través das achegas da Xunta, da Deputación (no noso caso, de concellos de menos de 20.000 habitantes) e dos concellos de máis de 20.000 habitantes. Compartimos a necesidade de que existan prezos públicos para a prestación deste servizo, pero para supostos moi taxados: actuacións en accidentes de circulación cando os responsables civís sexan as aseguradoras, mesmo para vivendas cando existan seguros, para actuacións en rescate de animais domésticos, apertura de domicilio, etc... A ninguén se lle escapa que, en ningún caso, é equiparable a actuación do servizo de emerxencias para rescatar un gato, por exemplo, no que nos parece comprensible que se devindique unha contraprestación económica, coa actuación dos bombeiros cando se está en perigo a vivenda habitual ou a propia vida das persoas. Un incendio nunha vivenda é un problema non só para os e as afectadas senón que tamén pode devir nun problema de orde pública, xa que pode afectar a vivendas e bens públicos e privados e mesmo á vida de terceiras persoas. ¿Que mensaxe lle estamos trasladando aos ourensáns e ourensás con esta actuación para cando se vexan nunha situación así? ¿Que cando vexan que a cousa se pon fea mellor non chamen aos bombeiros que ademais de perder a casa van ter que pagar e que polo tanto poñan en perigo a aldea enteira? Desde o BNG xa denunciemos, no seu día, a situación de discriminación que sofren os cidadáns en función do lugar de residencia ou do lugar do que sufran unha emerxencia, xa que existen gran disparidade de ordenanzas nas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

que se cobran non só contías, senón conceptos moi diferentes. De aí que propuxéramos rematar con ese disparate e establecer un prezo público e conceptos unificados para todo o territorio. E, en todo caso, que existise unha serie de prestacións derivadas de sinistros e emerxencias, como a que se suscita neste caso, que se consideren cubertas polos impostos que todos e todas pagamos. Non nos parece de recibo engadirlle outra carga máis a quen acaba de sufrir unha desgraza como pode ser perder a súa vivenda. Polo tanto, propoñemos trasladarlle á Xunta a necesidade de establecer criterios comúns para todo o territorio e, en todo caso subsidiariamente, mentres isto non aconteza, acometer unha revisión en profundidade desta Ordenanza para adecualala á realidade social que atende e dotala de equidade, xustiza e case diría que sentido común. E finalmente, que para este caso concreto, os servizos xurídicos busquen algunha fórmula que permita, definitivamente, a exención do pago a este cidadán. Nós, en principio, vamos a votar a favor desta iniciativa. Nada máis nesta primeira intervención. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, señor presidente. Sobre a xestión directa do Consorcio de incendios e salvamento, xa temos debatido aquí en varias ocasións e é pública cal é a nosa postura acerca da xestión directa do mesmo. Sobre a existencia dunha Ordenanza reguladora dunha taxa por prestación dun servizo (non confundir co que se mencionou aquí, coa contribución especial que se lle cobra ou que se lle pasa á patronal dos seguros, como escoitei), sobre iso pódese discutir, a cerca da súa conveniencia ou non; incluso acerca da regulación da mesma e dos supostos tanto de bonificacións como de exencións contemplados na mesma. Pero o que nos trae aquí a moción, agora véxoa como un caso concreto, eu pensei que era algo máis porque ao ler a mesma falábase de que se enviou a algúns veciños, eu entendo que foi a un - en todos caso xa nos aclararán esta cuestión - entendía que fora a máis veciños pola vaga de lumes. Lida a Ordenanza, é certo que hai una exención no capítulo, creo que é, no 3b no que fala que *non estarán suxeitos a pagamento da taxa os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza, ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados nos casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada*. Ben, eu digo isto porque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

non me gusta facer demagogia cunha cuestión de calamidade pública, como foi esta, e con danos persoais. Entón, estamos falando dun caso concreto, entendo eu, e nós, o noso grupo, o que quere saber é, e queremos que sexa a través de informes técnicos porque eu non son quen, ou declárome incapaz, para determinar se hai unha relación de causa efecto entre a vaga de lumes e o incendio deste ben en concreto. E aclárome, e pedirei neste caso un informe ao secretario, porque no caso de que exista esta taxa ben liquidada, senón estaríamos cometendo algún tipo de prevaricación por eximir a unha persoa de non cobrarlle esta taxa e a outras persoas, ás que tamén lles arderon as súas casas noutros lugares da xeografía ourensá e tamén atendidos polo consorcio, se lles cobrou esta ordenanza. Estaríamos sendo inxustos e eu non sei se raiando en situacións *cercanas* ao delito. Por iso eu quería que, antes de votarmos, que o secretario nos poda aclarar este extremo; é dicir se, entendo que hai esta relación causa efecto entre a vaga de lumes e a Ordenanza en si mesma, eu entendo que isto, e doulle a razón á moción que di aquí Democracia Ourensana: *pedir ao presidente da Deputación de Ourense que inste ao Consorcio Provincial contra incendios e salvamento á que proceda á anulación da liquidación das taxas emitidas polas intervencións durante a vagas de lumes*. Eu a isto doulle a razón e entendo que é así, durante as vagas de lumes está contemplada esa exención e, polo tanto, non se pode liquidar una taxa por este servizo. A nosa dúbida, antes de votar e que queremos que nos aclaren, é se isto corresponde, porque non é un tema menor, se corresponde realmente coa vaga de lumes ou non. Eu non son quen, nin creo que os meus compañeiros, para determinalo porque non somos técnicos. Gústame que haxa un informe técnico que me diga que decisión imos tomar. Despois, con respecto ao segundo punto, ¡home!, é que é imposible non estar de acordo tamén porque *pedirlle ao presidente da Deputación de Ourense que inste ao Consorcio Provincial de incendio que estude se é necesaria a reforma da Ordenanza fiscal reguladora das taxas de intervención contra incendios, a fin de que non se apliquen ante a vaga de lumes*. Como non vamos a estar de acordo de que se estude isto. Agora ben, e volvo, indo ao caso concreto, a este caso concreto que eu xa digo, a vista da moción, eu pensei que eran máis, nós o que queremos saber para a hora de votar é que se nos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

aclare estas dúas circunstancias. Unha, se hai unha relación causal coa vaga de lumes; entón entendemos que ten que estar exento. E segundo, non sendo así, ¿en que responsabilidade incorremos nós á hora de votar para eximir a un contribuínte dunha taxa que, noutros casos, se aplicou. É o que nos queremos saber á hora de votar, sen entrar noutras consideracións que, xa digo, a nosa postura con respecto a esta vaga de lumes xa foi exposta aquí, cando foi da moción que se tratou. Do tema de Carballeda de Avia xa falamos amplamente, tamén, e do tema do Consorcio Provincial de incendios tamén xa se debateu aquí e a nosa postura xa está clara o mesmo sobre o respecto, entendemos que ten que ser un servizo de xestión directa polas características do mesmo e, tamén o dixemos daquela, pola seguridade xurídica do mesmo. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular: moitas grazas señor presidente. Vou a ser breve na miña intervención, breve pero conciso, señores de Democracia Orensana, porque non vou dedicar máis que o tempo xusto para desmontar unha moción que non ten outro cualificativo que mentira. Si, señores, mentira, así de sinxelo llo digo, porque ningún veciño recibiu ningunha taxa (así se chama, non factura, taxa) polos incendios acontecidos na vaga de lumes que afectou a Ourense os días 15, 16 e 17 de outubro. Dramáticas xornadas nas que se declarou a situación dous nesta provincia pola proximidade do lume a un gran número de zonas habitadas. ¿Saben cal é a verdade de toda esa *retahíla* de mentiras nas que falan na súa moción?, que por certo, falan de taxas, que se enviaron taxas as casas afectadas, taxas. Unha. Voulle a desmontar a mentira. O día 21 de outubro as 4:59 da mañá foi solicitada a intervención dos bombeiros do Parque Comarcal do Carballiño-Ribeiro polo 112 na localidade de Saa. Alí trasladouse unha dotación composta por dous vehículos e catro bombeiros -tamén estaba o GES de Avión e o GES de Ribadavia- que concluíron os labores de extinción do lume tres horas despois. Esta intervención foi cualificada polos bombeiros como unha actuación ordinaria e non o digo eu, señor Fraga Civeira (diríxome a vostede porque vostede faloume dos informes), senón que non o digo eu, dinos os informes redactados polos técnicos (estes que teño na man, se alguén lles interesa, pódollos pasar); é dicir, un incendio que nada tivo que ver coa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

vaga de lumes ocorrida cinco días antes. Voulle a ser breve , resumindo un pouquiño algunha parte delas. Este informe é do xefe dos bombeiros, porque suponse que os bombeiros son os que saben (os compañeiros de Democracia Ourensana son *todólogos*, saben de todo). *En relación á cuestión que obedece este informe e expresamente preguntado polo xerente do Consorcio de Ourense, destaco a data de intervención, ás 4:59 do día 21 de outubro, entendéndoa fóra do contexto en situacións vividas os días 15, 16 e 17; é dicir, non producíndose na identificada como vaga de lumes.* Ese mesmo día, 5 de decembro, o xerente do Consorcio, funcionario por certo, emite este informe: *á vista da revisión do cotexo de toda a documentación anteriormente citada, primeiro, poñer de manifesto que o citado sinistro non se produciu na temporalidade da vaga de lume que asolou a provincia e, concretamente, a comarca do Carballiño-Ribeiro que, como é sabido, deuse por rematada oficialmente o luns 16 de outubro de 2017. Polo tanto, as causas do incidente non son imputables ao episodio mencionado. Revisados os datos relativos á titularidade da vivenda, que figuran no parte de intervención literal emitido pola empresa, detectouse que estes non son totalmente correctos, concretamente os que atinxen á identidade do suxeito pasivo. Procedendo, por tanto, dende esta xerencia a corrixir de inmediato tal extremo, dando conta ao servizo de Recadación da Deputación Provincial para que rectifique a notificación cursada e se tramite a nova liquidación.* Isto foi o día 5 de decembro. O día 12 de decembro, remítesenos outro informe (que non o vou a ler todo, pero si unha parte e lla vou a pasar agora) que pon: *en relación á cuestión que obedece este informe, e expresamente preguntado polo xerente do Consorcio de Ourense, destaco por un lado a data da intervención 2017/185 ás 4:59 do día 21 de outubro, entendéndoa fóra do contexto e situacións vividas os días 15, 16 e 17; é dicir, non producíndose na identificada como vaga de lumes. Por tanto, a que se o seu orixe se obedece á situación descrita, deberíamos ter a constancia diso sen que transcorrese un período de tempo entre ambos os dous sucesos, destacando ademais a ubicación do foco do incendio confinado nun galpón anexo a unha vivenda. Non sendo, neste caso, consecuencia da vaga de lumes. Determinado isto, unha vez visitado o lugar de intervención e valorando a realidade física do galpón e da*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

vivenda, sen observar tecnicamente ningún indicio de propagación ao interior do inmovible. Por favor, pódesslle pasar isto alí ao señor Fraga Civeira que foi o quen nos pediu. Se lles interesa aos outros, pásollo. Ramiro, ¿non lle interesa? Ah, vale, a vostedes non lles interesa. Esta intervención foi cualificada polos bombeiros como actuación ordinaria e non o digo eu, dino os informes que lles acabo de ler; é dicir, un incendio que nada tivo que ver coa vaga de lumes ocorrida cinco día antes. Á hora de emitir a correspondente taxa, produciuse un erro de identificación da parcela afectada e, en consecuencia, do seu propietario. Un erro administrativo rapidamente reconvertido en mentiras e descualificacións gratuítas nas redes sociais e aproveitado por vostedes sen o máis mínimo pudor (a algún díxenlle: *Armando, estaste columpiando*). Unha vez que nos decatamos deste feito, procedemos a emendalo e mesmo chamei e presentei persoalmente miñas desculpas pola situación xerada e automaticamente anulouse a taxa emitida ao ser un feito demostrable o erro da identificación. Iso foi todo, señores de Democracia Orensana, unha intervención ordinaria dos bombeiros, case que unha semana despois da vaga de lumes, cun erro de identificación da persoa á que se lle prestou o servizo, a conseguinte anulación da taxa que se emitiu e, claro está, a emisión da taxa correcta. Non hai caso, señores. O único que hai é un xeito deplorable de facer política, sen rigor algún, sen reparos, con mentiras como esta, coa única procura de desprestixiar como sexa o traballo deste Goberno provincial e da institución. Ata resulta inconcibible que me falen a min de descoñecemento absoluto da propia Ordenanza do Consorcio. Vostedes, señores de Democracia Orensana, si que amosan un profundo, pero tamén gravísimo descoñecemento do funcionamento desta institución; mesmo do mundo das redes sociais, dando veracidade a comentarios sen facer a máis mínima reflexión e deixándose levar por un afán populista e electoralista. O señor Armando publicou no facebook, no seu facebook, ao día seguinte, compartiu iso que tal...eu supoño que ese día que a compartiu xa falaría cos expertos da Universidade, ¡claro! O sábado pola noite, ás 11 da noite, vostede xa chamou a todos eses expertos dos que fala. Vostede é un fenómeno. Nada máis polo de agora. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

Antes de iniciar a segunda quenda de intervencións o presidente cédelle a palabra ao señor secretario para que dea resposta ás cuestións formulados polo voceiro do Grupo Socialista.

O secretario: bien, buenos días, creo que eran dos cuestiones. La primera era si resultaría legal o no anular la liquidación de ese recibo. Vamos a ver, en principio aquí hay una tasa en la que hay un hecho imponible, que es la realización de la actuación de extinción del incendio; hay un supuesto de no sujeción, no es propiamente una exención, que está regulado en la Ordenanza que es en el artículo 2.3, los supuestos de actuación en catástrofes o calamidades de carácter general, y en principio, como ha explicado el diputado delegado de Cooperación, la Diputación - que actúa por delegación del Consorcio como órgano de gestión tributaria- formuló una liquidación a partir de un informe del gerente en el cual se hacía constar que se había producido una actuación que correspondía a ese hecho imponible. La cuestión es puramente fáctica. Es decir, la cuestión sería determinar si ese incendio formó parte de una catástrofe o calamidad pública general, o si ese incendio es un incendio aislado y tiene que tener el mismo tratamiento que los demás. En principio, lo que hay en el expediente es un informe de gerencia, apoyado por unas declaraciones del propio servicio de bomberos, que parte de considerar eso como un incendio fuera del contexto del incendio forestal general y que, además, acabo de oír que incluso la propia ubicación, que se produce dentro de un galpón y que estaba de alguna manera aislado del entorno y que, yo parezco deducir, no es verosímil creer que ese incendio se produjera por contagio o por propagación de otro incendio. Ahora, es una cuestión fáctica. Lo que se ha mandado es una notificación de una liquidación que yo creo que, por las fechas en la que se envió, todavía ni siquiera será firme en vía administrativa, que es perfectamente recurrible por parte del interesado. Lo que quiero decir es que esta cuestión fáctica donde hay que discutirla es el marco de un procedimiento administrativo, a través de un método que es el propio procedimiento administrativo. No puedo decirle mucho más porque, es que además, es un expediente en el que yo no he intervenido. El expediente corresponde al Servicio de Gestión Tributaria Recaudación, concretamente al Área de Tesorería. Yo sí intervine en su momento

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

porque era secretario del Consorcio en la tramitación de esta Ordenanza Fiscal, fue casi lo último que hice antes de irme del Consorcio; pero lo que es en el expediente concreto no tuve intervención. No sé si había una segunda cuestión, se habló...¿responsabilidad? Vamos a ver, evidentemente, insisto, si todo es como en principio hay que presumir que es, que es como ha dicho el Gerente del Consorcio, que es lo que tenemos en el expediente, presumiendo que eso es correcto (digo presumiendo, *iuris tantum*, es decir todo admite prueba en contrario) evidentemente estaríamos ante una ilegalidad, no sé si decirle una prevaricación, la prevaricación es un tipo penal que se reserva para ilegalidades particularmente graves. Pero desde luego que ante una ilegalidad, desde luego que sí. Estaríamos ante un acto ilegal, ante un trato discriminatorio que no estaría justificado. Eso es evidente.

A continuación iniciase a segunda quenda de intervencións.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de democracia Ourensana: si, gracias. Vamos a ver, habla de pudor hacia nosotros la persona el Partido Popular, ¡hay que tener valor! ¿Me puedes decir, por favor, quien es el encargado del parque del Consorcio? ¿Me puedes decir qué lazos tiene el encargado del parque del Consorcio? ¿Sabes quién es? ¿Qué lazos tiene? ¿Me podrías confirmar en tu siguiente intervención si es o no el hijo de la empresa concesionaria? O sea, está todo relacionado, lo que hacéis en el PP enchufando a la gente y nos vienes a hablar a nosotros de que tenemos poco pudor, ¿se puede tener más cara? ¿Me puedes confirmar si esto que digo yo es cierto? Y perdona, escucha, ya que nos dices que tenemos poco pudor, deberías un poco atender cuando estamos en la conversación, debatiendo, ¿o no? Nos criticas en las redes sociales y está con el whatsapp ahí. ¡Pues vaya persona! Entonces, confírmame eso. Nos hablas que tenemos poco pudor nosotros, dime si el encargado del parque del Consorcio es o no hijo de la empresa concesionaria, ¡qué casualmente, son los más listos! Siguiendo tema: me dices que nosotros no tenemos ni idea, que no sabemos cómo funciona esto. ¡Oye, perdona! *Pablo, ti moita idea tampouco tes, perdona, ti moita idea tampouco tes, cando tes que ler todo, que tiveches que ler todo, non levantaches a vista dos papeles, nin o sabes de memoria. Entonces, moito tampouco sabes tú. Unha persoa que ten que chegar aquí e ler todo o*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

que le, moito tampouco debes saber. Mira, la historia es la siguiente, vosotros aquí, explícame también, que en tu intervención tampoco lo hiciste, aquí se está pidiendo, por ejemplo, en una instancia que se hace, que se le pide en un Ayuntamiento y que resulta que vosotros, el Partido Popular, también hacéis esta misma reclamación, pedís que, por favor, se implique en el cofinanciamiento de las actuaciones de los daños reparados por los incendios que se cofinancie. Entonces, el Partido Popular pide esto en un ayuntamiento de Coruña y ahora vosotros aquí lo negáis, me podéis explicar esto, ¿por qué lo hacéis en Coruña y aquí no? Siguiendo tema. Tú cuando ves a una persona, a un tipo que le pega un tiro en la cabeza ¿tú esperas a que venga el forense para saber de qué morreu o tipo? Vamos a ver, o que che estamos diciendo es que esa es una forma de vosotros escabulliros debido a que quedasteis fatal. Primero cometéis el error de mandárselo a quien no es, luego mandáis el otro y quedáis tan mal que tenéis el valor de decir de que esto de aquí no tenía que ver con la línea de incendios que hubo los días anteriores. Pero a mí lo que realmente me llama la atención es que lo normal, y dime por qué no se hace eso, es que se le cobre a la empresa de seguro. O seguro que se encargue, non lle tes que cobrar á xente. No momento en que esa persoa non teña seguro, pues, si hay una duda razonable, aquí es donde se debe utilizar el dinero público, cuando hay una duda razonable. Nosotros creemos que, si en los últimos seis años hemos sufrido, precisamente en ese pueblo, en esa zona, en ese ayuntamiento, la mayor ola de incendios de casi la última década, pues hombre, en una duda razonable es para dónde puede estar el dinero público. Pero desde luego, el dinero público no está para financiarle a un tipo ver la paranoia de los suevos. Te voy a poner aquí para que veas, o lo pongo en la siguiente intervención, para que veas la diferencia de gastar el dinero público; es decir, nosotros no le vamos a llorar el dinero a que se gasten 800 € de dinero público en pagarle a una persona, en la que está la duda de si realmente fue de la ola de incendios o si fue provocado por él. Es decir, nosotros ahí a 800 € no le vamos a llorar el dinero; nosotros lo que le lloramos el dinero es a 500.000 € para que este de aquí aparezca y lo voy a poner aquí en psicofonía (tranquilo que no va a llevar mucho tiempo) para que os quiero dar un dato sobre este tema, realmente por eso quise poner en contexto de cómo se despilfarra

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

el dinero en esta Diputación en relación después a donde sí aquí hay que pagar. Es decir, el dinero público no está para pagar 3.000 € de actuaciones de teatro cada día en el Teatro Principal. El dinero público está para cuando tenemos en Galicia la mayor oleada de incendios de los últimos diez años, pues en Orense, cuando le toca a un vecino, si hay una duda razonable, si hay diversidad de opiniones – te digo que nosotros hemos consultado - pues entonces el dinero público no importa tirar 800 €. Lo que nosotros vemos mal es que cada día, ahora mismo, 3.000 € al Teatro Principal para que una persona vaya a ver teatro. ¡Hombre! A cualquier sociedad que le digas, nosotros el dinero público lo utilizamos para ver el teatro, para ver actuaciones musicales o para exposiciones de los suevos a las que no va nadie; sin embargo, si alguien tiene un incendio, a ese tío lo masacramos, dirán: ustedes tienen la jerarquía de valores al revés. Es realmente de lo que va esta moción. Te voy a poner ahora aquí un dato para que veas que ponía en contexto este tema. Esto de la Televisión de Galicia, al loro: *en Ourense acaba de abrir ao público unha exposición monográfica sobre os suevos que fundaron na Gallaecia, no S.IV, o primeiro reino medieval de occidente. A mostra reúne obras procedentes de dez países. Xoias de princesas suevas, reliquias, documentos e, así, ata 262 pezas.* Vale, pues esta noticia sigue ahí y la siguiente noticia es esta, al cabo de cuarenta segundos, eh, esa es de la TVG: *poderá visitarse en tres espazos da cidade ata marzo e para afondar na historia dos suevos hai un catálogo elaborado por 60 especialistas.* Ahora viene la siguiente noticia: *En Ourense o Nadal ten nome propio, o do escultor Arturo Baltar. O Belén, que empezou a construír hai xa medio século, conta na actualidade con máis dun milleiro de pezas; figuras en barro cocido que recrean as tradicións...* Después de la noticia de los suevos, que dura 1 minuto, hablan del Belén de Baltar, fíjate que premonitorio, hablan del Belén de Baltar; además, creo que lo pusieron un día antes de que falleciera el escultor, ¡qué curioso!. Bueno, pues la noticia del Belén de Baltar duró 2 minutos y la de los suevos, 50 segundos. O sea, un gasto de medio millón de euros, un gasto de medio millón de euros que va a tener, y en la TVG (que ya tiene poca audiencia) le dedican 50 segundos y al Belén de Baltar, que vamos a tener todos los años, le dedicaron 2 minutos de lo que es de difusión y a la de los suevos, que para el año xa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

non está aquí, medio millón de euros para 50 segundos. Así se tira el dinero. Bueno, pues cualquier persona pone el grito en el cielo porque este megalómano gasta medio millón de euros en lo de los suevos. Ahora, que nosotros le cobremos 835€ por el tema de apagar un incendio, es lo que realmente es una aberración en una sociedad, en una sociedad, que si quieres ir a un concierto de acordeón, cuando en Nueva York lo tienes que pagar, aquí es gratis. Mira, la gente no quiere ir gratis a conciertos de acordeón, la gente quiere que, cuando tiene una catástrofe, lo público le rescate. Para eso está el dinero público, y si no lo ves y tú realmente se lo quieres dar a los suevos, o prefieres gastar el dinero en el Teatro Principal, es que realmente tienes un problema de cómo estableces las prioridades y por eso en Cataluña os pasó lo que os pasó. ¿Qué más puedo decir aquí?, nada esperaremos a ver si nos contestas, por favor, a nosotros que nos dices que tenemos poco pudor, Democracia Orensana por presentar esta moción, explícame por favor el vínculo de familiaridad de esa persona que está en este parque, privatizado, y que además es hijo de la empresa concesionaria. Explícamelo.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moitas grazas señor presidente. Dúas cousas, a primeira, que dende o meu punto de vista ten certa gravidade, refírese precisamente ao que nos acaba de dicir o señor Pablo Pérez ao respecto destes informes. En primeiro lugar, acalarlle que eu estaba moi atento á súa explicación cando estaba facendo referencia a ese informe e que leo os seus informes, os que me da, con especial atención; co cal, agradecerelle que mos faga chegar tamén neste caso en concreto. Pero en todo caso, si que me parece grave, ai que me parece grave, porque deducín da súa intervención que estes informes xa estaban antes da comisión informativa. Un dime que do día 5 de decembro, o outro non me quedei coa data; pero en todo caso vostede tiña algún tipo de información na comisión informativa e confírmase na cita textual que acaba de facer vostede mesmo cando lle dicía ao señor Armando que se estaba *columpiando*. Entón, paréceme grave que se oculte algunha información ou que se reserve, neste caso, sendo *generosos*, para este debate como unha carta na manga cando era unha información relevante naquel momento para poder facernos unha idea do que estabamos a tratar e poder facernos unha composición de lugar clara ao respecto de cal era a situación real e traer aquí un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

debate máis clarificado. Co cal, insisto en que me parece un tema relativamente, ou bastante, grave que se oculte ese tipo de información. Despois, con respecto ao punto en concreto, volvo a recordar e como reflexión *general*, que nós pensamos que se debe revisar esta Ordenanza na que se recadan 40 mil euros anuais, dun total de 3,6 millóns de euros que ten de orzamento do consorcio, cando estamos a referirnos, como xa se insistiu varias veces, a situacións que son de desastres persoais, que afectan a bens de cidadáns e cidadás de Ourense. Desde o noso punto de vista, non se pode – xa o dixen na miña primeira intervención - nin debe penalizar dobremente ás persoas, que ademais da desgraza de perder o seu patrimonio, ou parte del, teñan que facer fronte ao pago dunhas cantidades económicas que en moitos casos non poden asumir, ao non ter diñeiro para facelo, e moito menos ter subscrito un seguro. Coidamos que na situación actual, nun país onde só queda xente maior no rural que cobra unha pensión cativa, que as pensións da nosa provincia - como digo- son das máis baixas do Estado, sería oportuno, en todo caso, ampliar as causas de exención. Nós volvemos a propoñer que se revise a ordenanza. Nada máis. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Partido Socialista: moitas grazas de novo. Nós, a tenor dos informes e a tenor da resposta do secretario, dende logo non podemos votar a favor do punto número un da moción porque estaríamos incorrendo nunha ilegalidade e, non só iso, estaríamos discriminado a outras persoas ás que tamén lles arderon as súas casas ou os seus bens e tiveron que pagar unha taxa, maior ou máis pequena ca esta. Descoñezo as circunstancias persoais tanto desta persoa de Carballeda de Avia, como das outras que as ten aplicado. Na Ordenanza tamén hai unha exención para aquelas persoas que carecen de recursos, se non lembro mal. E digo que non podemos votar a favor deste punto, si estaríamos de acordo en que ao mellor é necesario, á vista do aquí exposto e á vista do sucedido, de darlle unha volta á Ordenanza para intentar aquilatar estas situacións. Pero, xa digo, e dille isto quen foi doce anos alcalde e, dalgunha maneira, ten que apelar ao sentido da responsabilidade e non me gusta, quizais por iso, por ter responsabilidades de goberno durante doce anos e a parte porque llo ensinaron a un na casa, non me gusta e non vou caer niso en facer demagogia ou aproveitamento político de desgrazas que lle poidan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

suceder a calquera, que ninguén está libre diso. Iso si, téñolle que dar os parabéns a Democracia Orensana polo coñecemento e pola implantación que ten nun concello como Carballeda de Avia; se non fose porque temos alí un alcalde, cunha alcaldía ben implantada, eu temería porque poidan ter alí algún concelleiro ou algunha concelleira, a tenor da información que demostran ter desta moción. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Por orden, señor Rodríguez Suárez, os informes emitíronse ese día, a min non me chegaron ese día. De todas maneiras dicirle que o señor de barbas que presidiu a Comisión de cooperación non era eu. Entón, non estiven, nese momento non me acordo se os tiña ou non os tiña, eu non estiven, era o señor Fernández Fernández. Señor de Democracia Orensana, vólveme vostede co de Ames. Grazas, a máis pola súa insistencia, nótase que os de Ames do Partido Popular están na oposición, ao igual que vostedes, e por ese camiño nunca goberarán (ah, ah, non abra moito a boca). Vamos a ver, outra cuestión, o proceso de selección de persoal. Foi un proceso de selección público e estivo fiscalizado, ata incluso, polos xulgados e saíu todo perfecto. Punto. Teño aquí anotado tamén...vexo que lle interesa moito o tema cando fala de todo e lle dedica a isto un minutíño. Remítome á intervención anterior, todo o que dixen, teño razón en todos os cualificativos que lle puxen. Vamos a ver, señor Fraga Civeira, no que se refería a reformular a Ordenanza reguladora fiscal, pois pode propoñelo vostede no Pleno do Consorcio e poderase falar. Eu creo que é unha Ordenanza bastante completa e despois lle explicarei algunha das novidades que fixemos na Ordenanza cando se redactou, pensando no beneficio de todos os veciños. Pero *bueno*, xa se sabe aquí que todo non está ben feito, ben fixado. Evidentemente esta taxa que se emitiu correctamente é dun incendio ordinario, ten opción de recurso. É absolutamente lamentable a falta de rigor coa que falan. ¿Onde están esas taxas que din vostedes que se pasaron? Vostedes falan na moción de taxas, ¿si ou non? No, no, taxas, dúas, ¿non?, tres, catro..Vostedes dixeron...Non, polo lume, ningunha. É error, unha taxa. Imaxínese vostede que, por un caso, que pode pasar, que se mandara unha taxa a unha casa afectada por un incendio, unha taxa, ¿tan complicado é antes de facer este espectáculo denigrante e facer o que fixeron vostedes (menos mal que a xente xa os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

coñece e xa saben do que son capaces, si señor, si señor), tan difícil era dicir *oye, creo que vos equivocastes?* Punto. Porque ademais é un procedemento regulado total e absolutamente onde non hai intervención política algunha e a maioría da xente que está aí ten responsabilidade política e sábeo. Mire, por datos non vai a ser para desmontarlle toda esta patraña de mentiras. Logo da vaga de lumes dos días (e vou ler, porque o que le, ten menos opcións a equivocarse e vostede nunca le), logo da vaga de lumes do 15, 16 e 17 de outubro con situación dous na provincia, as actuacións polas que se cobraron taxas nos catro Parques comarcais foron: unha excarceración e un incendio nunha nave na Limia; dúas aperturas de vivendas con intervención do Parque comarcal de Verín; cero actuacións no Parque de Valdeorras e un incendio en Saa coa intervención do Parque Carballiño-Ribeiro e que deu lugar á confusión da que deu conta. Estou seguro que a ninguén lle queda ningunha dúbida de que estamos ante unha gravísima e rexeitable manipulación da verdade; sobre todo porque se está a xogar co drama de todas aquelas persoas que perderon os seus bens e mesmo a vida naqueles incendios. Señores de Democracia Orensana, non imos retirar ningunha taxa pola vaga de lumes porque non se emitiu ningunha taxa. E non imos reformar unha Ordenanza que xa contempla casos como os acontecidos; a non ser que, unha vez proposta a reforma no Consorcio contra incendios se chega á conclusión da necesidade. O que non alcanzo a entender é que, estando ben claro como falou o señor secretario o artigo 2 apartado 3b, vostedes cheguen ata este extremo. Para o público en xeral, quero subliñar, como xa se falou, que este artigo di que *non estarán suxeitas á taxas os servizos que se presten en servizo da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados nos casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada* (lea a Ordenanza). A aplicación das taxas é un procedemento (téñoa eu aquí, se a quere) é un procedemento regulado, tal e como sinala o artigo 8 da Ordenanza fiscal onde non cabe lugar a intervención política nunca. O día que cheguen a gobernar van a actuar cunha discrecionalidade total, non se vai a dar o caso porque xa vexo que vostedes van ao beneficio dos seus. As taxas do Consorcio provincial de incendios e salvamento de Ourense son similares ás de todos os consorcios existentes en Galicia; sexa cal sexa o tipo de xestión do servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017

Reformouse incluso o cobro por taxa e quilometraxe para non penalizar a aqueles veciños que teñen o servizo máis lonxe e nisto si que fomos os primeiros en aplicalo en Galicia. ¿Explícolle que é iso de penalizar por quilómetros? Si, *bueno*, léao vostede que ten tempo. Como demagogos que son, quero subliñar que hai aproximadamente un ano o Pleno do Consorcio debateu esta Ordenanza fiscal, pero vostedes non dixeron nada e non achegaron nada. E agora fágolle unha pregunta (xa está respondida, pero *bueno*, vouno reiterar) ¿que pasaría se, cos informes por riba da mesa e sabendo que foi unha actuación ordinaria, non se pasa a taxa correspondente? A resposta é clara, creo que foi clara por parte do señor secretario, que se incorrería en delito ou irregularidade; incluso chegou a falar de prevaricación. Así o acaba de manifestar o señor secretario da Deputación, incluso o manifestou o propio secretario do Consorcio. Todo, absolutamente todo o que vostedes levan soltando estes días polas redes é mentira. Deplorable. Quedaron vostede máis que en evidencia, señor de Democracia Orensana, non te poñas nervioso. Quedastes retratados, manipulastes, mentistes e improvisastes. É unha evidencia que a vostedes non lles move o interese polos veciños, non lles move o interese pola xente, non lle move o interese pola provincia, non lles move o interese polos afectados por esta desgraza. Só lles move o interese electoralista, populista e mentireiro co único fin que desacreditar a este grupo de goberno e a esta institución. E agora, o que aquí lles esixo, mire ben, non pido, esíxolles, é que se desculpen diante dos profesionais que foron actuar o día 21, xa que no Pleno do Consorcio manifestaron o seu malestar coa súa actitude. Vou a ler o escrito que así pasaron e que deron lectura no Pleno do Consorcio: *facer mención ao malestar claro do persoal xeral que está a prestar o servizo de emerxencias do Consorcio, en concreto no Parque do Carballiño-Ribeiro, e na propia xerencia (recórdolle que eu non son o xerente) polas calumniosas declaracións recollidas en varios medios de comunicación relativas a unha taxa de tipoloxía incendio en vivenda-galpón no concello de Carballeda de Avia, concretamente no lugar de Saa, de data de intervención o 21 de outubro de 2017; na que se afirma que este operativo (a cousa non é para rir) produciuse nos días 15, 16 e 17 de outubro e, para máis abundamento, dar coñecemento aos membros do Pleno (do Consorcio) de que este*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2017
--

*Consortio acordou non tramitar ningún tipo de gasto ou taxa segundo consta así na Ordenanza. Trasladar os membros do Pleno do Consortio, segundo se fixo saber, o malestar dos bombeiros dos Parques que entenden (ao cal o gerente se suma) o seu sentir que se debería tomar algún tipo de acción para que os declarantes, cando menos, rectificasen esas falsas declaracións. Ademais, recórdolle o falado con algún compañeiro desta Corporación que, visto o aquí explicado, vostedes deben recoñecer o erro publicamente e responder dos seus actos, acertados ou errados, ¿sóalle o que lle digo? Recoñeza o seu erro e apeitugue e non o digo eu, son palabras súas. Mire, vou rematando, isto é unha taxa dun incendio ordinario que sucedeu o día 21 de outubro, así certificado polos bombeiros e polo xerente do Consortio; nada ten que ver coa vaga de lumes. Como actuación ordinaria que é, debe emitirse taxa, regulada na Ordenanza fiscal do Consortio de incendios e, de non facelo, tal e como se manifestou aquí, incorreríase en ilegalidade ou delito. A cuestión é simple, saber a orixe do incendio do día 21. Os bombeiros din que non ten orixe na vaga de lumes e vostedes, os *todólogos*, din que non. ¿A quen se lle fai caso? ¿a vostedes ou aos *bomberos*? A resposta é obvia. Por certo, a súa xestión deste tema e dalgún alcalde é igual que a xestión dos grupos de whatsapp, ridícula. Moitas grazas.*

